



## ANUARIO

### Terapia Familiar Sistémica

*Andrés Cabero Álvarez  
Perdo A. Marina González*

### Constructivismos e psicoterapia

*Javier Manjón González*

### Aplicación do modelo parte sa / parte enferma á intervención psicosocial con adolescentes

*Roberto Antón Santiago*

### Investigación de resultados en contextos clínicos: descripción de metodoloxía no Hospital de Cee


*Jorge Bajo Lema  
José Luis Rodríguez-Arias Palomo*

### A Síndrome de Alienación Parental: o sen-sentido dunha polémica

*Manuel Lopo Lago*

### Sobre a pretendida SAP e certas consecuencias

*Gonzalo Martínez Sande*



PSICOLOGÍA CLÍNICA  
**ANUARIO**

## PSICOLOXÍA CLÍNICA Nº 5 ANUARIO

### **Consello Editorial**

Xavier Sardiña Agra, *Presidente*  
Delia Guitián Rodríguez, *Vicepresidenta*  
Rosa Cerqueiro Landín, *Secretaria*  
Manuel Castro Bouzas, *Tesoureiro*  
*Vogais*  
Carlos Álvarez García  
Ignacio Dopico González  
Mercedes Fernández Cabana  
José Javier González Hermida  
Áurea Losada Quinteiros

### **Consello de Redacción**

Gonzalo Martínez Sande, *Director*  
Rosa Cerqueiro Landín  
Marisol Filgueira Bouza  
Delia Guitián Rodríguez  
Manuel Santiago Lopo Lago  
José Antonio Muñiz Torrado  
Rosa Rey Pousada  
José Luís Rodríguez-Arias Palomo  
Eduardo Varela Puga  
Roberto Varela Conde

### **Edita**

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia  
Espíñeira, 10 baixo - 15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534049 Fax: 981 534983  
www.copgalicia.es copgalicia@cop.es

### **Redacción e administración**

Eva Blanco Ferreira  
Mónica Figueira Rial  
Raquel Martínez Mosquera  
M<sup>a</sup> Teresa Santamónica Fernández

### **Tradución e supervisión lingüística**

María Gómez Díaz

ISSN: 1889-1187

Depósito Legal: C-2.634-2005

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións vertidas nos artigos publicados. As opinións expresadas no Editorial son responsabilidade do Consello Editorial.

PSICOLOGÍA CLÍNICA



**ANUARIO**



## ANUARIO NÚMERO 5

	7
Presentación	
	9
Terapia Familiar Sistémica <i>Andrés Cabero Álvarez</i> <i>Perdo A. Marina González</i>	
	23
Constructivismos e psicoterapia <i>Javier Manjón González</i>	
	129
Aplicación do modelo parte sa / parte enferma á intervención psicosocial con adolescentes <i>Roberto Antón Santiago</i>	
	141
Investigación de resultados en contextos clínicos: descripción de metodoloxía no Hospital de Cee <i>Jorge Bajo Lema</i> <i>José Luis Rodríguez-Arias Palomo</i>	
	155
A Síndrome de Alienación Parental: o sen-sentido dunha polémica <i>Manuel Lopo Lago</i>	
	163
Sobre a pretendida SAP e certas consecuencias <i>Gonzalo Martínez Sande</i>	
	169
Versión castelán	



## PRESENTACIÓN



Outro anuario. Outro ano máis vellos.

Estrano efecto de “déja vu” hai unas semanas co anuncio enésimo de mobilizacións (e manifestación en Oviedo), esta vez en relación parece ser que a un máster de psicoloxía da saúde. Vendo na páxina do CGCOP as fotos da reunión dos anunciantes / convocantes...penso en Tom Waits e no paso do tempo.

Son os mesmos, co mesmo estilo e idéntica retórica, daquela da psicoloxía sanitaria de hai xa... tantos anos.

O mesmo ca nós máis vellos. O mesmo que todos parece que non moito máis sabios.

Pero pasemos ó importante, a comentar o contido de este número, que esperemos vos interese. Andrés Caber Alvarez, psicólogo clínico, e Pedro A. Marina González, psiquiatra, ámbolos dous do CSM de Teatinos (Oviedo) do Servizo de Saúde do Principado de Asturias, preséntannos un traballo excelente de introdución básica á terapia familiar. Visión de conxunto que tamén pode ser útil como recordatorio ou material de consulta.

Javier Manjón, psicólogo clínico asturiano, que estivo connosco na Interconsulta en A Coruña, cando estaba facendo o PIR, ofrécenos un monumental traballo sobre os construcionismos e os construtivismos na psicoterapia. No seu artigo fai una minuciosa revisión de moitos dos autores que son referencia actual das prácticas presentes en moitos ámbitos clínicos da psicoloxía no aquí e agora, propoñéndonos un amplo abano de elementos de crítica e reflexión, no conceptual, no metodolóxico e nas implicacións clínicas. É o traballo central de este número e espero que proporcione consistente

material para a reflexión e a revisión de prácticas e conceptualizacións. Da que pensar. O que, ó meu xuízo, é de agradecer nestes tempos de pensamento débil e construción “consensuada” de coñecemento no que se refire á clínica.

Roberto Antón Santiago móstranos no seu artigo os resultados obtidos polo Equipo Técnico de Fundación Meniños no desenvolvemento do Programa de Atención Familiar do Concello de Pontevedra ó longo dos últimos cinco anos. Establecendo a eficacia do enfoque parte sa / parte enferma na súa aplicación no contexto dos Servizos Sociais de atención primaria., para a intervención nos problemas de conduta en mozos.

Jorge Bajo Lema e José Luis Rodríguez-Arias analizan no seu artigo as alternativas metodolóxicas na investigación de resultados en psicoterapia, describindo o programa de investigación de resultados nun hospital comarcal.

Sobre a controvertida e mal empregada figura do síndrome de alienación parental escribe Manolo Lopo un excelente artigo.

Neste mesmo ámbito Gonzalo Martínez Sande fai una recensión do libro de Sonia Vaccaro e Consuelo Barea, “El pretendido síndrome de alienación parental. Un instrumento que perpetúa el maltrato y la violencia”.

Esperamos que vos resulten de interese.

De cara ó próximo anuario, contámosvos a proposta de estrutura, e solicitamos a colaboración do conxunto de membros da sección para que nos remitades ideas, artigos e suxestións.

Pretendemos que haxa un corpo ou dossier central con varios artigos sobre un tema ou tópico determinado.

Unha sección sobre casos clínicos que non debería faltar nunca nun anuario dunha sección de clínica. Eses papeis que escribistes e tedes por aí, nalgún caixón, facédenos chegar.

Outra sección estará centrada en temas profesionais.

Un último apartado estará adicado a libros, películas, música... que podan ter interese en relación ós temas que tratemos.

Insisto, necesitamos a colaboración de todos para manter esta idea de anuario e conseguir levala a cabo.

## TERAPIA FAMILIAR SISTÉMICA



**Andrés Cabero Álvarez**

Psicólogo clínico  
CSM Teatinos. Oviedo  
Servicio de Salud del Principado de Asturias

**Pedro A. Marina González**

Psiquiatra  
CSM Teatinos. Oviedo  
Servicio de Salud del Principado de Asturias


<b>CONCEPTOS ESENCIAIS</b>	
<i>Teoría xeral de sistemas</i>	<i>Teoría da realidade que a concibe como o produto dunha variedade de sistemas que operan de maneira simultánea</i>
<i>A familia como sistema</i>	<i>A familia é un sistema socio-cultural aberto cara o exterior e o interior (individuo), que está autorregulado e evoluciona no tempo en función dun fin: garantir a supervivencia dos membros e servir ás súas necesidades.</i> <i>Dinámica familiar: as familias oscilan no tempo entre estados de equilibrio e períodos de crise nos que as regras homeostáticas son quebradas. Sobre a presión da crise muda as regras. Cando estas son disfuncionais poden aparecer problemas.</i>
<i>Terapia familiar sistémica</i>	<i>Estuda o individuo no seu contexto relacional máis significativo, que acostuma ser a parella ou a familia de orixe. Outros contextos: clase social, etnia, xénero.</i> <i>Hipotetización: fórmulanse hipóteses acerca de como os problemas ou síntomas nun individuo (PI) teñen un significado, cumpren unha función no(s) sistema(s) de referencia.</i> <i>Circularidade - retroalimentación: non existe causa-efecto, as condutas enténdendense como ciclos autorreforzadores, que amplifican os problemas ou as solucións. As secuencias, pautas ou patróns relacionais son o obxecto de análise e da intervención.</i>

### 1.º- Non asustarse non é tan difícil como parece e é bastante práctico.

Os diferentes modelos de terapia familiar (estrutural, estratéxica, multixeneracional, experiencial, sistémico-cibernética, sistémico-construtivista, equipo reflexivo, comportamental, enfoque narrativo, orientado á solución e outras) ofrecen uns programas de tratamento para un variado espectro de problemas de saúde mental: na infancia e adolescencia, psicossomática, transtornos de alimentación, adiccións, fobias, obsesións compulsións, pánico, depresións, psicoses etc. O presente traballo é un intento, dentro das limitacións do formato, de orientar ao residente de psiquiatría no seu achegamento a este paradigma, rico en reflexións e en apostas prácticas para a clínica.


### 2.º- Comezar polo xenograma

O xenograma é o deseño dunha árbore ramificada que permite coñecer dunha forma gráfica a constelación familiar multixeneracional. Proporciona unha visión global do contexto relacional familiar da persoa que acode a unha consulta con problemas de saúde mental. O primeiro paso é o deseño gráfico da estrutura familiar: avós, pais, fillos, matrimonios, divorcios etc., habitualmente de tres xeracións. A seguinte figura é un exemplo, onde a paciente á a sinalada con duplo círculo:




No momento seguinte compílase información sobre a familia: idades, datas de nacemento e morte, niveis educativos, información demográfica, ocupacións, estado de saúde, acontecementos familiares críticos (falecementos, nacementos, despidos etc.). Realízase unha cronoloxía dos eventos máis significativos da persoa protagonista e da familia, así como unha cronoloxía especial do período crítico (agudizacións dunha doenza, reaccións etc.). É importante delimitar os que viven baixo o mesmo teito e desde cando, así como as datas en que cada fillo

saíu da casa dos pais. A seguinte figura é un esbozo simple, o trazado sinala os que viven baixo o mesmo teito:



O último paso analiza os tipos de relacións interpersoais na familia, como se simboliza nas figuras seguintes:



### 3.º- Analiza as estruturas e procesos familiares. 📖📖

- ❖ Xerarquía. Poder e autoridade na familia. En xeral os pais teñen máis autoridade que os fillos.
- ❖ Límites. Os límites definen de forma funcional os subgrupos: subsistema fraternal, marital, avós etc. Son ríxidos, flexíbeis?
- ❖ Asignación de roles. Que funcións asumen os diversos membros da familia (o coidador, a persoa que se encarga da disciplina etc.). Ten a familia un chibo expiatorio?
- ❖ Parentalización. Nenos/as en funcións parentais.
- ❖ Alianzas. Relacións positivas entre dous membros dunha familia.
- ❖ Coalición e coalición interxeracional. Dúas persoas actúan en conivencia contra unha terceira (avo e neta enfréntanse á nai desta última).
- ❖ Aglutinación. Os límites entre os subsistemas son difusos, os seus membros son pouco autónomos e teñen unha alta reactividade emocional.
- ❖ Desligamento. Os membros destas familias están distantes emocionalmente.

- ❖ Triangulación. Dúas persoas en conflito acoden a unha terceira para diluílo.
- ❖ Patróns familiares redundantes. Secuencias ordenadas de interaccións que reflicten a dinámica familiar:


**Patróns comunicacionais:** 

- ❖ Patrón ou secuencia relacional. Concatenación de condutas dentro do cal aparece o síntoma. Por exemplo: chega tarde á casa un fillo adolescente; o pai enfréntase ao fillo por chegar tarde; a nai media entre ambos; o pai acusa a nai de branda e a nai ao pai de agresivo; o fillo, perante a falta de acordo entre os pais, continúa a chegar tarde. Outro exemplo: o terapeuta dá unha tarefa ou prescrición ao paciente ou á familia; esta non o cumpre; recibe a reprimenda do profesional que insiste na tarefa ou prescrición e a familia ou o paciente volve incumprir o prescrito, e así sucesivamente.

As secuencias seguen o seguinte esquema:



O mesmo esquema secuencial preséntase na estratexia de entrevista:



As secuencias relacionais podemos clasificalas da seguinte maneira: 

- ❖ Se son de colaboración denomínanse complementarias (Profesional: cónteme que lle pasa; Paciente: levo dous meses sen vontade de vivir).
- ❖ Se son de rivalidade ou competencia denomínanse simétricas (Profesional: Recomendolle unha temporada sen beber; Paciente: Mais se case non proba o alcol!).
- ❖ Escalada simétrica. Cada participante na secuencia enrócase na súa perspectiva ou puntuación da secuencia: “bebo porque me rexeitas”; “rexéitote porque bebes”. Son as típicas reprimendas ou discusións repetitivas.

- ❖ **Desconfirmación.** A nivel relacional, cando nos comunicamos, as persoas propomos unha definición da relación. Así esta pode ser:
  - Confirmada, “estou de acordo”
  - Rexeitada, “estás equivocado/a”
  - Desconfirmada (evítase a definición da relación): “ti non existes”
  - A confirmación/desconfirmación teñen un forte impacto na identidade e na saúde mental.

<b>NIVEIS DE DESCONFIRMACIÓN</b>	
Do eu: “Eu”	Non son eu quen realmente fala, é polas drogas Son o Rei
Do contido: “digo isto”	Non lembro telo dito O que digo é unha parvada
Ao interlocutor: “a vostede”	Na realidade estou a falar comigo mesmo. Vostede é un policía, non un psiquiatra.
Do contexto: “neste contexto”	Isto é unha prisión, non unha consulta.

**Preguntas circulares:** Unha forma interesante de explorar as secuencias relacionais é mediante preguntas circulares: 

<b>EXEMPLOS DE PREGUNTAS CIRCULARES</b>
Que cres que significa para a túa muller que chores?
Que cres que lle pasa á túa nai cando o teu pai chora?
Que fai o seu marido cando o seu fillo ten un problema de conduta?
Para quen representa un problema o que fai a súa filla? Quen é o máis preocupado? Quen o segue en preocupación?
Quen é o primeiro en darse conta de que Luís oe voces? Que fai ao darse conta? E despois que fai el ou outro membro da familia?
Que fas cando acontece (o síntoma)? Que pasa a continuación? Como reaccionan os que te rodean? Despois, que fas ti?

#### 4.<sup>a</sup>- Avaliar o momento do ciclo vital da familia.

Todas as familias atravesan un ciclo evolutivo e a cada fase correspóndenlle unhas tarefas propias e uns problemas ou retos típicos que han de resolver. Moitos problemas de saúde mental son máis habituais en certas etapas: por exemplo depresións durante o “niño vacío”, psicoses na adolescencia, psicossomática e problemas de conduta na fase de crianza etc.

CICLO VITAL FAMILIAR	
Etapas do ciclo vital	Tarefas
Parella	Establecer un compromiso, unha intimidade, negociar regras. Reorganizar as relacións coa familia extensa da parella.
Nacemento e crianza dos fillos	Crear un espazo para os fillos na familia, pasar ao trío. Ser pais ao tempo que parella. Negociar as novas relacións coas familias de orixe. Buscar o equilibrio entre o fogar e o mundo exterior. Crianza.
Adolescencia	Equilibrar o control / independencia, favorecer a individualización responsábel. O adolescente móvese dentro / fóra da familia.
Idade adulta e mediana idade	Síndrome do niño vacío / niño atestado. No subsistema parental rexorden temas aparcados. Morte dos avós.
Vellez e morte	Xubilación Afrontar a decadencia Dó por falecemento de cónxuxe, irmáns etc.

Preguntar pola historia da familia mediante unha pregunta aberta pode ser unha maneira idónea de entrar a coñecer o sistema familiar: como vos coñecestes?, cal é a historia da túa familia?, como xurdiu a idea de vir á consulta?

#### 5.<sup>o</sup>- Avaliar o estilo de colaboración e reforzar a alianza terapéutica.

ESTRATEGIAS PARA FAVORECER UNHA RELACION COLABORADORA	
▪ Eloxiar	Felicitacións, aprobacións. Eloxios: validar progresos, animar, lembrar o poder persoal que teñen sobre o seu benestar, resaltar as súas cualidades e habilidades, levantar a expectación de éxito, fomentar a confianza, facilitar a construción da relación e manter o rapport.
▪ Axuste á actitude do paciente	❖ Se é comprador (está especialmente motivado): “fai isto” (instrución directa). ❖ Se non é comprador (“está de visita”): presentación indirecta da tarefa, eloxios.

Afianzar a alianza (joining). “Joining” fai referencia a facer unha conexión mediante o establecemento dunha alianza terapéutica coa familia. Iso supón a creación dunha confianza, facer que os presentes se sintan cómodos e formar unha relación de traballo. 

### TÉCNICAS DE JOINING

- ❖ Mantén o contacto ocular cando sexa apropiado culturalmente.
- ❖ Iguala a túa respiración con aquel paciente dentro da familia co que esteas máis interesado en chegar.
- ❖ Ocasionalmente adopta a mesma posición física do membro da familia que necesite estar unido. Sentar ou xesticular como un membro da familia é unha resposta mimética que pode axudarche a conectar.
- ❖ Adopta unha postura corporal aberta que convide a contactar contigo.
- ❖ Recoñece a dor que os pacientes están a experimentar.
- ❖ Segue a “pista” do que eles estean a dicir para relacionalo con afirmacións previas.
- ❖ Utiliza a túa voz dunha forma que aumente a resposta do paciente cara a ti. Modula o teu volume e manteno igualado ao seu.
- ❖ Sé consciente da distancia física que é apropiada
- ❖ Se un neno ou adulto che ofrece un anaco de goma de mascar, un debuxo ou algún outro símbolo, acéptao.
- ❖ Xoga cos nenos da familia.
- ❖ Felicita aos pais polos nenos. Honra aos maiores da familia.
- ❖ Se tomas notas, non as utilices como unha barreira para a fluidez no diálogo.
- ❖ Dá a man a tantas persoas como poidas cando entren na habitación.
- ❖ Deixa que escollan a distribución dos asentos. Isto permite que xurda a súa forma usual de interaccionar e é respectuoso.
- ❖ Envía os nenos ou adolescentes fóra da habitación se os pais queren discutir algún tema que non lles afecta. Dedicar tamén un tempo a soas cos menores.
- ❖ Non te introduzas demasiado rápido no problema se a persoa non chegou a estar acostumada ao proceso terapéutico.
- ❖ Lembra os nomes dos membros da familia.
- ❖ Sé consciente de cando te estás a sentir incómodo.

## 6.º- Busca o intento de solución que mantén o problema.

Ás veces é o propio intento de solución o que está a manter o problema, ao se reiterar unha e outra vez a pesar da evidencia de que non funciona. Os autores do MRI apuntan unhas típicas solucións intentadas ineficaces (que se seguen a aplicar a pesar da súa probada ineficacia):

- Forzar o espontáneo. Obrigar (ou obrigarse) a desexar ou sentir algo: obrigarse a querer a alguén, a excitarse sexualmente, a durmir. A maioría dos comportamentos dirixidos desde o sistema nervioso autónomo entran nesta categoría.
- Dominar aquilo que se teme aprazándoo. Canto máis se evita ou apraza máis difícil é despois afrontalo. A maioría das fobias e medos inclúense neste intento de solución frustrado.
- Pactar con outro mediante oposición. Típica escalada simétrica; cada persoa quere convencer á outra de que ten razón. Tipicamente descualifícanse mutuamente, insúltanse e pode chegar a violencia. Pode acontecer en conflitos interxeneracionais, conflitos no traballo, malos tratos.
- Someter á outra persoa mediante “libre aceptación”: “quero que saia del... (volver á casa, que me comprenda...)”. Moitos problemas conxugais e de control de conduta dos fillos enmárcanse nesta sección, tamén múltiples problemas de control de problemas mentais graves como trastornos de personalidade ou psicoses.
- Confirmar durante a autodefensa. Este proceso interpersonal que mantén os problemas acontece cando unha ou máis persoas supoñen de antemán que o outro é culpábel, e este aporta novas probas da súa culpabilidade ao tratar de demostrar a súa inocencia. Dáse en problemas de celos, nos procesos de control e vixilancia, en suspicaces, paranoides, nas sospeitas típicas das adiccións e dos trastornos de alimentación, na hipocondría.

## 7.º- Tipoloxía de intervencións:

INTERVENCIÓNS CANDO AS SOLUCIÓNS INTENTADAS FRACASAN	
Solución intentada ineficaz	Xiro 180º
Forzar o espontáneo	Prescribir o síntoma. Redefinir o síntoma positivamente.
Dominar o temido aprazándoo	Enfrentarse e fracasar. Divulgar en vez de ocultar.
Pactar con outro mediante oposición	Manobras de submisión, de aceptación.
Someter a outra persoa mediante “libre aceptación”	Peticións directas e claras. Dar autonomía
Confirmar ao autodefenderse	Confirmar as sospeitas, interferir na comunicación.

INTERVENCIÓNS SOBRE A PAUTA / SECUENCIA	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cambiar a frecuencia / ritmo do síntoma ou a pauta que lo rodea.</li> <li>2. Cambiar a duración</li> <li>3. Cambiar o momento (día/semana/ano)</li> <li>4. Cambiar a localización</li> <li>5. Cambiar a intensidade</li> <li>6. Cambiar a orde</li> <li>7. Saltar do principio ao fin</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>8. Interromper ou impedila en parte ou toda</li> <li>9. Engadirlle ou subtraerlle algo</li> <li>10. Fragmentar un elemento en varios pequenos</li> <li>11. Facer que o síntoma aconteza sen a súa pauta</li> <li>12. Desdobrar a pauta sen o síntoma</li> <li>13. Inverter a pauta</li> <li>14. Vincular a pauta-síntoma con outra pauta indesezábel ou case inalcanzábel</li> </ol>

INTERVENCIÓNS PARADOXAIS	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interromper a secuencia sintomática</li> <li>▪ Presentar unha visión alternativa</li> </ul>
Indicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando os pacientes colaboran non facendo as tarefas, ou facendo cousas que non producen cambio</li> <li>▪ Cando o paciente entende que non pode facer nada por resolver os problemas</li> <li>▪ Cando o paciente colabora facendo o contrario do que se lle di</li> <li>▪ Para introducir confusión cando o síntoma se liga a posicións ríxidas</li> <li>▪ NON se debe empregar cando non se saiba o que facer</li> <li>▪ NON se debe empregar como un castigo por non facer as tarefas</li> </ul>
Esquema típico	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Connotación positiva da conduta do paciente ou familia durante a entrevista.</li> <li>2. Redefinición + connotación positiva da secuencia sintomática</li> <li>3. Prescrición da conduta sintomática</li> <li>4. Indicación dun período arbitrario durante o que vai rexer a prescrición da secuencia sintomática (por exemplo provocarse un ataque de pánico nun horario determinado)</li> </ol>
Exemplo (terapia estratéxico-constructivista Nardone para rituais obsesivos)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cada vez que sinta o impulso de levar a cabo a compulsión, non ofrecer resistencia senón realizar o ritual dez veces (“exactamente dez veces, nin unha máis nin unha menos”).</li> <li>▪ Explícase cunha suxestión hipnótica (linguaxe lenta, cadenciosa, repetitiva, redundante)</li> </ul>

TAREFAS METAFÓRICAS	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sortear “resistenciais” racionais</li> <li>▪ Revelar ao paciente o seu patrón (de interacción)</li> <li>▪ Que o cliente sexa quen descubra a solución</li> </ul>
Indicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cando os clientes racionalizan</li> <li>▪ Cando non funcionaron as tarefas directas ou paradoxais</li> </ul>
Esquema	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O terapeuta conta unha historia da que o paciente deduza algunha consecuencia para o seu problema, e encontre un método para controlalo.</li> <li>▪ Escoller un tema aparentemente neutro, dentro do cal se deslizan suxestións que teñen que ver co problema / síntoma.</li> </ul>
Exemplo (terapia estratéxico- construtivista Nardone para ataques de pánico)	<p>Ao finalizar a sesión, mentres se acompaña o paciente até a porta explícaselle esta historieta: “conta unha antiga historia que unha vez unha formiga lle preguntou a un cempés: “poderías explicarme como te apañas para camiñar tan ben con cen pés á vez? como consegues controlalos todos ao mesmo tempo?” O cempés comezou a pensar niso e xa non foi capaz de camiñar.</p>

OUTRAS INTERVENCIÓNS DE TERAPIA BREVE	
Pregunta milagre	<p>Imaxine que esta noite aconteceu un milagre e que mentres dorme, o problema que o trouxo á consulta resólvese: como o sabería? Que cambiaría? Que vería á mañá seguinte que fora diferente e que lle indicara que foi un milagre? Como o notaría a súa muller/marido etc.?</p>
Melloría pretratamento	<p>Que nota que anda mellor desde que pediu a cita? Como o conseguiu? Facelo con máis frecuencia.</p>
Traballo coas excepcións	<p>Vostede deume unha boa descrición do problema que lle preocupa, mais á fin de ter un cadro máis completo do que debo facer aquí, preciso saber o que ocorre cando non se presenta ese problema.</p> <p>Favorecer esas situacións.</p>

## 8.º- Psicoeducación

O formato psicoeducativo, descrito como unha intervención psicosocial dirixida ás familias cun membro esquizofrénico, (tamén ás familias cun membro con transtorno bipolar) recibiu unha ampla difusión nas últimas décadas. Na maior parte dos proxectos psicoeducativos poden considerarse os seguintes puntos centrais de cada modelo, para alén da información ás familias sobre a psicose, elemento común a todos eles:

ELEMENTOS CENTRAIS DOS MODELOS PSICOEDUCATIVOS	
Anderson	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ adherencia ao tratamento, actitude da familia perante a doenza</li> <li>▪ rehabilitación socioprofesional</li> <li>▪ reintegración na sociedade</li> </ul>
Kuipers	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ diminuír a sobreinvolucración, a hostilidade</li> <li>▪ reducir o criticismo da familia cara o seu membro esquizofrénico</li> <li>▪ mellorar a comunicación</li> <li>▪ apoio do grupo como motor de busca de solucións</li> <li>▪ ampliación da rede social</li> </ul>
Fallon	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ comunicación verbal e non verbal</li> <li>▪ adestramento en resolución de problemas</li> </ul>
Ballús	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ comezan por un obradoiro psicoeducativo</li> <li>▪ nas sesións sucesivas, segundo as necesidades da familia, son incluídas nun obradoiro de resolución de problemas, nun grupo familiar múltiple, ou nun grupo de orientación familiar</li> </ul>
Cabrero	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ programa integral de atención á esquizofrenia (PIAE)</li> <li>▪ organiza espazos terapéuticos para o paciente: grupo de comunicación, grupo de seguimento e obradoiro de habilidades sociais.</li> <li>▪ para a familia: obradoiros sobre esquizofrenia, un grupo familiar múltiple</li> </ul>

Nos diversos programas o número de sesións psicoeducativas é limitado (1-6), e reúnense con máis frecuencia (1/semana; 1/15 días); mentres que os grupos multifamiliares de apoio acostuman prolongar máis (1-4 anos) as sesións, cunha periodicidade de 1/mes, para mitigar o impacto da cronicidade.

### RECOMENDACIÓNS CHAVE

1. Pensa secuencialmente, practica a circularidade.
2. Valora a túa participación no mantemento do patrón.
3. Mantén un canal perceptivo sempre aberto á comunicación non verbal, tanto túa como do outro.
4. Resalta os puntos fortes e os logros.
5. Inclúe a familia na avaliación e na intervención.
6. Busca unha alianza global co sistema familiar, aínda que apoies ao membro máis débil.
7. Mantente alerta á forza do débil.
8. Crea contextos de colaboración cos implicados, xa sexan persoas ou institucións. Adáptate aos seus estilos de colaboración.
9. Repasa se o intento de solución está a ser o problema.
10. Analiza e cambia os patróns relacionais disfuncionais: escaladas simétricas, desconfirmacións etc.

## **Bibliografía**

### **Referencias bibliográficas básicas de obligada lectura.**

Kuipers, E.; Leff, J. e Lam, D.: *Esquizofrenia. Guía práctica de trabajo con las familias*. Barcelona: Paidós, 2004.

McGoldrick, M. e Gerson, R.: *Genogramas en la evaluación familiar*. Barcelona: Gedisa, 1987.

Minuchin, S.: *Familias y terapia familiar*. Barcelona: Gedisa, 2001.

Navarro, J.: *Técnicas y programas en terapia familiar*. Barcelona: Paidós, 1992.

Watzlawick, P.; Beavin, J. e Jackson, D.D.: *Teoría de la comunicación humana*. Barcelona: Herder, 1991.

### **Referencias bibliográficas de ampliación.**

Anderson, C.; Reiss, D. e Hogarty, G.: *Esquizofrenia y familia. Guía práctica de psicoeducación*. Buenos Aires: Amorrortu, 1986.

Cade, B. e Hudson, W.: *Guía breve de terapia breve*. Barcelona: Paidós, 1995.

Jones, E. e Asen, E.: *Terapia sistémica de pareja y depresión*. Bilbao: Desclée, 2004.

Navarro, J.: *Enfermedad y familia (manual de intervención psicosocial)*. Barcelona: Paidós, 2004.

Rodríguez-Arias, J.L. e Venero, M.: *Terapia familiar breve. Guía para sistematizar el tratamiento psicoterapéutico*. Madrid: CCS, 2006.



## CONSTRUTIVISMOS E PSICOTERAPIA



**Javier Manjón González**

Psicólogo Clínico.

Enderezo electrónico: xsacavera@hotmail.com

Servicio de Atención Psicosocial a la Mujer. Salud Mental.

Servicio de Salud del Principado de Asturias.

*A razón unicamente coñece o que ela mesma produce segundo o seu proxecto.*

Kant. Crítica da Razón Pura.

*[...] Yo comprendía*

*todas las cosas como se comprende*

*un fruto con la boca, una luz con los ojos.*

Gamoneda. Exentos I.

*Este traballo de investigación enmárcase na perspectiva desenrolada polo Grupo de Traballo sobre Construtivismo e Evolucionismo da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Oviedo, formado, entre outros, polos Profesores José Carlos Sánchez González, Tomás R. Fernández Rodríguez e Ignacio Loy Madera. O seu obxectivo é ensaiar unha visión xeral da Psicoloxía desde un Construtivismo virado cara a coordinación, sen reduccionismos, de evolución, acción e historicidade. A tarefa da que este texto se ocupa é a de estender esa visión ao ámbito da Psicoterapia. Isto deume a oportunidade de pensar a miña práctica psicoterapéutica con máis riqueza e amplitude.*

*Neste cometido resultoume particularmente inspiradora a obra de François Jullien e de Giorgio Nardone. Quero agradecer os comentarios de Juan García Haro e José Carlos Loredó Narciandi, e especialmente de José Carlos Sánchez González, cuxa pegada intelectual anima estas páxinas. A Andrés Cabero Álvarez, por ser un referente no exercicio da Psicoloxía Clínica. Aos meus compañeiros de traballo –Natalia polo Word e Carlos polos espazos de diálogo–. A vida é un presente con plans de futuro. O meu agradecemento tamén a todas as persoas que me levan a contraria, porque me axudan a pensar. E ao “Minor Swing” de Django Reinhardt, por marcar o ritmo nas tardes de verán da redacción final.*

## ÍNDICE: CONSTRUTIVISMOS E PSICOTERAPIA

### Introdución

#### PARTE PRIMEIRA. CONSTRUTIVISMO

#### 1.1. Construtivismo. Ontoloxía, Epistemoloxía, Psicoloxía

- 1.1.1. *Marco Histórico*
- 1.1.2. *Definición de Principios*
- 1.1.3. *Categorías de Análise*

#### PARTE SEGUNDA. CONSTRUTIVISMOS EN PSICOTERAPIA

#### 2.1. Abrindo o Abano dos Construtivismos

#### 2.2. Os Construcionismos

- 2.2.1. O Construcionismo Social de K.J. Gergen. A negociación creadora
  - 2.2.1.1. *Reflexións á volta de Gergen*
  - 2.2.1.2. *Addenda: O modelo do Dialogical Self*
- 2.2.2. Terapia Centrada en Solucións. Onde o problema deixa de existir
  - 2.2.2.1. *Reflexións á volta da Terapia Centrada en Solucións*
- 2.2.3. Os Modelos Narrativos. A Verdade é unha historia
  - 2.2.3.1. *Reflexións á volta dos modelos narrativos segundo Fernández Liria*
- 2.2.4. White e Epston. Os medios narrativos para fins terapéuticos
  - 2.2.4.1. *Reflexións á volta do modelo narrativo de White e Epston*
- 2.2.5. Gonçalves e a súa Psicoterapia Cognitiva Narrativa. A Verdade da Narración
  - 2.2.5.1. *Reflexións á volta de Gonçalves*

#### 2.3. Os Construtivismos

- 2.3.1. A Psicoloxía dos Construtos Persoais de Kelly. O pioneiro
  - 2.3.1.1. *Reflexións á volta de Kelly*
- 2.3.2. A Psicoterapia Construtiva de Mahoney
  - 2.3.2.1. *Reflexións á volta de Mahoney*
- 2.3.3. Neimeyer. O construtivismo como perspectiva postmoderna
  - 2.3.3.1. *Reflexións á volta de Neimeyer*
- 2.3.4. Guidano. O desenvolvemento do Si Mesmo
  - 2.3.4.1. *Reflexións á volta de Guidano*
- 2.3.5. A Terapia Breve Estratéxica do MRI. A psicoterapia como xadrez
  - 2.3.5.1. *Reflexións á volta do MRI*

- 2.3.6. A Terapia Breve Estratéxica Evolucionada de Nardone. A solución explica o problema

2.3.6.1. *Reflexións á volta de Nardone*

## **2.4. Recapitulación dos modelos valorados: Onde está o construtivismo?**

- 2.4.1. Cadro da localización relativa (e tentativa) dos enfoques psicoterapéuticos na dimensión Subxectivismo-Obxectivismo

## **2.5. Construcionismo e Construtivismo. Ser ou non ser...Suxeito**

- 2.5.1. Recapitulación das posturas xerais de construtivismos e construcionismos

- 2.5.2. Aspectos críticos da distinción entre construcionismos e construtivismos

2.5.2.1 *A linguaxe como creadora de realidades ou como operación sobre operacións*

2.5.2.2 *A idea de Axente. Versión forte e débil da idea de construción*

## **2.6. Conclusións da Parte Segunda. Construtivismos en Psicoterapia**

### **PARTE TERCEIRA. PSICOTERAPIA EN CHAVE CONSTRUTIVISTA**

#### **3.1. Psicoterapia en Chave Construtivista. Do coñecemento á incitación**

#### **3.2. Respecto ao contexto sociohistórico da psicoterapia como relación igualitaria**

- 3.2.1. Reflexión e crítica construtivista

#### **3.3. Respecto ao contexto epistemolóxico e psicolóxico da psicoterapia como encontro entre suxeitos**

- 3.3.1. O médico como analoxía do psicolóxico

- 3.3.2. Investigación en psicoterapia. O Dodo e outros paxaros

- 3.3.3. O psicolóxico dos protocolos de tratamento psicolóxico

#### **3.4. Notas finais á parte terceira. Psicoterapia en Chave Construtivista**

### **A modo de Epílogo**

## INTRODUCCIÓN

*Por onde ía comezar o pensamento, senón a partir  
dalgunha fisura que despois se continúa como un filón  
cara xacementos máis secretos?*

François Jullien, Nourrir sa vie.

1.

Este é un Traballo de Investigación de Teoría da Psicoloxía. Non contén, polo tanto, datos usuais. Podería pensarse que é pouco “práctico”. Entendo, porén, que non hai nada máis práctico que unha boa teoría.

A reflexión é un proceso útil e necesario para a constitución e o desenvolvemento de calquera coñecemento disciplinar. Toda reflexión pretende o sentido de aquela anécdota sobre unha máquina enorme e complexa que ninguén conseguía reparar, a pesar dos denodados esforzos investidos. Un día chamaron a un técnico novo. Este explorou brevemente a máquina, sacou unha chave e apertou un parafuso, e a máquina volveu funcionar. Pidiu unha elevada suma polos seus servizos e os propietarios, indignados, reclamaron que especificase a factura. Nesa factura figuraba unha pequena cantidade por apertar un parafuso. O resto, até sumar a cifra pedida, por saber cal dos parafusos apertar.

2.

Este traballo ten unha finalidade exploratoria. O seu obxectivo é analizar as relacións entre construtivismo e psicoterapia. Consta de tres partes.

**Parte Primeira.** Construtivismo. Explicitarei en primeiro lugar a posición e criterios construtivistas que adopto. O referente xeral será unha idea de suxeito baseada nunha idea forte de construción do psicolóxico. Este suxeito preténdese biolóxico e epistemoloxicamente contextualizado, e é unha saída aos problemas para conxugar natureza e liberdade. Posibilita así a fundamentación e desenvolvemento da psicoloxía como disciplina.

Despois seguirán dúas direccións:

**Parte Segunda.** Construtivismos en Psicoterapia. Partindo de distintas psicoterapias construtivistas, veremos o que hai de construtivista nelas ensaiando os citados criterios de clasificación. A pretensión é obter un mapa xeral no que os distintos modelos poidan ser valorados e situados como diferentes eleccións e ensaios para o exercicio da psicoterapia. Veremos de que maneira a idea de suxeito se expresa con máis forza e sentido nuns enfoques do que noutros.

**Parte Terceira.** A Psicoterapia en Chave Construtivista. En sentido inverso, partirei dunha postura construtivista para ver o que aporta esta con respecto ao exercicio da

psicoterapia. Veremos como esa idea de suxeito e construción nos permite tomar decisións con respecto ao trato igualitario en psicoterapia, á analogía do psicolóxico co médico, aos modelos de investigación en psicoterapia e ao sentido dos protocolos e manuais de tratamento.

A pretensión é que estes dous planos conxugados contribúan a iluminarse mutuamente, ponderando mellor cara a onde apuntan e o que pode aportar cada enfoque, así como o sentido que trae o construtivismo á psicoterapia.

Non se pretende unha análise dos últimos adiantos en construtivismo ou psicoterapia, nin realizar unha xenealoxía histórica do construtivismo nin de ningunha psicoterapia. Foron primados libros de autores de referencia antes que artigos, coa pretensión de establecer un certo deseño, non exhaustivo, do panorama actual das psicoterapias construtivistas.

3.

En 1996 Alain Sokal publica na revista académica de humanidades *Social Text* un artigo peculiar. Mediante xerga pseudocientífica elabora un galimatías ao seu xuízo sen significado mais que é publicado por unha revista “seria”. Revelou despois o engano, o cal cuestionaba a validez dos estudos culturais, polo que ficou coñecido como o escándalo Sokal.

Pretendo evitar o risco dun galimatías que poida parecer coherente mais do que non se extraía significado. O plano de análise e os materiais sobre os que me aplico implican elementos conceptuais e abstractos. Non obstante, a meta é elaborar un discurso claro. Non se pretende mera erudición, nun sentido historiográfico. Búscanse conceptos que poidan orientar a práctica, tanto de uso e situación de diferentes modelos psicoterapéuticos, como de exercicio efectivo da psicoterapia.

4.

Entón... Por que non revisar sen máis os estudos sobre a eficacia terapéutica de cada modelo?

Esta é unha tarefa sen dúbida relevante, que convén realizar e sobre a que cabería preguntar se o actual movemento dos tratamentos empiricamente validados está a funcionar ou non. Sen entrar nas críticas pertinentes que se poden facer a este enfoque, quero apuntar que a valoración da eficacia terapéutica permitiría, no mellor dos casos, puntuar e comparar cada modelo, individualizándoos como instrumentos diferentes. Aportaría pouco, porén, para establecer en que se parecen e diferencian ou para decidir en que sentido orientar novos esforzos e propostas. Estas decisións tómanse, efectivamente, cada día, e implican un nivel de reflexión do cal está máis próximo este texto.

## PARTE PRIMEIRA: CONSTRUTIVISMO

### 1.1. Construtivismo. Ontoloxía, Epistemoloxía, Psicoloxía

*O mapa non é o territorio.*

A. Korzybski

*O mapa é o territorio.*

H. Von Foerster

Co fin de facilitar a análise posterior, vou agora explicitar o meu punto de partida. Farei unha breve exposición da miña posición construtivista. A continuación proporei as categorías pertinentes para a conceptualización dos construtivismos. Seguen despois conceptos expostos por Fernández e Sánchez (1990); Fernández, Sánchez e Loy (1995); Sánchez (2009a); Sánchez (2009b) e Sánchez e Loredo (2007).

#### 1.1.1. Marco Histórico

Para situar o construtivismo na psicoloxía convén valorar algúns fitos fundamentais.

O primeiro é a revolución copernicana da filosofía introducida por **Kant**. Á maneira en que Copérnico propuxo explicar os movementos celestes partindo da idea de que é a Terra a que xira arredor do sol, e non á inversa, Kant propón explicar o coñecemento partindo de que son os obxectos da experiencia os que se rexen polas regras do entendemento, e non á inversa. “Se, porén, todo o coñecemento se inicia *coa* experiencia, iso non proba que todo el deriva *da* experiencia” (Kant, 2006, p. 111), xa que “non podemos representar nada como enlazado no obxecto sen telo enlazado previamente nós mesmos, e de todas as representacións é o enlace a única que non é dada por medio de obxectos, senón que só pode ser executada polo suxeito mesmo, por ser un acto da súa actividade propia.” (p. 175).

Polo tanto “toda síntese, mediante a cal incluso a percepción se fai posíbel, está baixo as categorías” (p. 192). É a síntese que o suxeito realiza a través da súa sensibilidade e entendemento a que dá forma á materia das sensacións, e a torna intelixíbel. Esa actividade sintética é a que permite que o coñecemento constrúa obxectos.

**Darwin**, coa súa teoría da evolución, por un lado sitúa a especie humana no reino animal, e por outro lado preséntaa como froito dunha filoxenia. Antes de Darwin, as cualidades do funcionamento psicolóxico só podían ser entendidas en termos da psicoloxía das facultades. Cabía entón describir a capacidade de percibir, de sentir ou de razoar. Despois de Darwin é

posíbel comezar a entender as facultades e capacidades psicolóxicas en termos do seu proceso de xénese e construción. Este proceso de xénese ten unha dupla dimensión. Por un lado a filoxenia, e de que maneira na historia evolutiva da especie se configuran as súas cualidades psicolóxicas. Por outro lado a ontoxenia, e de que maneira a historia evolutiva do individuo é un proceso de desenvolvemento, e construción, a partir da herdanza filoxenética, das categorías e dimensións psicolóxicas.

É entón posíbel o concepto de reacción circular de **Baldwin**. Isto supón unha lóxica organizada de sondaxes, que a través de procesos de asimilación e acomodación vai xerando as dimensións do coñecer. É o núcleo da concepción xenética do desenvolvemento de **Piaget**, que establece a xénese das categorías do coñecemento. Cobra sentido tamén, entón, a obra de **Vigotski** como estudo do proceso de creación histórica e social das categorías e modos de operar dos individuos.

Os posicionamentos e interpretacións construtivistas en psicoloxía estarían de algunha maneira a recoller aquela herdanza kantiana e darwiniana. A tarefa é, entón, a de estudar o proceso de xénese e construción das categorías e modos de acción dun suxeito que é coñecedor e activo.

### *1.1.2. Definición de Principios*

Coñecemos aquilo co que interaccionamos. O proceso de organización das interaccións é o proceso de constitución dos obxectos. Non hai unha realidade pura que poida ser contemplada como algo alleo ás nosas operacións.

Esta interacción pode darse a distintos niveis que, grazas ao noso coñecemento actual, podemos chamar niveis inorgánicos, fisiolóxicos, psicolóxicos, sociais. Que algo interaccione dalgunha maneira con nós é a condición mínima para que poidamos dicir que existe, e o que existe son os obxectos que organizamos a través da nosa interacción. Esa interacción non ten por que ser consciente ou cognitiva, basta con que sexa material, con que dalgunha maneira produza cambios materiais en nós. A partir de aí existe a posibilidade de que sexa percibido, porque se crea diferenzas pode ser detectado.

Non existe a posibilidade de coñecer nada máis aló das cualidades da interacción. O coñecemento non é algo exclusivamente lingüístico, é a posibilidade de percibir e actuar perante unha diferenza na nosa interacción, e dáse en toda a escala dos seres vivos. O requisito do coñecemento é a memoria, que o pasado deixe algunha marca que condicione o presente.

A nosa capacidade e maneiras de coñecer fóronse configurando filoxeneticamente, incorporando novas estruturas e modos, e configúrase ontoxeneticamente, coa variación e desenvolvemento das nosas estruturas e modos de acción. O noso estado actual condiciona os graos de liberdade que son posíbeis para a nosa acción, e o exercicio dalgún deses graos de liberdade fai variar o noso estado actual.

O coñecemento consiste nos distintos modos de acción que pomos en marcha e significados que exercemos nos nosos actos. A medida que a nosa acción xa non parte de cero senón que vai incorporando cualidades da interacción pasada para o novo exercicio desta, vamos desenvolvendo as nosas maneiras de operar e construindo obxectos.

Isto conduce á idea da elaboración sociohistórica de valores e verdades, de raíz vigotskiana, que remite á maneira que ten o suxeito de crear, non só individualmente senón tamén de modo social, as categorías. Esta elaboración crea o contexto no que o suxeito desenvolve espazos de vida e convivencia familiar, de grupo, profesional e sociopolítica. Sen ser a verdade, son verdades e valores plurais e históricos. Sen ser a única realidade posíbel, non é posíbel calquera realidade por canto proveñen dunha tradición e teñen un sentido que é posto a proba colectivamente. Hai problemas psicolóxicos que están ligados a condicións sociohistóricas que xeran posibilidade de conflito e sufrimento, ou de convivencia e crecemento. Hai proxectos de sentido que fan aceptábel o sufrimento, e ausencia de sentido que fai intolerábel o sufrimento ou inexistente a satisfacción. Eses marcos de prexuízos e “sentido común”, de valores e verdades sociohistóricas xéranse ao tempo pola acción dos suxeitos, e son a condición para o exercicio desa acción dos suxeitos.

Polo que respecta ás categorías para conceptualizar a acción psicolóxica, seguindo aquí a Feixas (2003), toda distinción que facemos a través de categorías como cognición, emoción, ou conduta remite a aspectos do proceso de coñecer e dar significado á experiencia. O coñecemento enfocouse tradicionalmente como especialmente ligado ao que poderíamos chamar categorías e conceptos cognitivos. Porén, ao ligarse á actividade dos seres vivos, non se reduce unicamente a categorías cognitivas senón que remite aos distintos modos de acción do organismo, que poden ser valorados en diversas facetas.

Nun sentido construtivista é especialmente relevante o concepto de función, como aquela dimensión de uso que constrúe a adaptación e o coñecemento. É a acción a que, na medida en que está organizada, exerce o significado e o vai variando no seu exercicio sucesivo. Unha concepción da función como unidade de acción a escala psicolóxica dáse na concepción de Baldwin da reacción circular, posteriormente utilizada por Piaget.

Esta sección comeza coa coñecida cita de Korzybski de que *o mapa non é o territorio*, que entendo que se refire a que o noso coñecemento e sistema nervioso condicionan a maneira de experimentarmos o mundo. A seguinte cita, de Von Foerster, responde á anterior afirmando que *o mapa é o territorio*, porque é o único que temos, xa que non existe a posibilidade de acceder a ningún territorio (Bröcker 2004).

Esta cuestión remite directamente aos **problemas da representación como teoría do coñecemento**. Se o coñecemento representa o mundo, o mellor coñecemento será o que faga unha representación máis fiel da realidade orixinal. Mais iso só podería valoralo un observador que tivese acceso ao mesmo tempo tanto á realidade como á representación desta, de maneira

que puidese comparar e xulgar. Este é o problema da imposibilidade do duplo acceso como apoio ao concepto representacional da verdade obxectiva. Chegados a este límite, cabe pensar que os criterios de validez dunha verdade deben estar nun lugar diferente a este.

Considerando as citas antes mencionadas, a miña postura sitúase entre ambas. A súa formulación nos termos de mapa e territorio podería ser que distintos mapas nos permitirán distintos recorridos. Non podemos acceder ao territorio, ao supostamente real. Só podemos funcionar a través de mapas. Son posibles mapas diferentes na medida en que é posible a exploración e a novidade. Mais non é posible calquera mapa, porque as nosas operacións enfréntanse a límites que non son arbitrarios. Non podemos facer calquera cousa. Cada mapa, pola súa parte, proporciona distintas posibilidades, o cal permite nalgunha medida comparar ou escoller entre eles.

En toda interacción hai dous límites de referencia, un é o da determinación polo medio, e o outro o do exercicio da vontade. Tanto inflúe o medio como a conciencia; a linguaxe e a experiencia permiten configurar novidade e modos idiosincrásicos de acción. Por iso, a aproximación á maneira que ten o suxeito de construír permite aproximarse aos graos de liberdade existentes. A terapia construtivista fai énfase, como veremos, no paciente como experto, no sentido en que é o seu patrón o que determina os graos de liberdade posibles aos que o terapeuta debe axustarse para favorecer, ampliar ou variar.

A nosa actividade ao operar sobre as cousas e relacionarnos con outros suxeitos implica procesos de axuste, negociación e adecuación. Na medida en que esa adecuación sexa mellor ou peor, podemos valorar os nosos cursos de acción.

Isto apunta a unha crítica á concepción relativista postmoderna segundo a cal as realidades, verdades, culturas ou individuos son incomparábeis, comunicábeis ou inconmensurábeis. As diferenzas poden, por definición, ser percibidas, sen que iso implique que facelo sexa sempre fácil ou útil.

Porei un exemplo clásico relativo á comparabilidade das culturas. O grao en que a ciencia e a tecnoloxía de tradición occidental permite organizar as accións e prever as consecuencias dos actos, xera unha potencia operatoria que está moi por enriba de calquera desenvolvemento previo no que se refire á modificación do medio. Non quere dicirse con isto que esa potencia operatoria sexa o único aspecto a ter en conta nin que unha cultura poida ser considerada globalmente superior a outra, mais si que unha vez definido o ámbito ao que nos referimos é desexábel valorar distintos criterios de eficacia para conseguir fins. Así diríamos que non todos os coñecementos nin modos de acción son igualmente válidos, aínda que cada un teña o seu sentido.

### 1.1.3. Categorías de Análise

Para a análise dos autores que veremos posteriormente terei como referencia específica estas categorías de análise. O uso dos termos seguintes será moi frecuente ao longo do texto. Os conceptos aos que corresponden expóñense a continuación.

*Función.* A función, como xénese, é o ciclo de cálculos e axustes mediante o que se consegue o logro. Supón unha transformación efectiva, un acto material. Supón tamén unha síntese e creación por canto fai algo que non estaba dado previamente, introducindo novidade. O seu exercicio, como proceso de cambio que parte dos cálculos e axustes previos, xera organización.

A idea construtivista de función como xénese construtiva oscila entre dous límites nun **eixo obxectivismo-subxectivismo**. Por un lado as posicións obxectivistas, que explican a función como derivada de realidades dadas, xa sexan estas os xenes, o cerebro, o ambiente, a linguaxe ou a cultura, independentes de toda xénese construtiva. Por outro lado as posicións subxectivistas, que enfocarían a función en termos igualmente a-xenéticos mais neste caso referidos a unha vontade interior, irracional, individual.

Cabe apuntar como no platonismo aniña tanto a semente do obxectivismo como a do subxectivismo. O mundo das ideas e a alma racional son a fonte de coñecemento verdadeiro. Esta posición do racionalismo platónico, onde o coñecemento se adquire a través do acceso á verdade, á realidade “obxectiva”, é unha forma de obxectivismo. A alma irracional platónica, fonte dos erros individuais desde os que se conceptualiza o psicolóxico, supón unha postura de irracionalismo que é unha forma de subxectivismo. Este eixo obxectivismo-subxectivismo, e as súas contradicións, percorre entón desde as súas orixes a historia da nosa tradición de pensamento occidental. Podemos clasificar distintos enfoques a partir do peso que dean a un ou outro polo da dimensión, en ausencia dunha concepción xenética e construtiva da verdade e a capacidade de axencia, da constitución operatoria dos obxectos e o desenvolvemento do suxeito a través da acción.

*Natureza e liberdade.* A dualidade kantiana **natureza/liberdade** remite por un lado á natureza e o que esta fai con nós, e por outro lado remite á liberdade e o que nós facemos coa natureza. Xorde entón unha oposición **positivismo-pragmatismo**. Esta oposición cabe contextualizala dentro do eixe máis xeral de obxectivismo-subxectivismo. O positivismo desenvolve a concepción determinista da natureza, onde a función e a acción se explican como efecto de causas derivadas dalgunha realidade dada. É polo tanto un caso particular de obxectivismo. O pragmatismo, pola súa parte, desenvolve o primado da liberdade, cunha vontade que queda indeterminada fóra do esquema causal. A verdade e a vontade remiten ao útil mais conceptualizado segundo un criterio persoal e particular, irracionalista, puramente individual. É, polo tanto, un caso particular de subxectivismo.

Mais nin vontade nin realidade son primarias. A constitución do suxeito realízase a

través da acción e dos límites que esta vai encontrando. A organización que resulta neste proceso é a que ao mesmo tempo posibilita e limita a liberdade. Sen esta concepción, o pragmatismo como vontade libre non se libera da tentación dun positivismo que reintroduza os límites e a orde desde “fóra”. E o positivismo como determinación desde a natureza non se libera da tentación dun pragmatismo que rescate a liberdade. Positivismo e pragmatismo establecen polo tanto unha tensión dialéctica.

*Realidade e verdade.* O exercicio da función, as nosas operacións, é o que nos permite construír a realidade. Mais a construción da realidade non é relativista. É subxectiva na medida en que cada un a exerce, e intersubxectiva na medida en que as nosas accións se relacionan cas dos outros. Mais non é relativista porque non é posíbel calquera construción xa que as nosas operacións se enfrentan a límites, e non todo é posíbel. Neste sentido cabería utilizar o termo 'subxectual' fronte a un uso habitual de 'subxectivo', referido a unha posición relativista e irracionalista.

Aquí configúranse dous polos de tensión no par **realismo-relativismo**. Un polo realista, que tende a defender a existencia do real con independencia de nós e polo tanto a idea de coñecemento válido como representación verdadeira desa realidade. Por contraste, un polo relativista no que se dilúe a noción de verdade en pro do escepticismo, perante a imposibilidade de alcanzar a verdade.

As verdades que os suxeitos alcanzan non caben nin na verdade única da representación perfecta nin no relativismo. Esta idea aplícase tamén á ciencia, que é un modo de coñecemento refinado para alambicar, replicar e organizar as interaccións de acordo con principios sistemáticos que nos permitan extraer a maior validez e coñecemento das cualidades da mencionada interacción. A diversidade de prácticas e concepcións posíbeis fai que a ciencia non sexa única, senón plural. Mais unha concepción relativista, segundo a cal calquera coñecemento poida ser igualmente válido non é compatíbel coa idea de ciencia como coñecemento con pretensión de rigor. O noso coñecemento non pode ser xa definido como verdadeiro segundo un criterio de representación máis veraz do real. Mais si que cabe pedir un criterio de consistencia das nosas operacións, e de validez polo tanto non simplemente individual e relativista.

*Suxeito.* O uso en diante do termo 'suxeito' remite a estes conceptos. Non é sinónimo de individuo ou persoa, senón que se trata dunha maneira de entender os individuos. Implica a existencia de dimensións subxectuais, xenéricas, na forma de operar dos individuos. As dimensións subxectuais refírense ás operacións do suxeito capaces de construír verdade e universalidade por medio da súa acción. Non exclúe a idea de pluralidade dos coñecementos, o que mantén é que os coñecementos teñen tamén diferentes graos de validez, non puramente individuais. Son estas dimensións xenéricas e compartidas as que permiten falar de suxeito.

Xunto con estas dimensións subxectuais haberá necesariamente outras que chamaremos individuais, persoais ou particulares en tanto que non xenéricas nin compartidas por distintos

individuos senón específicas dun só.

*A énfase acrítica no subxectivo entendida como persoal e peculiar conduce ao subxectivismo como noción de individualidade que elabora interpretacións particulares ligadas á satisfacción persoal.* No subxectivismo o coñecemento é plural, mais o único criterio de diferenzas dentro desa pluralidade está na utilidade e o sentido particular que revista cada verdade para un individuo concreto. Remite entón a diversas concepcións do psicolóxico como individual, particular e irracional. **Para evitar a interpretación subxectivista coa que ás veces se caracteriza o uso do termo 'subxectivo', preferirei o uso do termo 'subxectual' para referirme ás dimensións xenéricas do suxeito.**

A idea de suxeito implica unha idea xenética, construtiva e operatoria dos seus modos de acción e coñecemento, das súas dimensións subxectuais e particulares, que cobra sentido a través da súa filoxenia e ontoxenia. As características xenéricas, subxectuais, dos modos de acción e coñecemento, que antes de Darwin eran vistas en termos da psicoloxía das facultades, pasan agora a ser estudadas en termos da súa xénese, construción e graos de liberdade e variación. Por clarificar mediante exemplos, unha referencia de condición subxectual, con dimensións de construción na ontoxenia e raíces na filoxenia, estaría na concepción piagetiana do desenvolvemento, ou no modelo do apego de Bowlby.

Esta idea de suxeito non pode dicirse, polo tanto, de concepcións mecanicistas do individuo, como poderían ser a de algunha psicoloxía cognitiva ou a dos condutismos que defendan un determinismo do individuo polo ambiente. Tampouco de concepcións máis vitalistas, como poida ser unha visión relixiosa que remita o principio de actividade psicolóxica á alma. Cando se usa a idea de suxeito nestes ámbitos está a exercerse en todo caso unha visión crítica, reformuladora. Non equivale, entón, a individuo, senón que é un modo particular de conceptualizalo. Apuntei que a idea de suxeito implica a existencia de dimensións subxectuais, xenéricas, e tamén de dimensións individuais e particulares. Aquelas conceptualizacións do individuo en termos puramente persoais e individuais, sen dimensións subxectuais, remiten ao que denominamos subxectivismos.

Realizarei unha análise de diferentes construtivismos en psicoterapia. Para iso utilizarei os criterios que acabo de expor. Con isto pretendo ir máis aló da simple etiqueta de construtivismo, baseada moitas veces na mención acrítica ao concepto de construción. Valorarei para cada enfoque a idea de construción que se utiliza, canto de construtivista lle corresponde de acordo coas categorías enunciadas e a relación que garda cada modelo coa idea de suxeito.

## PARTE SEGUNDA: CONSTRUTIVISMOS EN PSICOTERAPIA

### 2.1. Abrindo o Abano dos Construtivismos

A idea de definir o que é o construtivismo en psicoterapia resulta complexa de levar á práctica. Baixo a etiqueta de construtivismo conviven formulacións moi diversas. Ademais, os principios unificadores do que se entende por psicoterapia construtivista son por veces tan laxos que permiten abarcar case todo.

Teño o propósito de apuntar e explorar algunhas formulacións, autores e modelos relevantes. Para iso comezarei cunha revisión de materiais xerais que marquen puntos de interese para despois pasar a explorar certos autores con máis profundidade.

De acordo cunha das principais figuras europeas da terapia familiar, Mony Elkaim (1996), a partir dos 80, e en particular da obra de Watzlawick *A Realidade Inventada* o construtivismo expándese na terapia de familia, tomando como referencia os traballos de Von Glaserfeld, Von Foerster, Maturana e Varela. A finais dos 80 entra en liza o construcionismo social, con K.J. Gergen como unha das figuras notábeis, e aparece a figura da narración ou as solucións como substituta da metáfora cibernético/sistémica.

Feixas (2003), coñecido divulgador do construtivismo no ámbito español, caracteriza uns principios construtivistas da cognición a partir dos que hai unhas terapias cognitivas construtivistas que serían as de Kelly, Guidano, Mahoney e Gonçalves. Estes principios serían:

- A actividade básica dos seres vivos é coñecer, dar significado á experiencia, e non cabe diferenciar uns procesos chamándoos cognitivos e separándoos da emoción ou a conduta, como se fosen partes diferentes da nosa actividade. Un pensamento non causa unha emoción, senón que vivir unha emoción é unha forma de dar significado á experiencia.

- Os organismos son activos, proactivos fronte a reactivos. Ao non poder dar un significado definitivamente válido á experiencia van configurando na súa forma de construír patróns progresivamente coherentes que teñen que ver cun certo sentido da identidade, a posibilidade de sentirse “eu”.

- As construcións que sustenta o paciente ou cliente, aínda que poidan parecer inadecuadas desde o punto de vista do observador externo, teñen algún sentido para ese paciente ou cliente, sexa este expresábel directamente ou non. Os síntomas e a resistencia son tamén parte do proceso de dar significado á experiencia.

- O terapeuta non é un mestre que corrixe desvíos e promove e adestra unha visión realista máis correcta. É un experto no proceso terapéutico e nos principios xerais do funcionamento humano que facilita o desenvolvemento do sistema cognitivo do cliente, partindo da súa visión e xerando alternativas. O cliente é o experto no seu propio mundo, e trátase entón dun encontro entre dous expertos.

- O cambio require saber o que se debe cambiar e o que se debe preservar para manter o

sentido da propia identidade.

Mahoney e Granvold (2005) apuntan ademais que o construtivismo resalta a importancia dos procesos socio-simbólicos para a auto-organización e creación de significado dado que vivimos en relación con outros e iso está mediado por sistemas lingüísticos e simbólicos.

Neste punto certo construtivismo confluíría con certo cognitivismo na importancia dada á narración. De acordo con Gonçalves (2002), houbo dúas revolucións cognitivas:

-1.<sup>a</sup> *Revolución Cognitiva*. Busca a formalización lóxico-matemática. Aquí para o autor caben tanto Piaget como o procesamento da información e a metáfora do computador.

-2.<sup>a</sup> *Revolución Cognitiva*. Metáfora da narración perante as insuficiencias do modelo anterior para referirse aos significados da propia vida. Linguaxe como fundador da experiencia, non como elemento de simbolización abstracta senón establecendo unha matriz narrativa. Esta narrativa non é un acto mental, senón unha produción discursiva interpersonal, relacional máis que individual.

Neimeyer (2004), un dos autores e divulgadores máis coñecidos do ámbito, sinala o construtivismo en psicoterapia como opción que se retrotrae a Vico, Kant e Vaihinger. Rexeita o obxectivismo como opción moderna que busca ciencia empírica verdadeira que reflecta o mundo real. Entón o construtivismo partiría da realidade como nouménica coa idea de formular teorías viábeis que nos permitan negociar o noso mundo, que terán idoneidade pola súa capacidade para anticipar significativamente os acontecementos. O que implica unha dupla postura:

- Con respecto á natureza do coñecemento
- Con respecto ás actividades de coñecemento dos suxeitos e comunidades.

Este autor define a psicoterapia como intercambio e negociación de significados interpersonais. Trátase de unirse aos clientes para crear un mapa refinado das construcións nas que están emocionalmente inmersos e que definen os seus cursos de acción viábeis para estendelas ou suplilas e ampliar as súas posibilidades.

O construtivismo é para el unha opción postmoderna, que pon a énfase na multiplicidade de significados, nas bases retóricas das ciencias humanas, na construción social do coñecemento e nos métodos de investigación interpretativos e reflexivos.

Dada a imposibilidade de establecer “a verdade” unha opción é asumir a imposibilidade de decidir entre as verdades dispoñíbeis e asumir tamén que todas poden ser igualmente válidas. Nestas coordenadas móvese o Construcionismo Social de Gergen. As posicións do Construcionismo Social implican un cuestionamento da importancia do suxeito na elaboración

de significados, que son creados na relación, e obrigan a depender especialmente da cultura e a linguaxe.

De acordo con Neimeyer (Neimeyer e Mahoney, 1998, cap. 2) hai catro metáforas básicas para a terapia, que aparecen de forma explícita ou implícita nos escritos construtivistas:

*-A terapia como ciencia persoal.* A persoa como científico que formula, proba e mellora as súas hipóteses. Característica de Kelly, primeiro enfoque construtivista en psicoterapia. Posteriormente adoptada por outros como Guidano, Mahoney e, en xeral, diversos terapeutas cognitivos de tendencias racionalistas ou obxectivistas como Beck, Ellis ou Meichembaum. A terapia acostuma buscar a revisión progresiva do “paradigma persoal” do cliente e o afrontamento empático da resistencia ao cambio. Esta metáfora fai pasar por construtivistas autores e enfoques tradicionalmente considerados cognitivos.

*-A terapia como desenvolvemento do 'si mesmo'.* Céntrase nas regras persoais de vida ou os esquemas desadaptativos precoces cargados emocionalmente que xerarían transtornos psicolóxicos. Isto implica maior atención ás relacións de apego e ás fases evolutivas iniciais. Busca, en xeral, cuestionamentos profundos do 'si mesmo' mais baseados nun descubrimento coidadoso e guiado máis do que nunha postura confrontadora e directa. Tamén propón acceder e reexperimentar emocións como paso previo á súa reconstrución terapéutica. Autores nesta liña son Guidano, Greenberg e Pascual-Leone.

*-A terapia como reconstrución narrativa.* Busca reelaborar e reescribir historias vitais que se tornaron limitadoras ou incoherentes. Non se busca corrixir senón articular os argumentos de vida e axudar a experimentar con argumentos novos que abran posibilidades. Autores nesta liña son White e Epston.

*-A terapia como elaboración conversacional.* Modelos esencialmente familiares sistémicos e próximos aos narrativos. O significado xorde no acto comunicador máis que nos individuos e o terapeuta debe cuestionar os acordos, discursos e negociacións que solidifican relacións disfuncionais, co-fabricando novas historias coa familia. Nesta liña estaría Anderson e Goolishian, que buscan a disolución do problema a través da linguaxe, e a Escola de Milán con Selvini-Palazzoli, Boscolo, Cecchin e Prata.

Noutro lugar, Neimeyer (2004) engade consideracións sobre outros autores e tradicións:

*-A psicanálise* tamén se ve influenciada, aumentando a noción das lembranzas emocionalmente significativas, como narrativas a elaborar máis que como verdades históricas. Exemplos serían a figura de Donald Spence e tamén en Bruce Ecker e

Laurel Hulley, cunha maior énfase na exploración experiencial que na interpretación.

-Na tradición da *psicoterapia humanístico-existencial* destaca a énfase na elección, a axencia e o estudo fenomenolóxico da experiencia. Conflúe co construtivismo no Dialogical Self de Hubert Hermans e o enfoque dialéctico de Leslie Greenberg.

### **Tras esta exploración deséñanse unha serie de nocións e autores relevantes.**

As nocións son, entre outras, o rexeitamento á idea dunha realidade única e ao criterio de verdade por correspondencia, a existencia entón dunha multiplicidade de significados e interpretacións, a importancia dos significados e narracións persoais, a importancia da linguaxe e o acordo, e o coñecemento como produto da actividade lingüística dunha comunidade de observadores.

Estas nocións vense acentuadas nun sentido ou outro de maneira moi diversa e con distintos graos de coherencia. O que si parece caracterizar todas as formulacións construtivistas en psicoterapia é asumir unha idea xenérica de suxeito como coñecedor activo.

A partir de aquí percorrерemos unha serie de autores co fin de obter un panorama diverso do construtivismo en psicoterapia. Non se pretende, como xa se indicou, unha revisión exhaustiva. Asímesa, máis ben, unha posta en práctica dos criterios de análise antes descritos explorando unha parte da variedade heteroxénea do panorama construtivista.

En cuanto ás ausencias, é preciso apuntar que non aparece ningún dos enfoques que Neimeyer denomina de elaboración conversacional nos parágrafos previos. A respecto desta ausencia cómpre dicir que a terapia de Anderson e Goolishian é citada frecuentemente por Gergen (2006) como incluída nos enfoques construcionistas, que si abordaremos. En canto á idea de terapia como elaboración conversacional, tratareina tamén en relación ao construcionismo e ás notas construtivistas coas que caracterizarei a linguaxe. Outra carencia que empobrece este traballo é o feito de non incluír ningún enfoque psicanalítico. Sería, da mesma maneira, desexábel explorar máis formulacións da terapia como desenvolvemento do 'si mesmo', onde se cadra Greenberg, e o destacado tratamento que dá ás emocións, sería unha baza a considerar.

A respecto das presenzas cabe apuntar que todos os autores que estudarei poderían, nun sentido laxo, ser probabelmente englobados baixo algunha etiqueta usual de construtivismo. Establecerei porén unha primeira distinción, a de construcionismos vs. construtivismos.

A revisión do construcionismo comezará polo Construcionismo Social de K.J. Gergen. Esta corrente confúndese ás veces co construtivismo, e paréceme pertinente diferenciarlas e mostrar ademais o Construcionismo Social como punto no que, dun modo peculiar, se acentúa o polo subxectivista e relativista.

Na obra revisada de Gergen (2006) méncionanse explicitamente dous enfoques psicoterapéuticos como lexitimamente construcionistas, a Terapia Centrada en Solucións e a Terapia Narrativa de White e Epston. Valorarei ambos enfoques. O primeiro deles posiciónase dunha maneira sorprendente para os presupostos psicoterapéuticos tradicionais, afirmando que non é preciso coñecer un problema para solucionalo. O segundo permitíranos entrar nos enfoques narrativos, que defenden unha idea característica do que son os problemas e as solucións en chave das historias que narramos.

Despois veremos a psicoterapia cognitiva narrativa de Gonçalves, como estratexia que desenvolve a idea de narrativa a través dunha saída peculiar que o coloca fóra do construcionismo.

Entrando xa nos autores construtivistas veremos a Kelly, que desenvolve un modelo sempre citado como pioneiro e presente en calquera revisión da materia. A súa esencia é a analogía entre a persoa e o científico.

Valorarei despois dous referentes do construtivismo en psicoterapia entendido no seu sentido máis xenérico. Trátase de Neimeyer e Mahoney, que desenvolveron unha ampla obra e son compiladores do libro “Construtivismo en Psicoterapia”.

Entraremos tamén na obra de Guidano, co fin de expor un representante do que anteriormente recolleamos como terapias do desenvolvemento do 'si mesmo'.

Watzlawick parécenos unha figura singularmente importante pola amplitude da súa obra e o seu contacto tanto coa epistemoloxía como coa psicoterapia. Mais pola súa complexidade, e para centrarnos no ámbito psicoterapéutico, non entraremos directamente a analizar este autor. O que faremos será valorar as propostas da psicoterapia estratéxica, en concreto de aquelas variantes coas que el mantivo un contacto máis estreito. Referímonos en primeiro lugar á Terapia Breve Estratéxica do MRI, da que é quizá o representante máis coñecido. En segundo lugar ocuparémonos da vía de desenvolvemento da Terapia Breve Estratéxica de Giorgio Nardone, co que mantivo un estreito contacto e realizou diversas publicacións. Estes autores defínense a si mesmos como construtivistas, aínda que quedan fóra da corrente do construtivismo en psicoterapia representada por autores como Mahoney e Neimeyer.

Os enfoques considerados son valorados individualmente segundo as súas características construtivistas conforme os criterios expostos na primeira parte.

Xa mencionei que usarei, ademais, algunhas categorías para agrupar os autores. Unha, de especial interese para o que nos ocupa, é a división entre construcionismos e construtivismos. Outra, as psicoterapias narrativas, englobareina, en principio, dentro dos construcionismos aínda que coas matizacións que veremos con respecto a Gonçalves.

Non foron consideradas outras posíbeis clasificacións. Unha alude ás psicoterapias estratéxicas, de cuño sistémico interaccional, onde cabe incluír non só a Terapia Breve Estratéxica do MRI e a Terapia Breve Estratéxica de Nardone senón tamén a Terapia Centrada

en Solucións. Nelas pesa a referencia á psicoterapia de Milton H. Erickson.

Outra posíbel clasificación que se evitou é a que remite a psicoterapias denominadas sistémicas, dentro das que cabería incluír tanto as tres terapias estratéxicas mencionadas como a Terapia Narrativa de White e Epston, fronte a orientacións de autores que aínda non sendo cognitivos, si estarían máis ligados (por orixe ou referencias) á tradición cognitiva, como é o caso de polo menos Gonçalves, Mahoney e Guidano.

Consideraremos polo tanto dez enfoques. Moi poucos para a enorme variedade dos construtivismos, mais entendo que suficientes para realizar un certo deseño do panorama na psicoterapia construtivista actual.

## 2.2. OS CONSTRUCIONISMOS

Vamos valorar en primeiro lugar o Construcionismo Social de Gergen. Escollín este autor porque realiza unha contextualización teórica das súas formulacións que permite entender mellor o seu alcance. Despois, a modo de exemplificación, veremos dous formatos de terapia construcionista, a Terapia Centrada en Solucións e a Terapia Narrativa de White e Epston. Co fin de seguir o fío do discurso centrado nas narrativas, presentarei a continuación a Psicoterapia Cognitiva Narrativa de Gonçalves, cuxo modo de traballo sobre a narración sae do ámbito do construcionismo, sen presentar tampouco un modelo claramente construtivista.

### 2.2.1. O Construcionismo Social de K.J. Gergen.

A negociación creadora

*Contar unha mentira non é representar falsamente o mundo, senón violar unha tradición comunitaria.*

K.J. Gergen

Kenneth J. Gergen, profesor de Psicoloxía Social, autor de obras como *O Eu Saturado* e unha das figuras máis notábeis do Construcionismo Social, é quizá o autor que dunha maneira máis explícita e detallada defende esta orientación no contexto da psicoterapia.

Vou por iso valorar a Gergen con especial coidado como lugar no que se acentúan as tensións relativistas e subxectivistas.

Exporei aquí en primeiro lugar a posición do autor de acordo coa súa obra *Construír a realidade. O futuro da psicoterapia* (Gergen, 2006). Posteriormente incluiremos unha sección de reflexións.

Gergen fai unha **crítica postmoderna** das ideas de mecanismo, individualidade, obxectividade, racionalidade e progreso como froito da racionalidade ilustrada. A modernidade

dicíanos que o universo é unha máquina complexa e que o suxeito é capaz de coñecela mediante a observación racional. A postmodernidade parte da crítica a eses presupostos e o construcionismo propón unha vía de escape abríndose a formas de pensamento e práctica novas e máis positivas.

Para o autor **a realidade non existe, entón defínese polos nosos acordos**. O único que sabemos do coñecemento é que ten unha orixe social. Non é posíbel comprobar a veracidade da nosa representación do real accedendo á realidade en si; non é posíbel saber que cousa é a realidade. O real é produto dunha relación humana. Por conseguinte as verdades só teñen sentido dentro da súa propia tradición, no marco que as produciu. O consenso que xera verdade e realidade no seo dunha comunidade non ten por que ser xeneralizábel. O diálogo e a abertura vital son necesidades esenciais dado que os acordos van mudando, e entón tamén a realidade que definen.

De acordo con Gergen as distintas verdades teñen, non obstante, distintos efectos. As múltiples historias que cada persoa, cada tradición e cada terapeuta contan son, para o autor, inconmensurábeis, mais non indiferentes. A linguaxe non é representación nin reflexo da realidade, e tampouco o son as historias. **Linguaxe e historias adquiren valor polos seus efectos pragmáticos**, polas súas consecuencias en cada situación, en cada relación, en cada contexto. Así renova o seu compromiso coa curiosidade e a abertura porque aínda que en psicoterapia hai que usar as historias que abran camiños, esta dimensión é puramente individual e particular, e non se pode predicir a priori.

O real é produto dunha relación humana. O sentido non se crea no interior do individuo senón na relación. É produto da interacción. O individuo aparece dado en relacións múltiples e é máis multidireccional que coherente.

Con característico sabor vigotskiano afirma que os pensamentos e sentimentos son unha realización privada de actos da vida pública. A significación de calquera enunciado é unha realización temporal nacida dun momento de colaboración. A capacidade para significar depende da rede de relacións pasadas nas que estivemos inmersos, as cales constitúen dalgunha maneira esa ficción que chamamos Eu.

O Construcionismo Social non é, de acordo con Gergen, unha teoría, senón un marco de diálogo caracterizado por manter unha perspectiva relacional. Nese aspecto presenta, de acordo co autor, importantes diferenzas co construtivismo. O construtivismo fundiría as súas raíces na psicoloxía individualista cuxos fundadores serían Piaget e Kelly e cuxa extensión lóxica estaría no construtivismo radical de Von Glaserfeld. Os postulados serían que o individuo constrúe o mundo e o lugar desa construción está na mente individual. Gergen remite por outro lado o Construcionismo Social a Wittgenstein, Bajtin, Derrida, Latour, Foucault e Vigotski. O interese está na construción do mundo mediante a linguaxe, de maneira que o lugar da construción non está no interior das persoas, senón entre elas.

Para Gergen os distintos modelos de psicoterapia xustificanse segundo tradicións de pensamento particulares. Toda tentativa de medir os resultados, xustificarse ou comparar só ten sentido dentro dun marco de significación particular. Os argumentos que invocamos para reducir a outros ao silencio impiden o diálogo. Mais creamos sentido xuntos, e o imperativo é crear un espazo de confluencia creativa que acolla as múltiples voces, dea espazo á orixinalidade e promova novas prácticas. A sociedade é multiforme e variada, e non se trata de sustentarmos a verdade senón de estarmos abertos ao cambio nun mundo polidimensional. A evolución da linguaxe e a práctica terapéutica é positiva porque canto máis estean en sintonía coa cultura, máis sentido terán.

O diálogo volve converterse en algo esencial. Unha vez que aceptamos o valor de todo fundamento como cultural e dependente de acordos, o que queda como esencial é o espazo no que conversar acerca das nosas diferenzas e establecer novos acordos.

As terapias construcionistas caracterizaríanse por dous métodos:

*-O primeiro é orientar a un futuro prometedor máis que a un pasado destrutor.* Búscase explorar o imaxinario e crear a imaxe dun futuro cheo de esperanza, estimulante e cativador. Trátase de centrármonos en perspectivas positivas e resultados favorábeis, e non de recrear o pasado centrándonos nas orixes, as traxectorias e as estruturas. É a liña da Terapia Centrada en Solucións, e de autores como De Shazer, O'Hanlon e Weiner Davis.

*-O segundo consiste en propor realidades alternativas.* É a liña das terapias narrativas como a de White e Epston. É o “movemento narrativo postmoderno”, cuxa marca de identidade sería que non son os acontecementos da vida os que determinan as narracións senón que son as convencións lingüísticas as que determinan que é o que se considera un acontecemento da vida e como é avaliado.

Gergen expón que a terapia é un proceso de coordinación, e entón non son posíbeis regras porque ningún cliente entra na relación terapéutica coa mesma matriz relacional, coa mesma historia e marco de relacións previo, que é o que lle dá sentido. Isto outorga especial importancia a que a terapia teña un formato dialogado, non instrucional no que se transmita a forma correcta de pensar, sentir ou actuar. É esencial traballar os modos de ver e as narracións que aporta o paciente, que son os que organizan a súa acción e desde os cales será máis fácil xerar cambios. Tamén é esencial unha posición de ignorancia do terapeuta, que promove que o outro use o seu propio coñecemento. O relato, a descrición, a linguaxe do terapeuta ten valor para que este se comunique con outros terapeutas, dentro da súa tradición, mais non se trata sen máis de substituír o relato do paciente polo do terapeuta, xa que non hai relatos mellores a priori.

Gergen rexeita o construtivismo que entende como un subxectivismo representacional. A realidade é incognoscíbel, e o coñecemento como construción de representacións do real non ten sentido. A alternativa do Construcionismo Social é a da linguaxe como fundadora de múltiples realidades que só teñen sentido no seu marco cultural e, por extensión ao ámbito da psicoterapia, no marco persoal de cada cliente. A tarefa do Construcionismo Social e da psicoterapia así entendida é a de mediar para que esas verdades poidan coordinarse e enriquecerse dentro dun marco relacional. As nosas concepcións, para ser válidas, deben dialogar e abrirse á complexidade multidireccional que nos rodea.

Estas posicións levan a Gergen a considerar sempre ao individuo na súa especificidade. Non é posíbel “obxectualizalo”, aplicando técnicas de eficacia probada como se a eficacia residise na técnica e non no que fai e como fai o individuo con ela.

A consideración do suxeito como activo e particular leva á énfase en modos de funcionar do terapeuta que tomen en consideración a posición do paciente como axente. Prodúcese entón un abanico de accións do terapeuta que van desde a persuasión á promoción de autonomía que implican dar un lugar e tomar en consideración o activo do paciente:

*-Posición de ignorancia.* Promociona que o outro use o seu propio coñecemento.

*-Traballo sobre os modos de ver e as narracións que aporta o paciente,* que son os que organizan a súa acción e desde os cales será máis fácil xerar cambios.

*-Formato dialogado, non de transmisión de coñecementos.* Isto supón resaltar a actividade e circunstancias do interlocutor.

O relato do terapeuta ten valor para que este se comunique con outros terapeutas, dentro da súa tradición, mais non se trata sen máis de substituír o relato do paciente polo do terapeuta, xa que non hai relatos mellores.

A linguaxe terapéutica non é válida en si mesma. Adquire capacidade de significar grazas á participación voluntaria do outro. Por iso é importante a súa adhesión activa e as técnicas para mostrar a adecuación e pertinencia das propostas do terapeuta en relación co que lle importa ao cliente.

A súa posición é radical fronte ao modelo mecanicista da medicina onde o terapeuta é un médico que traballa sobre a fisioloxía do paciente para obter a curación.

### 2.2.1.1. Reflexións á volta de Gergen

Á luz da anterior exposición do seu pensamento, Gergen pode ser caracterizado nos seguintes termos:

- **Posición postmoderna.** Hai múltiples historias contadas en cada tradición, por cada persoa, polo terapeuta. Son inconmensurábeis. Hai que usar as que abren camiños. Mais non hai criterios que digan en que consiste abrir un camiño ou cales son as dimensións para facelo. Todo parece residir no criterio persoal indefinido e na idea das consecuencias pragmáticas de cada historia. No límite todos os relatos serían igualmente válidos a priori. Non se pensa en analizar características dos relatos que promovan cambios positivos. Cabe, porén, supor que ao seleccionar unha historia fronte a outra e ao promover determinadas variacións dos relatos, o terapeuta está a facer algún tipo de cálculo e exercendo algún criterio de xuízo, sexa explícito ou implícito. Claro que estas dimensións e operacións ou ben están a ser exercidas ou ben hai que asumir que conversamos guiados polo acaso.

- **Posición pragmática.** O valor das historias reside, como víamos, no seu efecto. Mais non se formula ningún criterio xeral para categorizar os efectos ou ordenalos, nin para valorar as operacións que producen eses efectos. Cada un, individualmente, debe xulgar cal é en si propio o resultado dunha ou outra historia ou enfoque da realidade. O efecto é particular e persoal e a súa comprobación individual.

- **Deconstrución relacional do suxeito.** O real é para Gergen produto dunha relación humana. Os pensamentos e sentimentos son unha realización privada de actos da vida pública, e a significación de calquera enunciación é unha realización temporal nacida dun momento de colaboración. A capacidade para significar depende da rede de relacións pasadas nas que estivemos inmersos, as cales constitúen dalgunha maneira esa ficción que chamamos Eu. O sentido non se crea no interior do individuo senón na relación. É produto da interacción, e isto desposúe o axente individual da súa capacidade de ser fonte do saber. Non existe individuo como axente acción racional, independente, moral, capaz de razoamento.

Gergen acentúa aquí dun modo peculiar a idea vigotskiana de que o psicolóxico se xesta no social até chegar a unha deconstrución do suxeito en múltiples relacións. Non queda entón claro se existe máis criterio de xuízo que algunha das tradicións ou relacións nas que participa o individuo, que actuarían unha ou outra... por acaso? O suxeito, máis que elemento de síntese, como podería minimamente presentarse, parece un calidoscopio no que todo pode estar presente mais non podemos dicir nada sobre iso.

Asume con toda claridade un corte vigotskiano entre o social “externo” e o persoal “interno”, porque cando esperamos algunha formulación sobre como se produce a xénese do sentido e como o “exterior” acaba por ser “interiorizado”, a súa proposta é que este é un problema que non é preciso responder, senón pór entre parénteses.

A respecto da **práctica psicoterapéutica**:

- Supón unha posición de prudencia, mais ao mesmo tempo de ausencia de sentido máis aló do persoal, que ademais se descompuxo en múltiples relacións.

- Propón un modelo que resalta a actividade do cliente e pode ser útil na práctica psicoterapéutica, quizá nuns casos máis do que noutros, quizá cuns clientes máis do que con outros, mais non abre portas para explorar as marxes de utilidade nin a estrutura de funcionamento do modelo.

- Que un esquema ou proposta só poida actuar cando o cliente o acepta non é o mesmo que dicir que todos os esquemas teñen a mesma potencia operatoria nin organizan a realidade coa mesma eficacia, nin que o criterio do paciente é o único que define o que é válido. O criterio do paciente define o que é utilizábel e aceptábel para el, mais non o que sexa o máis válido para a situación á que se enfrenta. Hai coñecementos máis útiles que outros para alcanzar certos fins e resolver certos problemas. Un incendio, por exemplo, contrólase mellor botándolle auga do que rezando ao espírito do lume. Unha avaría nun motor solúciónase mellor desde un coñecemento das partes e funcionamento do motor do que axustando pezas aleatoriamente. Unha cousa é, entón, o coñecemento que sexa máis pertinente e válido para solucionar un problema, e outra o que sexa aceptábel polo cliente, que é a marxe de acción que queda. Mais o feito de que un coñecemento non sexa aceptábel por alguén non exclúe a súa potencia operatoria. O feito de que alguén puidese supor que o sol xira arredor da Terra, e non acepte que sexa á inversa, non elimina o feito de que o heliocentrismo ten unha simplicidade e potencia explicativa moito maior.

- En canto aos modelos de terapia, tanto as terapias narrativas como as centradas en solucións segundo Gergen teñen uns métodos que encaixan coas formulacións construcionistas. E en certo aspecto son esencialmente “metodolóxicas”, dado que o que expoñen non é tanto o tipo de narracións ou solucións que poden ser mellores senón un método para facilitar que o suxeito activo desenvolva as súas propias narracións ou solucións funcionais e útiles para el, dada a súa irredutíbel especificidade individual.

Na nosa tradición recordan inevitabelmente á maiéutica socrática e á posición de ignorancia do Sócrates platónico. Porén, debemos sospeitar que baixo a ignorancia de Sócrates se escondía non só un método de entrevista senón tamén un coñecemento que non revelaba. A mesma sospeita xorde a respecto dos terapeutas narrativos e orientados a solucións: a de que posúan un coñecemento que dirixe as súas preguntas e método de entrevista, e que non é explicitado.

En relación ao criterio **obxectivismo-subxectivismo**, Gergen expón o construtivismo entendido como un subxectivismo. A realidade non pode coñecerse. A construción, entón, para Gergen, parécese a unha representación de algo que non pode, por outro lado, ser a realidade que xa sabemos incognoscíbel.

A alternativa do Construcionismo Social é a da linguaxe como fundadora de múltiples realidades que poden coordinarse, mais cada unha é incognoscíbel e a disolución do suxeito na multiplicidade do social e o relacional.

Epistemoloxicamente o Construcionismo Social é un irracionalismo que define que os coñecementos só teñen sentido dentro das súas tradicións. Non se formula a posibilidade de encontrar criterios de potencia operatoria das concepcións. Interesa o efecto pragmático segundo o cliente, o individuo, o defina.

Con anterioridade enunciámos o par obxectivismo-subxectivismo, que remite á dualidade natureza/liberdade. O obxectivismo explica a función como derivada de realidades dadas, obxectivas. O subxectivismo remite a unha vontade interior e irracional como principio explicativo da acción. O Construcionismo Social cabe nestes criterios, mais dunha maneira peculiar.

Gergen formula a deconstrución do axente, do suxeito, en múltiples relacións. Cabe apuntalo entón como un **subxectivismo**. Mais cabe tamén engadir o matiz de que en certo sentido vai un paso máis aló do subxectivismo. Faino porque esvaece na multiplicidade a idea de suxeito axente. Non obstante permanece no irracionalismo por canto non son posíbeis liñas de interpretación a través das cales o axente poida ser coñecido. Non é entón tampouco posíbel o tipo de coñecemento disciplinar ao que aspira a psicoloxía.

Mais, tras deconstruír relacionalmente o suxeito, non dá o seguinte paso, que consistiría en asumir o individuo como determinado pola rede de relacións que o constitúen. Con iso, pecharíase o percorrido dun xeito circular, xa que estaríamos perante unha posición obxectivista, do individuo determinado polas relacións nas que participa. Mais aqueles principios que se expresan na rede de relacións, como a cultura, o grupo social, a interacción, a linguaxe... non acaban de revestir unha entidade obxectiva desde a que determinen a acción individual. Postúlase a disolución do axente en relacións, mais non se consuma, xa que o axente permanece como desexo e interese individual, non explicado desde outras instancias.

O Construcionismo Social sitúase así no **paradoxo do ambientalismo**. Este consiste en que, se o ambientalismo é certo, estamos determinados polo ambiente que nos rodea, e non temos capacidade de decisión nin acción. Se non temos capacidade de decisión nin acción, entón non podemos nin elaborar unha teoría, nin xulgar o seu valor de verdade, nin utilizala, porque todo iso acontecería determinado polo ambiente. O ambientalismo, ao eliminar o suxeito da acción, elimina o valor de toda teoría e de toda verdade, porque non hai xa ninguén que poida xulgala nin usala. Se é unha teoría verdadeira, entón implica que toda teoría é indiferente,

irrelevante con respecto ao acontecer dos feitos, determinados polo ambiente, que inclúen a produción teórica. A verdade do determinismo ambientalista elimina a posibilidade de que alguén o xulgue como verdadeiro con criterio, sinxelamente porque como a nosa acción está determinada polo ambiente que nos rodea, non queda ninguén que poida xulgar.

Se o ambiente me controla e non tomo decisións, entón non podo decidir sobre a verdade da teoría ambientalista, porque iso implica tomar unha decisión, cousa que a teoría establece como imposible. Como nota crítica hai que apuntar que o valor dunha teoría estriba en que esta facilite a toma de decisións con criterio, e non que anule a posibilidade de decidir.

O paradoxo, entón, do ambientalismo consiste en que se a teoría ambientalista é certa, como elimina ao axente capaz de produci-la e usala, establece tamén que toda teoría é indiferente. O Construcionismo Social xoga con ese paradoxo sen apuralo, apuntando ao determinismo mais sen consumalo, xogando a disolvelo.

Neste sentido o Construcionismo Social rexeita o obxectivismo. A súa posición é subxectivista. Cabe apuntar que en certo modo vai máis aló deconstruíndo tamén o subxectivismo ao deconstruír ao axente. E sitúase case nunha posición que diríamos intersubxectivista: o suxeito axente como constituído pola súa rede de relacións. Detense porén na marxe, sen apurar esa postura, xa que no caso de facelo situaríase de novo no inicio do percorrido, nun obxectivismo onde a acción do individuo está determinada pola súa rede de relacións.

Permanece nun ambiguo irracionalismo que rescata o valor da conversación, do encontro, dos significados. Mais non pode ponderalos nin coñecelos, senón só valorar os seus efectos pragmáticos en cada situación concreta. Embebido de multiplicidade, o terapeuta non pode xeneralizar o seu coñecemento entre individuos, nin case, diríamos, entre distintas entrevistas a un mesmo individuo, xa que este pode ter cambiado no período transcorrido entre elas. O terapeuta vese abocado a descubrir cada novo día o mundo na súa totalidade, porque dificilmente pode xeneralizar.

Gergen intenta convencernos de que non hai ningunha formulación válida en maior medida que outra, o cal inclúe, supomos, tamén as súas propias formulacións. Paradoxalmente, se cremos iso lévanos a asumir que non hai ningunha razón válida para crer nel máis aló da simple opción arbitrariamente individual.

#### *2.2.1.2. Addenda: o modelo do Dialogical Self.*

O enfoque do Dialogical Self foi desenvolvido sobre todo por H. J. M. Hermans ao longo dos últimos 25 anos.

Sen entrar en detalle, si que quero mencionalo como outra alternativa no traballo cos problemas aos que se enfrenta o construcionismo de Gergen.

Na obra *The Dialogical Self in Psychotherapy* (Hermans e Dimaggio, 2004), Hermans expón o seu modelo propondo que a teoría xorde do matrimonio teórico de dous conceptos, o Self e o Diálogo. As súas orixes estarían na Psicoloxía do Eu a partir de James e Mead, que influencia especialmente á psicoloxía narrativa centrada nas distintas historias que a xente conta de si mesma e o mundo. Tamén na Dialogical School inspirada por Mikhail Bakhtin, que analizou as posibilidades humanas de comunicación e intercambio.

Hermans indica que o modelo do Dialogical Self propón que as narrativas están estruturadas non só de forma temporal senón tamén espacialmente. Quen conta unha historia sitúase no espazo e o tempo. Cando hai un narrador sempre hai ademais polo menos outra posición, no contorno ou nel mesmo, implicada. O self está inmerso nun mundo de relación. Os outros non son simples voces externas, senón que pasan a ser tamén voces internas. O self non é unha axencia cunha voz, senón con múltiples voces, de maneira que son máis propiamente unha sociedade da mente. O self está constituído por unha multiplicidade de voces que funcionan dunha maneira parcialmente independente xerando as súas propias lembranzas e historias, que se alternan e poden tomar temporalmente o control da acción. Nun diálogo, ademais, sempre se dan relacións de poder, aínda que sexa en dar a vez para falar.

Non pretendo con esta breve exposición afondar no modelo do Dialogical Self nin nas súas formulacións en psicoterapia. Si que quero, non obstante, complementar a Gergen, apuntando a Hermans como unha vía alternativa de saída aos mesmos problemas, aqueles relativos ao valor da interacción en relación ao papel do Eu como entidade. Para iso apunto as seguintes notas críticas.

O Eu, en Gergen, tende a disolverse como produto de múltiples interaccións. Estas interaccións non se especifican, o que permite conservar o suxeito como axente non determinado por elas. A solución de Hermans é introducir no propio self as interaccións. O Eu non é agora produto das interaccións e relacións nas que participa. Agora a súa propia estrutura e organización está constituída por interaccións e diálogos entre distintas personaxes con distintas posturas. O self queda definido como unha multiplicidade de voces en diálogo.

A crítica que exerzo é que aínda é preciso explicar a actividade psicolóxica de cada unha desas voces, entendidas como suxeitos, e a textura psicolóxica do diálogo que manteñen. A postura de Hermans expómola como un xeito diferente de controlar os problemas da interacción, a relación, o diálogo e o papel do Eu aos que se enfrenta o construcionismo de Gergen. Ao noso xuízo Gergen non lle dá unha solución efectiva. A solución do modelo do Dialogical Self supón colocar os mesmos problemas noutro lugar. A tarefa segue a consistir en explicar cada voz e a xestión do diálogo. Sen iso, a postura de Hermans podería parecerse, máis que a unha solución, a un xogo de matrioskas rusas, aquel en que cando abres unha boneca encontras no interior outra versión reducida da mesma boneca.

Vamos aproximarnos agora aos dous modelos psicoterapéuticos que Gergen define

como construcionistas. O primeiro é a Terapia Centrada en Solucións. O segundo é o de White e Epston, que caracterizaremos tamén dentro das Terapias Narrativas.

## 2.2.2. Terapia Centrada en Solucións. Onde o problema deixa de existir.

*Na mente do principiante hai moitas posibilidades;  
na mente do experto hai poucas.*

S. Suzuki. Mente zen, mente de principiante.

A Terapia Centrada en Solucións é un modelo que se clasifica como terapia familiar breve ou terapia sistémica breve. Xorde nos anos 80 no Brief Family Therapy Center de Milwaukee. O seu autor principal é S. De Shazer, destacando outros como I. K. Berg, M. Weiner-Davis, W. H. O'Hanlon, E. Lipchik, W. Gingerich, E. Nunally ou A. Molnar.

De acordo con Eve Lipchik (2009) o cambio que dá lugar ao modelo orixínase en 1982 cando, traballando con espello unidireccional e equipo de supervisión, alguén do equipo suxeriu preguntar á familia polo que lles gustaría que non cambiase, non polo que desexaban cambiar.

Exporemos os principios de funcionamento do modelo a partir de distintas fontes, como De Shazer (1995), De Shazer e cols. (1999), Trepper e cols. (en liña), O'Hanlon e Weiner Davis (1997), Beyebach, M. (1999) e Rodríguez-Arias Palomo e Venero Celís (2006).

Os principios básicos deste enfoque son:

- Modelo baseado na construción de solucións, non na solución de problemas.
- A entrevista céntrase no futuro desexado polo cliente, non en problemas do pasado ou presente. Todo canto fai falta saber é “como saberemos cando estará solucionado o problema?”. Non é preciso dispor dunha descrición detallada da queixa nin dunha explicación de como se mantén o transtorno. Pode conseguirse unha terapia efectiva incluso se o terapeuta non pode describir de que se queixa propiamente o cliente.
- Rexeitamento da noción de resistencia. Esta non consiste nunha censurábel negativa a cambiar, senón nun xeito lexítimo de marcar por onde se quere cambiar e por onde non.
- Trátase de axudar aos clientes a facer algo distinto, ben na súa conduta interactiva ou ben na súa interpretación da conduta ou as situacións. É todo canto se necesita.
- Anímase os clientes a aumentar a frecuencia dos comportamentos útiles, baixo o principio de que “se funciona, fai máis do mesmo”.
- Búscanse as excepcións, situacións nas que o problema podería ter aparecido mais non o fixo.
- Búscanse alternativas a pautas de conduta que se desexa eliminar, mais asúmese a competencia e a existencia de solucións no repertorio dos clientes antes que utilizar un enfoque

de adquisición de habilidades.

- Pequenos cambios son todo o que se necesita para chegar a grandes cambios, un cambio nunha parte promove cambios noutra parte do sistema.

- Non hai unha forma correcta de ver as cousas, hai distintas formas que aumentan ou diminúen a posibilidade de solución. As queixas implican unha conduta ocasionada pola visión do mundo do cliente, que acostuma persistir nas súas ideas orixinais aínda que non lle permitiran solucionar o seu problema.

- Dado que os encadramentos, que son as definicións e significados das cousas, son os que determinan o que podemos ver e facer, a tarefa terapéutica consiste en boa medida na creación de re-encadramentos que promovan a resolución do problema. É tarefa do terapeuta facer dubidar aos clientes dos encadramentos e condutas problemáticas.

- As solucións non están necesariamente relacionadas cos problemas identificados.

- Non é necesario coñecer a causa ou a función dunha queixa para resolvela. As análises sobre o porqué non achegan a solución. É máis importante coñecer o que está a funcionar do que coñecer o que está a ir mal.

- É relevante o concepto de axuste. Para iniciar o cambio terapéutico é esencial o axuste entre a descrición da pauta e forma da queixa e o mapa da intervención por parte do terapeuta, considerando que este constrúe o problema tendo a solución na mente. A intervención ten que axustarse ás pautas do cliente mais sinalando o camiño para saír do problema. A analogía sería que para abrir unha pechadura (problema) non é necesario copiar a chave senón que se pode deseñar unha ganzúa adecuada.

- O terapeuta desenvolve habilidades conversacionais que promoven a construción de solucións por parte do cliente. Estas habilidades conversacionais son diferentes das requiridas para diagnosticar ou tratar problemas, e están orientadas a identificar e ampliar o que está a funcionar.

- A terapia considérase como un esforzo cooperativo onde terapeuta e cliente constrúen xuntos un problema que se pode resolver.

- A entrevista non se centra en explorar os sentimentos, cognicións, condutas ou interaccións problemáticas senón en desenvolver unha visión dun futuro no que o problema está solucionado e amplificar as excepcións, capacidades e recursos para elaborar un camiño que leve a ese futuro.

- É o cliente o que establece os obxectivos da terapia, e a entrevista constitúese como un proceso de diálogo deseñado para achegalo a eses obxectivos. Úsanse para iso preguntas antes que interpretacións, e evítase ao máximo falar acerca do problema e o pasado.

- O modelo identifícase con algunhas preguntas características, como a busca de cambios pretratamento, a pregunta milagre, a busca de excepcións ou as preguntas de escala.

Desde este modelo houbo interese en formalizar os procedementos do terapeuta, de forma que en ocasións se deseñaron árbores de decisión con respecto ao tipo de preguntas que se deben formular, cuestións que indagar e que tipo de tarefas propor segundo a resposta e postura do cliente no paso anterior. Por exemplo, en Selekman (1996, p. 65) ou en De Shazer (1995, p. 84).

Por establecer un contraste diríamos que nun caso de problema de parella con fortes discusións, desde un punto de vista sistémico máis tradicional analizaríase a secuencia dos acontecementos, exploraríase a relación entre a tensión e as pelexas, entenderíase o sentido destas na relación de parella e traballaríase para reducir o espazo do problema. Desde a terapia orientada a solucións, exploraríase o que acontece cando non hai tensión, o que é diferente cando conseguen negociar as diferenzas sen se pelexaren, como o conseguen, de que maneira lles axudan os fillos nese proceso... A intención sería aquí aumentar o espazo dos aspectos non problemáticos.

Dada a énfase nas **habilidades conversacionais do terapeuta** é adecuado precisar a que nos referimos con isto.

A entrevista enténdese sempre como unha intervención a través da importancia de falar das solucións e non dos problemas, e a través do uso da linguaxe que veremos a continuación.

A linguaxe presuposicional implica asumir que ao falar facemos implicitamente unha serie de presuposicións, e trátase de asumir o seu uso consciente e intencionado para os fins da terapia.

Seguindo aquí a Mc Gee, Del Vento e Beavin Bavelas (2004), cabe sinalar que a sistémica desenvolve especialmente o uso de preguntas, a noción das preguntas como intervencións. As nocións esenciais da linguaxe presuposicional serían:

A) Non é posíbel falar sen facer presuposicións. Principios básicos:

1. As presuposicións incluídas nas preguntas inevitabelmente constrúen unha versión dos acontecementos que puido ter sido diferente.
2. A pregunta restrinxen cara a un aspecto particular da experiencia de quen responde.
3. Quen responde debe darlle sentido á pregunta, subministrando inferencias conectoras (conexións que debe facer para dar sentido) e unha base común implícita.
4. A resposta non comenta as presuposicións contidas na pregunta, senón que as acepta.

De acordo cos autores, este esquema asume unha posición construcionista, mais non construcionista radical en canto a que toda versión poida ser igualmente válida ou as palabras poidan ter o significado que se decida. Propón unha análise de proceso, non de resultados, buscando facer unha análise funcional das preguntas e cunha visión interaccional destas, en vez de categorizalas usando nomes a priori.

B) Entón, usar a linguaxe intencionadamente para transmitir que teñen capacidade, que son competentes, que o cambio é posíbel.

A modo de exemplo:

“Cóntame o que fixeches para que as cousas vaian mellor”, presupón que se iniciou o cambio e que este depende do que fixo o paciente.

“Que cousas son diferentes nos momentos nos que estás mellor?”, presupón que non sempre está mal senón que hai momentos nos que está mellor, e que neses instantes hai cousas que son diferentes aos momentos nos que está peor.

“Que máis cousas fas para axudarte a conseguir...?”, presupón que quere conseguir algo e que está a facer algo para iso.

“Prefires enfrentarte de golpe ou aos poucos?”, presupón que en calquera caso vai enfrentarse.

Uso dos tempos verbais coa utilización do futuro para os cambios desexados: “Que farás cando isto xa estea resolto?” implica que vai estar resolto, frente a “que farías se isto se resolvese?” que suxire que podería resolverse ou non. O mesmo caso para “que vai ser diferente cando consigades o que vos propondes?”, frente a “que sería diferente se conseguísedes o que vos propondes?”

A Terapia Centrada en Solucións é un enfoque moi centrado nos comportamentos e accións, e foi criticada en ocasións desde os seus propios integrantes a pouca atención dedicada ás emocións (Lipchik, 2009). Por outro lado, desde órganos oficiais do modelo foron apuntadas as proximidades coa Entrevista Motivacional de Miller e Rollnick coa terapia Cognitivo Condutual e coa Terapia Narrativa (Trepper e cols., en liña).

#### *2.2.2.1. Reflexións á volta da Terapia Centrada en Solucións*

Trátase dun enfoque eminentemente **pragmatista**. No límite, defende que non fai falta coñecer cal é o problema para solucionalo. O relevante é o método de conversación que o terapeuta debe usar para facer que o cliente encamiñe a súa actividade de maneira que solucione os problemas que el define como tales, alcanzando as solucións que el defina como tales.

Os seus esforzos céntranse entón en desenvolver unha elaborada técnica de conversación que mobilice os recursos do cliente. Isto apréciase no interese por crear esquemas que indiquen os pasos a seguir polo terapeuta no diálogo, de maneira que a estrutura da conversación estea ben deseñada e organizada. Mais non hai un desenvolvemento de verdade ou coñecemento en ámbitos diferentes ao do método de intervención do terapeuta.

Non hai unha teoría do suxeito e nin sequera, como víamos, dos problemas. Supomos que a intervención do terapeuta trae á práctica implicitamente unha idea daquilo sobre o que

está a intervir. Mais non hai interese en teorizalo ou organizalo. Non hai un criterio de verdade nin realidade.

O eixo da conversación é crear unha nova realidade que o cliente considere ao tempo factíbel e libre de problemas e que lle permita achegarse aos seus obxectivos, sen interesarse polo estado actual das cousas. Os clientes e a súa experiencia son, ademais, únicos, de maneira que o coñecemento que obtemos co tempo sería a experiencia daqueles recursos conversacionais que foron repetidamente útiles. Estes recursos son os que permiten “co-crear problemas resolúbeis” (O’Hanlon e Weiner-Davis 97). Mais non hai unha teorización das dimensións que fan un problema resolúbel.

Efectivamente, a ferramenta terapéutica consiste en elementos como o uso dunha linguaxe proposicional e o cambio de foco cara o futuro sen problemas, que é suficiente para obter os resultados terapéuticos. Trátase, polo tanto, dun uso sofisticado da linguaxe para producir un cambio de perspectiva. Estes serían os principios de cambio e xénese. O seu exercicio implica, necesariamente, elaboradas operacións. Mais en ausencia dunha concepción construtiva do suxeito ou dos problemas, estas operacións do terapeuta quedan un tanto no vacío. Non se sabe ben cal é o material sobre o que operan.

É polo tanto unha posición **subxectivista**, na que a actividade psicolóxica é individual e particular, e nada podemos dicir sobre ela excepto o que vaiamos descubrindo en cada conversación concreta. Non hai unha idea de función nin construción. A tarefa do terapeuta consiste en modificar a perspectiva do cliente nunha dirección que a este lle permita sentir que alcanzou a solución. No límite, todo o proceso parece acontecer alleo a ningunha mirada, na interioridade da organización psicolóxica do cliente. O terapeuta, que aporta o seu facer conversacional, descoñece o problema e case diríamos que descoñece tamén o proceso da súa solución.

É un enfoque pragmatista e subxectivista, que traballa cos principios de liberdade, actividade e competencia do cliente sen especificalos nin investigalos. É un subxectivismo interesado na construción lingüística dunha realidade diferente que sexa máis útil dun xeito particular ao cliente. O peculiar é que nun sentido pragmático, e diríamos antipositivista, saca do foco de coñecemento disciplinar ao suxeito-cliente e ao problema, mais organiza conscienciadamente o modo de práctica do terapeuta.

### 2.2.3. Os Modelos Narrativos. A Verdade é unha historia.

Os modelos narrativos e a narración como metáfora do psicolóxico tiveron unha popularidade en aumento ao longo das últimas dúas décadas. Seguindo a Machado e Gonçalves (1999), é Theodore Sarbin quen introduce a narrativa como “metáfora raíz” alternativa para a psicoloxía no seu libro do ano 1986, *Narrative psychology: the storied nature of human conduct*, sendo outra contribución destacada dese mesmo ano a de Jerome Bruner, que na súa

obra *Actual minds posible worlds* defende a necesidade de entender os seres humanos como creadores de significados, e o pensamento narrativo como o proceso de orixe, desenvolvemento e cambio dese significado. Polkinghorne e outros autores posteriores contribuirían ao desenvolvemento da concepción narrativa da psicoloxía e psicoterapia.

Vamos facer unha exposición inicial do que pode implicar un modelo narrativo da man de Fernández Liria, psiquiatra e psicoterapeuta con ampla traxectoria clínica, docente e institucional en España. Despois exporemos con máis detalle dous modelos que presentan distintas características, como son o de White e Epston, que completa o panorama do construcionismo social en psicoterapia, e posteriormente o de Gonçalves, que desde a narración opta por unha vía non construcionista.

Fernández Liria (2000) asume unha **posición postmoderna**. Entón indica que as intervencións en psicoterapia non poden ser caracterizadas como interpretacións, o cal implicaría relación coa verdade. As intervencións son comentarios, é dicir, a exposición dunha serie de significados suxeridos polo texto. A tarefa do terapeuta non consiste en coñecer algo que é dado, como di que acontece no traballo científico. Trátase máis ben de crear co paciente unha nova versión da historia que elimine a necesidade do síntoma. A meta non sería a verdade, senón a saúde.

A opción para axustarse á especificidade do cliente consiste en deseñar ad hoc as narrativas que mellor encaixen co que este trae. Estas narrativas teñen unhas características xerais, son diferentes de forma que posibiliten novas vías de acción, mais similares e integradoras dos valores do cliente de forma que sexan aceptábeis por este. As posibilidades son moi amplas e poden usarse esquemas de tipo cognitivo, condutual, sistémico ou existencial, así como é recomendábel o achegamento sistemático a fontes literarias.

Fernández Liria constata que o desenvolvemento da psicoloxía académica se produce esencialmente dunha maneira independente con respecto á psicoloxía clínica, e neste aspecto sinala por exemplo a escasa influencia da psicoloxía cognitiva nas terapias cognitivas. O fin das certezas aboca para o autor a unha postmodernidade na que a psicoterapia é unha disciplina esencialmente retórica.

### 2.2.3.1. Reflexións á volta dos modelos narrativos segundo Fernández Liria

Diríamos que a aplicación útil dunha narración a un caso concreto convén afinala para saber como e porqué. Mais aquí non se buscan, ou non son unha prioridade, as claves operatorias no deseño dunha historia funcional, nin o que fai que o sexa, que é o que lle interesa a unha disciplina. Poderíamos, seguindo a Liria, acordar que todo é comentario, xa que non cabe afirmar que dispoñamos de interpretacións da verdade con maiúsculas. Mais podemos engadir que as nosas accións se encontran sempre con límites. As propias accións e condicións que fan posíbel unha vontade, ao mesmo tempo limítana. E iso fai que en moitos casos haxa accións e

comentarios máis adecuados que outros, uns con maior valor operatorio que outros.

A relación psicoterapéutica entre dous suxeitos precisa incorporar persuasión e faise a través da relación. Mais o feito de que non poidamos controlar un cliente como facemos cunha rata nunha caixa de Skinner, ou un estudante nun experimento de psicolingüística, controlando ao máximo as variábeis, non implica que o proceso psicoterapéutico sexa puramente particular e incognoscíbel.

Estendereime nestes aspectos ao fío dos seguintes autores.

#### 2.2.4. White e Epston. Os medios narrativos para fins terapéuticos

*Anque munchos pisaren esi prau, nun t'importe:  
entovía ye tuyu. Ensin sabelo naide  
sali de casa y vete,  
dempués de tantos años,  
a facer posesión del to dominiu.*

Xosé Manuel Valdés. Memoria Encesa.

David Epston é un Traballador Social e Terapeuta Familiar neozelandés. Michael White é, quizá, máis coñecido que o seu colega. Traballador Social e Terapeuta Familiar australiano, desenvolveu a súa obra no Dulwich Centre, que fundou en 1983. Algunhas das súas influencias serían Bateson e a teoría de sistemas e cibernética que alimentou a sistémica, a idea da construción narrativa da realidade do psicólogo J.S. Bruner, a antropoloxía cultural, a psicoloxía de James e Vigotsky e o postestruturalismo crítico de Derrida e especialmente Foucault.

Desenvolven un formato de terapia narrativa que exporei conforme á súa coñecida obra *Medios Narrativos para Fins Terapéuticos* (White e Epston, 1993).

Dado que non podemos coñecer a realidade obxectiva, **todo coñecemento require un acto de interpretación**. Toda interpretación está determinada polos nosos marcos interpretativos, polas nosas analoxías. Porén, fronte á idea de que a interpretación se produce a partir dun mapa, a idea é que esta se realiza a través dunha narración. A narración incorpora a localización dos eventos no tempo, a orde, o cal facilita a comprensión do cambio.

Con respecto á terapia familiar trataríase de que non é a estrutura subxacente ou disfunción familiar a que determina o comportamento. O que determina o comportamento é o significado que os membros atribúen aos feitos. O interese está en como as persoas organizan as súas vidas arredor de certos significados. As persoas buscan un relato coherente de si mesmas e do mundo que as rodea para dar sentido á súa vida. Cada relato contén un pasado, un presente e un futuro, expresa aspectos escollidos das nosas vivencias e orienta as accións. Cada vez que actualizamos o relato realizamos un proceso de reescrita que afonda nel e varíao.

Para a psicoterapia o suposto xeral é que as persoas solicitan axuda psicoterapéutica para os seus problemas cando as narracións dentro das que relatan a súa experiencia non representan adecuadamente as súas vivencias. Un resultado aceptábel sería entón a xeración de novos relatos que permitan representar novos significados máis útiles, satisfactorios e con final aberto.

Os aspectos da experiencia vivida que caen fóra do relato son os “**acontecementos extraordinarios**”. A súa identificación facilítase mediante a externalización. Este é un método para separar as persoas dos seus relatos, e así aumentar a axencia persoal. Para iso comézase preguntando como estivo o problema afectando á súa vida e relacións. Vaise así construíndo unha versión do problema como algo cousificado, personalizado en ocasións mais en todo caso como unha entidade allea ao individuo. Algo que a persoa poida contemplar desde unha posición de distancia, como una entidade que lle afecta mais non forma parte dela. Unha vez creada distancia e identificados os acontecementos extraordinarios, convídase a que se lles atribúan significados nun relato alternativo.

Esta recuperación de vidas e relacións nunha tradición oral lógrase facendo preguntas que invitan a afondar en interpretacións diferentes (Como puido vostede resistir á influencia do problema nesta ocasión?; como cre que esta información afectará ás súas próximas accións?; se te negas a colaborar co problema nesta forma, estás facéndoo aumentar ou diminuír?).

Ao incorporar a tradición narrativa recórrese tamén a documentos escritos. Utilízanse por exemplo cartas, escritas unhas veces polos terapeutas e outras polos clientes, con motivacións diversas como por exemplo convidar a alguén á consulta, predicir o futuro, celebrar un día especial, facer unha reflexión post-sesión, pedir axuda ou facer diversas descricións ou desafíos no tocante ao problema. En ocasións unha carta pode recibir outra carta por resposta. Tamén se utilizan, por exemplo, diversos certificados, diplomas e auto-certificados como recoñecemento polos logros realizados polos clientes. Estes medios posibilitan utilizar tamén a linguaxe escrita como modo de reescribir as historias e xerar cambios, e poden ser usados de formas moi diversas para adecuarse ao problema.

No tocante ás preguntas utilizadas neste proceso, un primeiro conxunto refírese ás preguntas de influencia relativa, aquelas que rastrexan a influencia do problema na vida e relacións dos clientes. Despois, un segundo conxunto de preguntas indaga sobre a influencia das persoas na vida e aumento ou diminución do problema.

As persoas revisan así a súa relación co problema e redefinen o grao en que colaborarán no seu mantemento ou desaparición.

Este proceso de externalización estaría indicado nos casos de relatos vitais saturados de problemas, non en todos os casos.

Non obstante, a re-narración activa da experiencia, a través da recombinação de novas pautas, aporta novas posibilidades para a posesión dun mesmo, os outros e as relacións. Permite

a emerxencia de narrativas distintas á dominante que non estean saturadas polo problema.

O que se propón é conformar a terapia segundo a analoxía do texto. Isto permítenos tamén estudar a acción e os efectos do poder sobre as vidas e as relacións. Iso faise, como veremos, segundo as formulacións de **Foucault**, que os autores explican nos seguintes termos.

O poder é determinante e constitutivo da vida das persoas, non simplemente unha instancia represora, senón que nos conforma. A nosa vida está configurada segundo verdades normalizadoras que organizan as nosas vidas e relacións, e que son producidas no funcionamento do poder. Máis que reprimir, estas verdades subxugan, conformando as persoas.

Poder e coñecemento son así inseparábeis, xa que a produción de verdade se exerce a través do poder, e viceversa.

O discurso científico da realidade obxectiva permite isolar uns coñecementos e situalos nun lugar máis elevado dentro da xerarquía do saber.

Críticase a idea de que as técnicas de poder sexan activadas desde arriba para transformar a quen está embaixo. Alternativamente, débese a orixe local do poder en técnicas de control social, organización e distribución das persoas, rexistro, avaliación e vixilancia. Créase así unha sociedade da ollada omnipresente. É nun nivel local onde o exercicio do poder se desenvolve, e tamén onde está menos oculto e é máis accesíbel á crítica e análise.

Foucault non propón unha ideoloxía alternativa para organizar as nosas vidas. Non nega o coñecemento nin defende o positivismo. Porén defende que fronte ao relato oficial é de recibo a insurrección dos coñecementos subxugados, populares, descualificados, que permitan unha crítica efectiva e alternativa do relato dominante.

A analoxía do texto mantén que o significado se obtén a través da estruturación da experiencia en relatos. A representación deses relatos realízase a través da linguaxe, e é constitutiva da vida e as relacións.

Os problemas que conducen ás persoas á terapia experimentanse cando as narracións que contan a súa experiencia non representan adecuadamente as súas vivencias. Nese caso haberá aspectos das súas vivencias que as persoas valoren mais que contradigan esa narración dominante, e poderán xerarse relatos alternativos que os inclúan.

A posición foucaultiana antes exposta respecto ao poder e ao coñecemento leva a cuestionar o científicismo das ciencias humanas e a desconfiar dos discursos das disciplinas profesionais. A tarefa é identificar o contexto das ideas no que as nosas prácticas están situadas e explorar a historia desas ideas, co fin de identificar os efectos, perigos e limitacións desas ideas e prácticas. A actividade que se propón é o cuestionamento das prácticas e a ideoloxía dominante.

Os autores establecen tamén unha diferenciación entre o pensamento lóxico-científico e o narrativo.

O pensamento lóxico-científico elabora construtos cousificados e clasificacións que

eliminan as particularidades da experiencia persoal. Búscanse leis e feitos atemporais, e úsanse os tempos verbais no modo indicativo co fin de reducir incerteza e complexidade. Oriéntase á consistencia, non contradición, concreción e evitación de polisemia. A persoa tende a ser un escenario pasivo que reacciona perante diversas forzas ou impulsos.

En oposición a isto, os autores apuntan que o pensamento narrativo dá importancia ás particularidades da experiencia vivida, ao significado como conexión no tempo entre os eventos vividos, á trama, ao uso dos tempos verbais no modo subxuntivo e ao polisémico e implícito, á vivencia das persoas como protagonistas, á inclusión do observador na acción e á axencia persoal.

#### *2.2.4.1. Reflexións á volta do modelo narrativo de White e Epston*

Cabe cualificar a postura de White e Epston como un **pragmatismo narrativista**. O suxeito é un axente con vontade que se move interpretando segundo as narracións, ás cales pode achegarse, afastarse, variar, co utilitarismo como criterio de elección. Non hai xénese do coñecemento nin a elección máis aló. Sabemos que hai relatos que representan máis e menos adecuadamente as vivencias. Mais nada podemos dicir sobre as historias nin as vivencias nun sentido xeral; só podemos buscar, case ás apalpadadas, unha nova historia que encaixe mellor coas vivencias do cliente actual. Proponen unha metodoloxía de utilización das historias, sen afondar nas características destas, senón máis ben propondo como debe ser a acción do terapeuta para abrir alternativas.

En canto á postura en relación á verdade, os autores manteñen unha **posición escéptica**. A realidade reconfórmase constantemente cada vez que se re-narra unha historia. Non hai verdade, senón diferentes relatos con diferentes efectos individuais. Hai uns trazos xerais dos relatos, que integran mellor as vivencias e abren máis vías de desenvolvemento. Mais a postura con respecto á verdade é de escepticismo. Hai, máis ben, en liña con Foucault, unha desconfianza da verdade como lugar do exercicio do poder conformador. Non hai construción senón substitución ou modificación dos relatos. Non hai historia como algo intelixíbel e con sentido.

O plano das vivencias do suxeito e os efectos das historias no seu benestar permanece no fondo como o plano lexitimador último, e é a conexión coa actividade operatoria. Mais permanece sen concreción, e esa falta de concreción dificulta á súa vez a maior concreción dos trazos e características das narracións e a súa dinámica.

A función ou unidade de operación é a atribución de significado situando os eventos na pauta temporal da narración. A linguaxe é, polo tanto, a posibilidade de significado, e a narración a posibilidade de intelixibilidade. Estes rexistros asumen toda a operatoriedade do suxeito, que é aquí lingüística e narrativa.

A relación individuo-sociedade reviste uns matices peculiares. A particular forma de

“enculturación” deste modelo refírese á forma en que o individuo se conforma segundo o poder exercido a través das historias dominantes. Estas “cólanse”, por dicilo de algunha maneira, á capacidade de axencia, conformándoa tamén. A externalización e os relatos alternativos permiten xerar unha axencia descolada deses relatos dominantes e máis útil e funcional para o suxeito. Mais toda esa acción se desdóbrase nun plano individual e persoal. O social é xeral máis que particular cando referido aos relatos dominantes. Mais en terapia é o individuo o que busca os relatos que lle van mellor particularmente. Dalgunha maneira a integración colectiva sería negativa, e sería máis positiva a creación de individualidades nos relatos de forma que estes se axusten aos casos particulares. Búscase, en certa maneira, que o individuo se libere do poder opresor da cultura, entendida como relato dominante, creando relatos máis individualizados que respondan mellor á realidade particular de cada cliente.

Supón unha **posición subxectivista e pragmatista**, na que a actividade psicolóxica é o uso de relatos máis ou menos adecuados ao individuo. O psicolóxico redúcese entón a narración orientada ao interese persoal, no mellor dos casos. Hai un irracionalismo por canto a razón queda reducida aos xuízos orientados a organizar o coñecemento e a narración para a utilidade individual, segundo criterios que descoñecemos.

Neste sentido subxectivista consérvase o sentido de axencia persoal. Mais dunha maneira característica que é a seguinte. Estamos conformados polas narracións, mais a vontade como axencia pódese fortalecer distanciándose delas. Non hai sentido xenético ou construtivo, aínda que loxicamente o terapeuta experimentado exerza heurísticos para o deseño de narracións máis ou menos adecuadas. Mais tales regras, usadas necesariamente, non se explicitan.

Nas categorías de análise apuntouse a dicotomía entre a natureza que nos determina fronte á liberdade que nos permite obrar sobre a natureza. Aquí as historias dominantes resultan ser aquilo que nos determina. A crítica a estas é unha opción que nos permite exercer a liberdade, unha liberdade á que non se lle explicitan constricións.

Os autores articulan a súa terapia a partir da concepción foucaltiana do poder. E a obxección de fondo que se lles pode facer é a mesma que se pode facer á análise foucaltiana. A crítica ao poder, aos relatos dominantes e a como nos confirman resulta extraordinariamente rica. Mais... pódese facer sen adoptar nin defender ningunha outra posición?

Dá a impresión de que o axente que realiza a crítica pode moverse libremente entre as distintas opcións e historias, adoptando aquelas que o enriquezan máis. Mais estando el, na medida en que critica e se libera das historias dominantes, libre e indeterminado. É como se o observador exercese un xogo de perspectivas, a través da crítica. Un xogo no que se puidese colocar non xa fóra do sistema, senón fóra das condicións que posibilitan calquera crítica, isto é, o feito de estar no mundo, o que implica ocupar unha posición e perspectiva.

A respecto da psicoterapia, cabe apuntar que non é posíbel exercer unha posición de observador que non ocupe unha posición e perspectiva. Entón a postura desexábel para o cliente

é aquela que lle permita operar mellor para solucionar o seu problema. A postura desexábel para o terapeuta é a que lle permita operar mellor para que o cliente opere solucionando o seu problema. Isto pode comezar a acontecer por sondaxes. Mais o sentido do coñecemento en psicoterapia consiste no estudo das condicións de operación tanto do cliente como do terapeuta. Desta maneira non precisaremos comezar con cada novo cliente de cero, senón partir dun coñecemento que permita orientar as sondaxes da entrevista.

Vou agora formular o modelo de Gonçalves. Expómoloo aquí por se tratar dunha terapia narrativa. No entanto, traballa coas narrativas nunha dirección que o afasta do construcionismo. A liña que segue é a de, defendendo que o significado reside na narrativa, precisar as características invariantes desas narrativas que fai que unhas sexan diferentes doutras. Vexámolo.

#### 2.2.5. Gonçalves e a súa Psicoterapia Cognitiva Narrativa. A Verdade da Narración

Profesor de Psicoloxía na portuguesa Universidade do Minho, e formado tamén en Neurociencias en España, desenvolveu no seu modelo a definición e categorización das narrativas.

Seguiremos aquí a exposición que o propio autor fai das súas formulacións psicoterapéuticas no seu libro *Psicoterapia Cognitiva Narrativa. Manual de terapia breve* (Gonçalves 2006).

Pretende presentar unha alternativa aos modelos mecanicistas e racionalistas cunha epistemoloxía baseada nos conceptos de existencia, significado, narrativa e cultura. Propón o apoio na idea do proceso de construción do coñecemento como activo para cuestionar o proxecto estruturalista e molecularista wundtiano. A saída pasa por recuperar a proposta de Brentano e resituar o obxecto da psicoloxía no dominio da experiencia.

Defende 4 principios básicos:

- A narrativa constitúe o proceso por medio do cal os individuos constrúen significados da súa experiencia.
- A psicopatoloxía remite a dificultades específicas de elaboración narrativa, correspondendo diferentes tipos de psicopatoloxía a prototipos específicos de elaboración narrativa.
- A produción de narrativas mellora a saúde física e psicolóxica.
- Os pacientes que máis se benefician dun proceso narrativo son aqueles cuxas narrativas melloran en coherencia e elaboran progresivamente aspectos emocionais, cognitivos e de significado.

A construción de significados no proceso de coñecer e existir transforma a realidade. A linguaxe constitúese en fundadora da experiencia mais non en canto ao significado abstracto das palabras, o cal sería un novo estruturalismo, senón pola forma en que as palabras se van relacionando unhas con outras establecendo unha **matriz narrativa**. A narrativa, pola súa vez, non é un acto mental individual a modo de esquema mental, senón unha produción discursiva interpersonal. A idea apunta á noción de que a materia, e o individuo, defínense pola consistencia da rede de relacións e non pola existencia de elementos fundamentais.

Rexéitase a idea da existencia de elementos dunha realidade interna esencial e a existencia dun ser humano individualizado e autónomo. A fenomenoloxía do transtorno non é reflexo dunha disfunción interna senón un transtorno do discurso narrativo. Non hai psicopatoloxía sen interlocutor e esta sería outra con outro interlocutor.

A matriz narrativa ten estrutura, asociada á coherencia, ten proceso, asociado á complexidade, e ten contido, asociado á multiplicidade. As investigacións nesta liña apuntan a que a mellora no proceso psicoterapéutico vai asociada a un enriquecemento nas narrativas, e a psicopatoloxía vai asociada á incapacidade para ter unha visión multifacética da experiencia. Deféndese a existencia de narrativas prototipo con invariantes asociadas a psicopatoloxías específicas (drogas, alcol, anorexia, agorafobia, depresión, obsesión-compulsión).

Trátase de dar resposta á necesidade psicolóxica de dar orde, sentido e coherencia á experiencia. Ao tempo que se reconece a multiplicidade do real. Para iso desenvolve un método para aumentar a auto-conciencia do cliente e capacitálo para construír un discurso narrativo máis rico en termos de multiplicidade, complexidade e coherencia xa que esa é a esixencia da nosa moderna sociedade complexa. Estrutura coidadosamente a terapia en quince sesións, aínda que apunta que isto non é algo ríxido. A terapia está organizada en fases para traballar sucesivamente os procesos que denomina lembranza, obxectivación (sensacións), subxectivación (emocións), metaforización e proxección (cara o futuro).

#### *2.2.5.1. Reflexións á volta de Gonçalves*

**O psicolóxico pasa a narración**, que é o que se propón controlar na terapia. A persoa convértese en discurso. A narración pasa de ser unha produción ou actividade do suxeito a ser a súa existencia, rica ou pobre, patolóxica ou sa.

A idea da produción discursiva como interpersonal e o individuo como determinado pola rede de relacións é próxima á opción de Gergen de disolver a persoa como entidade nun marco onde o significado xorde na relación con outros.

No entanto, Gonçalves dá un paso atrás con respecto a Gergen. A produción discursiva é interpersonal e as determinacións do individuo xorden na súa rede de relacións, mais hai unhas

características racionais que o relato debe cumprir. O sentido é aberto mais a narración debe desenvolverse cuns trazos específicos.

Na narración identifícanse factores adecuados, que se promoven na terapia estruturada, e relatos e invariantes característicos de problemas concretos. A partir desta posición hai unha idea normativa en relación ao que é correcto (san) ou incorrecto para o suxeito, entendido como trazos formais do discurso, e métodos para promovelos. Non obstante diríamos que o relato come a quen o produce e case parece que poderíamos chegar a falar non de xenes egoístas senón de relatos egoístas.

A Psicoterapia Cognitiva Narrativa de Gonçalves busca xerar verdade e coñecemento do suxeito. Isto faino a través do estudo das matrices narrativas, a estrutura das historias, que é a que permite crear ou disolver os problemas, e que é o que se traballa en terapia. Mais a narración, como sinalamos, parece comer ao suxeito, pasa a ser o suxeito. Supón entón un obxectivismo onde é a narración o ámbito en que se produce a actividade psicolóxica. O psicolóxico queda reducido a narración, cunhas características que poden estudarse e controlarse.

A matriz narrativa exerce un papel organizador, configurando, dando intelixibilidade e aportando trazos xenéricos e non puramente particulares. Non é, polo tanto, unha opción pragmatista, no sentido da existencia dunha vontade indeterminada. Tampouco é unha opción subxectivista, nun sentido individualista e irracionalista.

Queremos con isto apuntar as súas diferenzas con respecto aos construcionismos, mais ao mesmo tempo apuntar tamén á dialéctica entre obxectivismos e subxectivismos que xa comentamos.

O enfoque construcionista de Gergen expón que son as múltiples interaccións o que constitúe ao suxeito. Os enfoques narrativos falan de narracións e historias como configuradoras. Se non entran a definir as formas concretas nas que esas interaccións ou narracións determinan ao suxeito, manteñen unha postura que definín como subxectivista no caso de White e Epston e de Gergen, aínda que neste último fixen referencia a como apunta a algo que poderíamos denominar intersubxectivismo. Postúlase un suxeito axente, que non se especifica nin estuda. Este axente é entón individual e irracional, dado que necesitamos postulalo para nos relacionar con el, mais non podemos coñecer nin xeneralizar ningunha das súas características máis aló do momento concreto da interacción.

Gonçalves pasa a especificar as características das narracións que configuran o suxeito. Entón este pasa a estar determinado, constituído por esas narracións, e pasamos a unha **posición obxectivista**. En ausencia dunha concepción xenética e construtiva do suxeito, este desaparece na dialéctica entre subxectivismo e obxectivismo, ou indeterminado e incognoscíbel ao modo subxectivista e pragmatista de White e Epston, ou determinado por entidades obxectivas, como as matrices narrativas de Gonçalves.

Neste sentido diríamos que a psicoterapia de Gonçalves é, facendo honra ao seu nome, quizá máis propiamente cognitivista e narrativista do que construtivista.

## 2.3. OS CONSTRUTIVISMOS

### 2.3.1. A Psicoloxía dos Construtos Persoais de Kelly. O pioneiro

Kelly é consistentemente citado como o primeiro creador dunha psicoterapia construtivista, nas décadas de 1930-40. A súa terapia do rol fixo é citada como a primeira forma de terapia breve por Neimeyer (2004), que apunta ademais a puxanza actual desta teoría.

Non obstante Kelly presentou a súa teoría cunha linguaxe idiosincrásica e sen dar pé a establecer similitudes con outros enfoques, o que probabelmente limitou a súa popularidade.

Exporemos a continuación a teoría de Kelly conforme o seu libro *A Theory of Personality: The Psychology of Personal Constructs* (Kelly, 1963).

A súa teoría está pensada para a psicoterapia e para a área da readaptación humana ao estrese. O foco de conveniencia para esta teoría, o rango no que se espera que funcione, consiste en encontrar maneiras para que a persoa reconstrúa psicoloxicamente a súa vida e non sexa vítima do seu pasado.

Denomina o seu modelo *alternativismo construtivo*, na medida en que tomamos unha posición para a que sempre hai alternativas, e toda postura está sempre suxeita á revisión ou cambio.

Describe a súa teoría nos termos dos seguintes postulados e corolarios:

-*Postulado fundamental da teoría*: os procesos da persoa están psicoloxicamente canalizados polos modos en que anticipa os eventos.

-*Corolario da construción*: As persoas anticipan os eventos construíndo réplicas destes.

-*Corolario da individualidade*: As persoas difiren entre si na construción dos eventos.

-*Corolario de organización*: Cada persoa desenvolve, para anticipar eventos, un sistema de construtos que implica relacións ordinais entre eles.

-*Corolario de dicotomía*: O sistema de construción dunha persoa está composto dun número finito de construtos dicotómicos.

-*Corolario de elección*: Unha persoa elixe para si mesma aquela alternativa nun construto dicotómico a través da cal anticipa a maior posibilidade de extensión e definición do seu sistema.

-*Corolario do rango*: Un construto é conveniente para a anticipación dun rango finito de eventos.

-*Corolario da experiencia*: O sistema de construción dunha persoa varía a medida que constrúe réplicas exitosas dos eventos.

*-Corolario da modulación:* A variación do sistema de construción dunha persoa está limitada pola permeabilidade dos construtos dentro de cuxo rango de conveniencia se apoian as ditas variacións.

*-Corolario da fragmentación:* Unha persoa pode empregar con éxito unha variedade de subsistemas que son inferencialmente compatíbeis entre si.

*-Corolario de comunalidade:* Na medida en que unha persoa emprega construcións da experiencia similares ás empregadas por outro, os seus procesos psicolóxicos serán similares.

*-Corolario de socialidade:* Na medida en que unha persoa constrúe os procesos de construción doutra, pode xogar un papel nun proceso social que implique á outra persoa.

A metáfora da que parte é a da **persoa como científica**, cuxo obxectivo é predicir e controlar. Para iso vai xerando un sistema de construtos que crea e encaixa (fit) tentativamente sobre as realidades que compoñen o mundo. Os construtos teñen natureza anticipatoria, serven para facer predicións. Tales predicións non sempre se comprobán, como sería o proceder rigoroso, mais son as que configuran a nosa visión do mundo. Os sistemas de construtos adecúanse a ámbitos específicos da realidade, teñen rangos de validez e non son universais, e neles os construtos están organizados dun xeito xerárquico. Son ademais dicotómicos, con dous polos opostos. De acordo con Kelly, o contexto mínimo para un construto son tres cousas, dúas que se parecen en algo e unha que é diferente nesa propiedade. Exemplos de construtos serían madurez vs. infantilismo, ou medo vs. dominación. Para cada situación poderíase describir a actuación da persoa con conformidade a algún construto, e de feito cando sabemos baixo que construto opera alguén, entendémolo.

Os construtos obtéñense mediante a abstracción de propiedades dos eventos, e as predicións fanse en base a esas mesmas propiedades. Para dar sentido aos eventos unirémolos con construtos; para dar sentido aos construtos concretámoslos en eventos.

A persoa ten elección por canto todo construto é dicotómico, e o sistema de construtos representa unha rede na que é libre para moverse. As posibilidades de elección están limitadas polos límites dos construtos, e son libres dentro desas opcións. Ademais existe liberdade para a definición e desenvolvemento do sistema na dirección que se decida.

Os construtos que están activados, por utilizar unha analoxía electrónica, son unha pauta de escaneo que a persoa proxecta sobre o seu mundo. Canto máis adecuados sexan, máis cheo de significado é o seu mundo.

O feito de que unha persoa se identifique cun polo dun construto, ou que cambie o elemento que simboliza a categoría, pode xerar cambios nas súas condutas e pode tamén conducir a novas experiencias. Kelly indica que, por exemplo, ao referírmonos ao feito de alguén ser como a súa nai, se esa persoa se identifica con iso, pode variar o seu comportamento

en maneiras que non podemos predicir dado que non coñecemos todas as implicacións e matices do concepto 'nai' para esa persoa. Os cambios no rol xerados ao operar con outro construto poden ser liberadores, para o cliente ou para outra persoa próxima, mais tamén o deixan nunha posición insegura até que lle permiten xerar novas certeza e regras nese terreo até entón inexplorado.

A formación de novos construtos é máis fácil en contextos que non impliquen o Eu do cliente ou a súa familia, e tamén é máis fácil con elementos novos, e en contextos de experimentación. A aplicación e validación dos construtos implica a posta en marcha de condutas coherentes con eles.

Un construto é ameazante cando é un elemento dun construto supraordenado que é incompatíbel con outros construtos supraordenados. Cando diversos elementos forman un construto intolerábel a persoa dispérsaos ou rexéitao. Os recursos que se mobilizan para isto non sempre son maduros, e a persoa pode comportarse dun xeito infantil. Tamén pode bloquearse a posibilidade de novos construtos debido á preocupación constante por vello material, ou ben porque os vellos construtos sexan impermeábeis.

Até este punto a exposición de Kelly segundo a obra sinalada. Vamos agora complementar os aspectos de avaliación e tratamento, que Kelly non trata aquí, seguindo a Feixas e Villegas (2000).

A metodoloxía de avaliación que se desprende das formulacións de Kelly non busca clasificar o suxeito nunhas coordenadas preestablecidas polo investigador. En vez disto pregúntase polas dimensións utilizadas pola persoa para comprender e estruturar a súa realidade.

Utilízanse diversos procedementos, desde a entrevista e o estudo de textos elaborados polo cliente até técnicas específicas como a técnica da reixa ou métodos de escalamento. A finalidade é extraer os construtos dicotómicos cos que a persoa interpreta as situacións, estruturalos como construtos supraordenados e subordinados e estudar os cursos de movemento máis factíbeis e a súa finalidade, dentro dese sistema.

O problema considérase unha incapacidade do sistema de construtos do cliente para acomodarse aos acontecementos cos que se enfrenta. As persoas escollen, de forma non necesariamente consciente, aquelas alternativas de construción máis viábeis dentro dos seus propios sistemas. Entón poden usalas repetidamente, aínda que estean a ser invalidadas na práctica.

Cando o ciclo de experiencia non flúe, xorden dificultades. Por exemplo, as persoas depresivas limitan o seu mundo de experiencia para evitar feitos que cuestionen a súa construción dos feitos, predominantemente negativa, preservándoa así. As personalidades psicopáticas enfréntanse aos feitos que non se acomodan ás súas prediccións obrigando aos demais a cumprilas. Nunha persoa con tartamudez, o construto presenta dous polos, eu-tartamudeando fronte a eu-falando-con fluidez. O polo eu-tartamudeando presentará unha

grande elaboración e numerosos construtos subordinados, tendo polo tanto unha grande capacidade predictiva, mentres que o polo oposto carecerá de elaboración.

Para a terapia trátase de captar o sistema de construtos do cliente tal e como é. Este é experto no seu mundo. O terapeuta sería experto en relacións humanas e funcionamento dos sistemas de construción.

O proceso terapéutico enténdese como unha investigación conxunta e consta de diversas fases. O eixo componse dos experimentos nos que se elabora unha hipótese do mundo do cliente para póla a proba entre sesións. Os resultados avalíanse, considérase se invalidan ou non as predicións, e elabóranse conxuntamente as implicacións para o resto do sistema de construción. Este proceso permite que os ciclos de experiencia aumenten a utilidade do sistema de construtos do cliente para interactuar co mundo que o rodea.

#### 2.3.1.1. Reflexións á volta de Kelly

A metáfora fundamental de Kelly, aquela sobre a que estrutura a súa obra, é a da persoa como científica. O seu sistema parte da intención de anticipar e controlar, que se realiza a través da elaboración dun sistema de construtos bipolares. Estes construtos están organizados segundo relacións xerárquicas de supraordenación e subordinación, e teñen diversos rangos de aplicación e permeabilidade ao cambio.

A verosimilitude do seu modelo está polo tanto ligada á verosimilitude que asignemos á metáfora do científico como válida, para describir a actividade psicolóxica. Este principio metodolóxico de pór a proba persoalmente as teorías a modo dun proceder científico encaixa tamén como propuña Neimeyer (Neimeyer e Mahoney, 1998, p. 38) na obra de autores considerados cognitivos como Beck, Ellis ou Meichembaum, aínda que no seu aspecto máis xenérico parece facilmente aceptábel case desde calquera formulación.

Formalmente hai unha organización das dimensións do coñecer a través da organización do sistema de construtos. Tamén hai un principio de actividade e logro na comprobación das predicións de ditos construtos, que é o que dá sentido ao sistema cognitivo. Parece, non obstante, máis unha teoría da xestión individual e persoal do coñecemento, orientada á anticipación de eventos, que unha teoría do suxeito psicolóxico.

A persoa kellyana parece estar inmersa nunha tarefa persoal de elaboración da súa imaxe individual do mundo, en forma dun sistema de construtos bipolares conforme aos que anticipar eventos. O sistema de construtos, lembremos, non ten por que ser explícito nin consciente, mais si que é exercido. O psicólogo trata de identificar e describir ese mundo de coñecemento persoal, para predicir e valorar en que dirección cambialo a través da énfase no valor e características dunha ou outra predición.

Deféndese entón a constitución de verdades, que poden ser descritas en termos do coñecemento que supón o sistema de construtos, e revidadas conforme á experiencia. Mais estas

verdades quedan como categorías puramente persoais. Hai ausencia dun principio forte para a organización desas verdades. Entón estase a exercer unha posición que, sen se polarizar, tende ao subxectivismo. A teoría de Kelly permite que nos acheguemos á forma de coñecemento particular expresada nun sistema de construtos concreto, do que nada sabemos a priori.

Nas primeiras páxinas deste traballo definimos os criterios de análise a empregar. Caracterizábase o subxectivismo por unha vontade a-xenética irracional, interior e individual. Os construtos serven para anticipar, e esas predicións poden ser comprobadas. Este valor da práctica e a experiencia introduce un sentido construtivo e xenético, e o sistema tende a organizarse dun xeito racional, próximo a un concepto de función. Mais a construción resultante ten unhas características de individualidade e particularidade que o achegan, como dicíamos, ao **subxectivismo**.

Non hai un obxectivismo no que a función derive de realidades dadas e independentes de toda xénese construtiva. Mais tampouco hai unhas dimensións subxectuais de construción, máis aló da chamativa característica de que os construtos son dimensións bipolares organizadas xerarquicamente. Máis que unha teoría do suxeito, Kelly elabora un método para avaliar as particularidades de cada individuo.

As características do sistema de construtos orientan as anticipacións, mais permiten graos de liberdade, e ademais existe liberdade para desenvolver e elaborar o sistema nunha ou outra dirección. Este primado construtivo da liberdade fai que a posición de Kelly non se decante nin pola liberdade incondicional do pragmatismo nin polo determinismo positivista. Consérvase a idea de axente, cuxa liberdade de movementos está ao tempo posibilitada e limitada pola organización do seu coñecemento.

O modelo de Kelly incorpora polo tanto un principio de construción e organización do coñecemento, **non determinista nin pragmatista**. Mais faino dunha forma que tende ao subxectivismo. Os sistemas de construtos supoñen formas de coñecemento organizadas e cognoscíbeis. Mais cada cal compón á súa maneira a súa imaxe individual do mundo, e non hai condicións que permitan a elaboración dunha teoría do suxeito.

### 2.3.2. A Psicoterapia Construtiva de Mahoney

*As cousas na realidade son máis sinxelas do que pode pensarse,  
aínda que moito máis complicadas do que pode comprenderse.*  
Goethe

Este autor é unha das grandes referencias, e neste sentido representativo, do que moitas veces en termos xerais se cualifica como construtivismo en psicoterapia. A súa formación inicial como psicoterapeuta provén das terapias cognitivo-condutuais.

Vexamos o que o autor propón no seu libro “Psicoterapia Construtiva” (Mahoney, 2005).

Mahoney refírese ao seu enfoque, que define como construtivista, como Psicoterapia Construtiva. “Os obxectivos da terapia construtiva consisten en axudarlle a comprender e apreciar mellor aos outros e a si mesmo, axudarlle a desenvolver habilidades para resolver mellor os problemas e facer fronte aos desafíos da vida, e a alentarlle os seus esforzos para progresar nas direccións que encontre satisfactorias e significativas. É construtiva porque pon especial énfase nos seus puntos fortes e as súas aptitudes” (Mahoney, 2005, pp. 319-20).

Os factores que contribúen ao éxito da terapia son “a perseveranza e a paciencia, a calidade da relación que manteñamos e o ritmo adecuado dos exercicios e experiencias que estimulen e forcen novos patróns de acción, pensamento e sentimento” (p. 320).

Caracteriza o cambio humano como complexo e dinámico, e o construtivismo como “unha visión dos seres humanos como suxeitos activos, como individuos creadores de significados, que se manteñen a flote entre redes relacionais mentres se moven a través dun río vital que inexorablemente demanda novas direccións e novas relacións” (p. 18).

Defende os significados persoais como patróns ordenados que organizan as actividades, e a existencia de significados máis nucleares e relevantes que outros. Fala así dos **procesos de ordenamento nucleares**, que son procesos abstractos tácitos centrais para a experiencia a nivel psicolóxico, xa que son os que provocan os contrastes e son a forma de crear orde na experiencia. Para un cambio significativo e duradeiro a modificación máis importante dáse nestes procesos, na forma de organizar a súa experiencia persoal. Canto maior for a centralidade dos procesos de ordenamento, máis tácitos e máis difíciles son de cambiar.

Os procesos de ordenamento nucleares estrutúranse en catro temas:

1. Realidade: construción de regularidades perceptuais e dimensións como estábel-inestábel, verdadeiro-falso, posíbel-imposíbel.
2. Valor: construción de xuízos emocionais e dimensións como pracenteiro-doloroso, bomalo, aproximación-evitación.
3. Identidade: construción dun sentido de uniformidade e continuidade persoal e de dimensións como corpo-mundo, eu-non eu, eu-ti, nós-eles.
4. Poder: construción dun sentido de ser suxeito na acción, dimensións como capaz-incapaz, con esperanza-sen esperanza, baixo control-fóra de control.

A tarefa do terapeuta baséase en axudar o paciente a elaborar un sentido de si mesmo e da súa vida que lle sexa útil no seu desenvolvemento futuro e no seu benestar. O foco de atención en psicoterapia serían os problemas, os patróns como nivel de problemas recorrentes e relacionados, e os procesos, dos cales os problemas e patróns serían expresión. A psicoterapia

construtiva non son técnicas senón unha forma global de entender a experiencia, o desenvolvemento e o coñecemento humano.

Para iso utiliza todo tipo de técnicas, desde o corporal, co relaxamento, equilibrio, ioga ou respiración, os diarios, a historia da vida, a restructuración cognitiva, a técnica de rol fixo de Kelly ou o traballo cos soños.

### 2.3.2.1. Reflexións á volta de Mahoney

Presenta un **enfoque ecléctico** de desenvolvemento persoal e auto-coñecemento, que utiliza diversas técnicas para favorecer a consciencia e o cambio e resalta a importancia do encontro persoal entre cliente e terapeuta. Hai unha definición xenérica do suxeito, dos procesos psicolóxicos polos cales se crean os problemas e dos principios de cambio, que non se entra a precisar.

Diríase que ten como referente entón unha idea de construción e de suxeito. Non parece estar polarizado en ningún dos extremos dos pares obxectivismo-subxectivismo e positivismo-pragmatismo. Mais a enunciación do seu modelo resulta moi xenérica. Cabe apuntar aquí que a súa obra previa *Human Change Processes* (Mahoney, 1991), aínda sendo máis ampla, non resulta máis clarificadora.

O construtivismo queda como unha enunciación de principios xerais, a idea de actividade, a importancia do significado, o respecto á individualidade do cliente. Supón un marco metateórico no que caben e conflúen multitude e diversidade de formulacións e enfoques en relación á natureza humana. Enúncianse uns principios da organización do suxeito. Mais non se elabora ningún modelo psicolóxico máis aló dunhas ideas xerais de como proceder en psicoterapia, que non chegan a ser articuladas dunha maneira definida. Diríase que as ideas de actividade e construción actúan como atemperadoras dos aspectos máis mecanicistas ou directivos da terapia cognitivo-condutual, previa na formación do autor, na liña dun “humanismo” pouco definido. A posición do autor é construtivista nun sentido moi xenérico. A relevancia deste enfoque é por canto sexa representativo dunha forma de entender o construtivismo en sentido laxo.

Como contraste quero apuntar que unha posición construtivista nun sentido máis estrito implica a precisión de cuestións como o estudo da lóxica da construción e da organización do suxeito e os problemas, algunha idea de función como principio de operación material e da linguaxe como mediadora, e a implantación sociohistórica e persoal de valores e verdades que crean o contexto de acción do suxeito, constituíndo o marco en que se desenvolve a súa actividade.

### 2.3.3. Neimeyer. O Construtivismo como perspectiva postmoderna

*Viu Deus todo o que fixera e velaí que todo era bo.*  
Xénese 1-31

Profesor no Departamento de Psicoloxía na Universidade de Memphis, editor do *Journal of Constructivist Psychology* e coñecido por diversas publicacións nas que defende unha postura construtivista en psicoterapia. Formouse, en orixe, na Teoría dos Construtos Persoais. Valoraremos a continuación a súa obra *Constructivist Psychotherapy* (Neimeyer, 2009).

Defende o construtivismo como unha **perspectiva postmoderna**, que debe ser diferenciada dos modelos cognitivo-condutuais. Brinda especial recoñecemento como figuras relevantes do ámbito a Guidano, Mahoney e White.

O construtivismo partiría de múltiples tradicións, entre elas o humanismo, a sistémica e o feminismo, reinterpretándoas baixo conceptos postmodernos, con especial atención á primacía dos significados persoais, á construción da identidade en contexto social e á revisión de narrativas da vida que son incoherentes ou restritivas. Isto realízase a través dun estilo que é máis colaborador que autoritario, máis centrado no desenvolvemento que orientado a síntomas, máis dirixido ao proceso que centrado no contido, e máis reflexivo que psicoeducacional.

Cita como antecedentes a Vico, Kant, Vaihinger e Korzybski, e dentro da psicoloxía a Piaget, Bartlett e Kelly.

O postmodernismo defínese por oposición ao modernismo da Ilustración, que proporía a procura da verdade entendida como reflexo obxectivo da realidade. A partir do postmodernismo concíbese que as realidades humanas son construtos persoais, culturais e lingüísticos, que as verdades dominantes son conformadoras e varían ao longo do tempo, e que a función da psicoterapia é analizar e reconstruír os patróns que limitan e reducen as posibilidades dunha persoa ou comunidade.

A linguaxe cobra entón un maior protagonismo. Na medida en que diminúe a importancia das circunstancias obxectivas aumenta o poder da linguaxe no seu valor simbólico e regulador. A linguaxe non é unha forma de representar o mundo, senón unha forma de crealo. As terapias narrativas desenvolven particularmente a crítica aos “textos” culturalmente dominantes e á maneira en que o uso da linguaxe xera ou dilúe problemas.

O discurso moderno ve o Eu como individual, estábel e cognoscíbel. Os achegamentos postmodernos á psicoterapia estenden e problematizan esta concepción do Eu. En modelos como o de Mahoney, Guidano ou Kelly, mantense o Eu como un concepto organizador e suxeito de axencia.

Noutras posicións construtivistas asúmese a identidade como menos estábel e coherente, como no *Dialogical Self* de Dimaggio e Hermans ou o *Eu Saturado* de Gergen. Estas visións

socializadas do Eu buscan unha psicoterapia que permita elaborar e negociar os significados (inter)persoais a través dos que se organiza a experiencia e acción. Estes formatos son particularmente populares desde enfoques familiares e sistémicos.

A énfase, en xeral, nas terapias construtivistas é na actividade interpretativa do suxeito e na co-construción interaccional de significados. Hai unha desconfianza dos diagnósticos tradicionais, buscándose máis a definición das formas únicas e peculiares nas que cada un aborda as súas dificultades vitais.

Frente á énfase cognitivo-condutual en intervencións guiadas por regras, fiábeis e replicábeis, estandarizada, manualizada, orientada a protocolos, axendas e listas de técnicas aprobadas, o enfoque construtivista acentúa a individualidade da terapia, e o necesario axuste á urxencia do encontro entre un terapeuta traballando cun modelo cun cliente nun momento de comprensión do problema perante eles.

Os obxectivos da terapia raramente son fixados polo terapeuta, e non é preciso definilos claramente, asumindo ademais que irán cambiando ao longo da terapia. Na terapia postmoderna, como en moitas terapias humanistas, hai un proxecto de construción do cambio aumentando as capacidades de dar significado. Si que hai entón certas metas de resultado que inclúen aumentar no cliente a reflexividade, auto-conciencia e capacidade para o cambio, a responsividade e abertura aos outros, o sentido de ter voz na súa vida, e a elección de auto-narrativas preferidas.

Enténdese que a interpretación crucial non é a do terapeuta, senón a do cliente, que é quen pode xerar *insight* e cambio. Isto fai que se busquen máis intervencións experienciais que interpretacións clínicas. Non é relevante a verdade literal ou histórica, e si que o é a verdade emocional e narrativa que facilite o mellor posicionamento e control do cliente perante a súa experiencia.

Considérase a implantación dos problemas no seu contexto social amplo, con énfase na construción cultural e lingüística dos problemas. Búscase deconstruír os problemas. E hai aspectos diferenciais das psicoterapias postmodernas con respecto ás tradicionais, sobre todo canto á importancia do mundo de significado do cliente e á pouca valoración de puntos externos de xuízo como os criterios psicopatolóxicos.

No tocante á investigación, o interese está no relativo a variábeis do cliente e a procesos e estruturas de cambio, máis que a investigacións de resultados.

### 2.3.3.1. Reflexións á volta de Neimeyer

Sería excesivo pretender facer unha crítica a cada punto dos que o autor recolle, e máis cando moitos deles xa se mencionan ao longo do texto en referencia a outros autores. Vamos facer, porén, unha crítica á súa posición xeral.

A pretensión de facer do construtivismo unha metateoría abarcadora a partir de principios xerais como o de actividade e significado, fai que no seu interior caiban todas as

opcións heteroxéneas e contraditorias que Neimeyer expón, desde o 'si mesmo' de Guidano até as narrativas de White e Epston.

Seguindo a Neimeyer, o punto de partida do **construtivismo é unha opción postmoderna** que abandona o proxecto obxectivista da modernidade de construír unha ciencia verdadeira que reflecta a realidade.

Esta postura, compartida tamén por Mahoney (Neimeyer e Mahoney 1998, Prefacio), constitúe quizá un dos referentes máis salientes do que se entende por construtivismo en psicoterapia.

Trátase polo tanto do rexeitamento ao positivismo e ao obxectivismo, mais sen un criterio claro de cal sería a opción alternativa. Exercen entón un relativismo postmoderno no que calquera opción, excepto aquelas, é aceptábel. Nese contexto, no construtivismo laxo de Neimeyer e Mahoney caben todas as contradicións da dialéctica entre positivismo e pragmatismo e entre obxectivismo e subxectivismo, mais sen criterios que permitan discriminar entre a variedade de opcións presentes.

A posición postmoderna de Neimeyer e Mahoney xera entón un marco que, na súa tentativa por abarcar tanto, esvaece os seus límites.

#### 2.3.4. Guidano. O Desenvolvemento do Si Mesmo

*Descende ás profundidades de ti mesmo, e logra ver a túa alma boa.  
A felicidade só a fabrica un mesmo coa boa conduta.*

Sócrates

Formado en orixe na tradición da psicoterapia cognitiva, dá posteriormente un xiro epistemolóxico cara o construtivismo que o leva a conceptualizar o desenvolvemento e dinámica do 'si mesmo' e a desenvolver unha psicopatoloxía evolutiva centrada nos procesos.

Comezaremos por expor a súa obra de referencia, *The self in process. Toward a post-rationalist cognitive therapy* (Guidano, 1991).

O autor sitúase fronte ao que denomina a tendencia racionalista en psicoloxía cognitiva onde a realidade se ve como obxectiva, dada e externa independentemente da nosa observación, e a identidade humana como un repertorio de cognicións, percepcións e lembranzas que correlacionan cun repertorio de sentimentos, experiencias emocionais e patróns psicofisiolóxicos.

A postura do autor é que o coñecemento, máis que representar unha realidade dada, é a construción e reconstrución dunha realidade capaz de facer consistente a experiencia do individuo. As características do observador están implicadas no proceso de observar, e toda observación é auto-referente.

A restruturación posibilita novos niveis de abstracción, transformando a modulación dos

estados internos en patróns de auto-comprensión que modifican a experiencia inmediata. Así, experimentar e explicar son dous polos sempre presentes na circularidade da nosa comprensión. Estes polos remiten á experiencia inmediata dun mesmo, o “I” (en inglés, que traducirei por Eu) e o sentido do Eu que emerxe ao se auto-referir á propia experiencia, o “Me” (en diante, Min). O Eu como suxeito e o Min como obxecto. O Eu está sempre un paso por diante, e o Min avaliador é un proceso continuo de reordenación do sentido do Eu.

O concepto para entender o coñecemento é o de auto-organización, que implica que a asimilación da experiencia se subordina ao mantemento dunha coherencia interna e dunha orde experiencial que possibiliten o mantemento do sentido do Eu. Prodúcese así a emerxencia discontinua de niveis máis inclusivos de coñecemento do Eu e o mundo. Aquí é relevante o concepto de viabilidade, máis que o de validez do coñecemento.

A emerxencia do sentido do Eu implica:

- Interaccións estruturadas con outros en procesos de apego.
- Procesos emocionais e cognitivos que articulan estes subsistemas en procesos auto-referenciais.

O bebé está orientado cara a interacción social e o establecemento de vínculos, que o axudan a organizar os estímulos, ritmos psicofisiolóxicos e tons emocionais. A referencia social é un proceso básico para organizar a intersubxectividade. Os modelos internos de traballo do apego e o Eu supoñen un sistema para transformar a subxectividade en coñecemento persoal. As características dos lazos significativos poderían funcionar de maneira análoga aos principios sintácticos de organización que subxacen á estrutura semántica da comprensión.

O proceso de desenvolvemento é dinámico, o cal permite integralo a través do marco conceptual dos guións. Os guións permiten entender de que maneira o afecto e a cognición, aínda diferenciados na súa forma de procesar datos (rapidez vs. distancia), acaban por ser interdependentes. Hai unha serie de escenas nucleares que se organizan en guións, o cal proporciona unha imaxe do mundo. A medida que se produce o desenvolvemento emocional e cognitivo, os guións prototípicos reorganízanse para assimilar as novas experiencias, ampliándose e diversificándose.

Os individuos pódense conceptualizar como unha organización de significado persoal que se auto-regula. É un proceso en espiral onde o Eu se desdobra e a reordenación da auto-imaxe vai xerando o Min.

Préténdese entón identificar organización do significado persoal, á maneira de constituicións físicas, como patróns coherentes cunha gramática inherente de composición e reorganización. Búscanse as regras sintácticas (Eu) capaces de xerar unhas representacións semánticas en superficie (Min). As organizacións do significado persoal non serían contidos

senón maneiras de organizar os procesos.

Defínense catro organizacións do significado persoal: obsesivo-compulsiva, depresiva, fóbica e de trastornos da alimentación.

A maneira de exemplo veremos o desenvolvemento da **organización depresiva**:

*-A respecto dos patróns de reciprocidade precoz.* A perda dun coidador ou os fracasos para desenvolver un apego seguro debido ao rexeitamento ou desatención polos coidadores son eventos percibidos como perdas. Frente ao rexeitamento ou a perda desenvólvese unha estratexia de apego evitativo, con evitación activa do contacto e redución na expresión de apego e malestar. Redúcese a “demanda” de apego e coidado que podería xerar novos fracasos. Desenvólvese unha actitude de auto-coidado, que permite manter unha reciprocidade aceptábel con outros á custa de mascarar os afectos negativos que se perciben nesas interaccións.

*-A respecto da dinámica e coherencia sistémica do Eu/Min.* A dinámica do Eu nun sentido depresivo apóiase na tensión entre a armazón do mundo en termos de perdas, rexeitamentos e fracasos (Eu) e a reorganización explícita do mundo en termos dun Eu negativo e dunha atribución causal interna (Min). Frente a unha atribución externa nun mundo adverso e ingobernábel, a atribución interna que subxace á auto-imaxe negativa é unha estratexia creativa que permite a axencia da persoa na súa loita por se controlar a si mesmo, máis que a ese mundo incontrolábel. Entón o modelo para assimilar o coñecemento parécese a aquel formulado baixo a idea da indefensión aprendida.

Prodúcese entón unha oscilación rítmica entre ira/activación motora, e indefensión/ralentización motora, en rápida sucesión incluso dentro da mesma situación. Estes cambios regúlanse mediante a variación da intensidade e cualidade da atribución causal interna aos aspectos negativos do Eu, o cal afecta á autoestima. Na mesma situación, a sensación de non ter valor ou ser indigno de amor pode ser vivido primeiro como algo contra o que hai que loitar para conquistar o propio valor (ira e activación), e despois como algo intrínseco a un mesmo, co que só cabe culparse coa consecuenta inactividade (indefensión e ralentización).

Para concluír coa organización depresiva, o punto chave da dinámica é a vivencia da realidade en termos de perda, e a súa progresión pasa por identificar a experiencia de perda como unha categoría da experiencia humana máis que como un destino persoal de soidade e rexeitamento.

O desenvolvemento vital é un proceso aberto de asimilación da experiencia con reorganizacións puntuais do significado persoal, que nunca están exentas de dor. Os síntomas que poden aparecer en momentos do ciclo vital apuntan tentativas fracasadas de cambiar en

situacións de imposibilidade de asimilar coherentemente a experiencia. As causas das crises non están en eventos externos en si mesmos, senón na organización do significado persoal, que é o que determina os eventos concretos que son discrepantes para un individuo. Por outra parte non todo é conscientemente procesado, porque o que parece irrelevante para o Min pode ser chave para o Eu.

As temáticas ideolóxicas atravesan un continuo proceso de cambio, non obstante as temáticas afectivas son moito máis estábeis. Os temas afectivos artículanse na infancia e adolescencia a través de escenas relevantes, e transfórmanse a través de novas experiencias emocionais.

O curso de desenvolvemento consiste no proceso de facer explícito o tácito. Cada organización persoal do significado ten direccións preferentes, nas que vai aumentando os niveis de abstracción e afastándose progresivamente da inmediatez da propia experiencia do Eu. O progreso parécese a un equilibrio puntuado, e mostra grande indeterminación en canto marcado por aspectos psicolóxicos como os patróns cualitativos de auto-conciencia.

A continuación Guidano describe o proceso psicoterapéutico no que denomina **“Principios psicoterapéuticos. Un marco postracionalista para a terapia cognitiva”**.

Di que as abordaxes cognitivas tradicionais, co coñecemento como representación dun mundo obxectivo e independente, formulan os problemas emocionais como derivados dunha correspondencia non válida. A intervención é entón persuasiva, para modificar os aspectos semánticos dos procesos cognitivos e para introducir actitudes máis adaptativas. Exclúese a auto-conciencia como consciencia da propia maneira de experimentar o mundo.

A alternativa do autor pasa por unha auto-comprensión máis exhaustiva por parte do cliente para asimilar mellor os propios afectos, entendidos como aspectos da nosa maneira de asimilar a realidade. Os cambios cognitivos prodúcense por procesos diferentes aos emocionais, e o cambio cognitivo non xera cambio emocional. Pensar cambia o pensamento, mais só sentir cambia as emocións. Impónse o estudo das variábeis que subxacen á auto-conciencia nun curso vital individual, e o estudo do nivel individual, a cualidade da auto-conciencia, e as vías nas que un pode reorganizar a coherencia do seu significado.

O medio é adestrar os clientes para se auto-observaren, diferenciaren e reconstruíren as súas pautas de coherencia. O método é a auto-observación, a través da secuencia de escenas que constitúen un evento, aumentando a flexibilidade para adoptar distintas perspectivas e adquirir nova conciencia dun mesmo. Para o éxito desta estratexia o cliente debe experimentar eventos graduados que vaian empurrando progresivamente na dirección da reorganización.

Os cambios no proceso terapéutico dependen dos cambios na percepción do Eu por parte de Min, que implican tomar aspectos da experiencia, que consideramos obxectivamente dados, como suxeitos agora a reflexión e exploración. O terapeuta crea condicións para disparar

unha reorganización, mais non sabe cal será esta. Para iso aumenta a comprensión do cliente sobre as súas regras, e utiliza a estrutura e reciprocidade do contexto interpersonal da terapia. Son relevantes entón tanto o efecto da discrepancia entre as explicacións do terapeuta e a auto-imaxe previa como a implicación emocional no proceso terapéutico. O terapeuta actúa realmente como un “perturbador estratexicamente orientado”.

A terapia consta de tres fases:

1. *Preparar o contexto clínico e interpersonal*, nas dúas ou tres primeiras sesións.
2. *Construír o setting terapéutico*. Dúas fases sucesivas de entre tres e oito meses cada unha. Nelas prodúcese a remisión da sintomatoloxía inicial.

2.1. *Focalizar e reordenar a experiencia inmediata*.

O obxectivo é que o cliente pase dun punto de vista externamente ligado, un problema obxectivo, a unha actitude internamente ligada, onde o problema consiste en controlar a propia experiencia subxectiva. Reconstrúese o sistema de coherencia do cliente e de que maneira o seu desequilibrio dá lugar aos problemas. Sitúanse as emocións como construcións que posibilitan recoñecemento e auto-referencia, e sitúanse as expectativas e crenzas en relación á auto-imaxe e os auto-enganos para mantela. A remisión da sintomatoloxía prodúcese neste proceso, a medida que os clientes cambian a súa visión sobre si mesmos.

2.2. *Reconstrución do estilo afectivo dos clientes*.

O eixo desta parte da terapia é a reconstrución do estilo afectivo e comeza por unha análise detallada da historia afectiva do cliente. Para iso valórase o debut sentimental, a secuencia posterior de relacións e os patróns de inicio, mantemento e ruptura de relacións e de que maneira isto é contado e vivido. Búscase valorar o estilo afectivo de emparellamento e apego, e como isto pode producir experiencias recorrentes.

3. *Afrontar a análise do desenvolvemento*. Dura entre tres e seis meses, e desenvólvese no segundo ano de terapia. Realízase cando os clientes están interesados en continuar a exploración persoal despois de que as alteracións iniciais desapareceran, reconstruíndo a maneira en que a súa historia de desenvolvemento estruturou o significado persoal que agora ven.

O aumento da conciencia de si mesmo que ten o cliente prodúcese co aumento da flexibilidade para cambiar de perspectiva. Vai acompañado de emocións en contraste que xeran

un característico sentido de ambigüidade. Se ao principio da terapia os problemas tiñan que ver con que a persoa non sabía quen era, no fin o problema é que un xa sabe quen é, e pode sentirse a si mesmo como a fonte de todos os seus futuros problemas. O significado persoal é, ao tempo, a condición de posibilidade para estar no mundo, e o seu límite. Contodo, máis que unha condición existencial da que non se pode escapar, é a condición inicial, da que tampouco se pode escapar, para poder estruturar unha variedade de situacións existenciais.

A evolución da terapia conduce a un formato do cliente como experto que realiza sesións de supervisión con outro colega, que é o terapeuta.

#### *2.3.4.1. Reflexións á volta de Guidano*

Guidano fai unha crítica ao que chama tendencia racionalista da psicoloxía cognitiva, que remite a considerar a realidade como dada e independente do observador.

A continuación, a súa proposta é a de estudar as formas diferentes de coñecer a través das que o individuo fai consistente a súa experiencia, as distintas organizacións do significado persoal, que clasifica e define.

Para iso introduce a dinámica relativa ao Eu, a maneira de coñecer e actuar, e o Min, o coñecemento do Eu que se alcanza a través da auto-observación e auto-conciencia. Ademais preséntase a orixe das organizacións do significado persoal dunha maneira lonxitudinal e evolutiva a partir de dinámicas que se establecen na relación cos outros, a través dos patróns de apego. Búscase igualmente integrar as emocións no modelo.

Desenvólvese unha idea de axente, entendido como un modelo da organización do suxeito e as súas maneiras de coñecer. Este estudo das dimensións subxectuais pretende tanto dar conta da súa dinámica como das condicións da súa xénese construtiva a partir das que este elabora a súa realidade. Descríbense tanto as operacións que realiza o suxeito na súa situación actual, como aquelas que o foron configurando na súa ontoxenia, buscando integrar as dimensións individuais e de interacción social a través do apego. Móstrase a dinámica desas condicións e o coñecemento como verdades, como modos de coherencia a partir desas condicións nun momento dado.

O proceso do suxeito é entón de desenvolvemento de dimensións internas ao seu propio proceso. A postura non é obxectivista no sentido de determinación por entidades externas, nin subxectivista no sentido de irracionalismo e particularismo. Non é tampouco pragmatista como primado da vontade nin positivista, no sentido determinista. É unha opción centrada con respecto á idea de suxeito.

Porén cabe apuntar que non se utiliza unha concepción das metas e instrumentos do suxeito. Non hai unha concepción operatoria dos fins e medios que o suxeito articula e de como iso poida xerar función ou disfunción. A énfase nas formas de organización do significado persoal anula a dimensión relativa aos actos persoais de logro, e as operacións e situacións

concretas nas que isto se realiza ou fracasa. No desenvolvemento do suxeito acentúase máis a determinación do que a organización de significado persoal fai con nós. Resáltase menos a liberdade do que nós facemos a partir da nosa organización de significado persoal.

Se tomamos como referencia o suxeito kantiano, o suxeito segundo Guidano permite tal vez certa analoxía coa estratexia do idealismo alemán postkantiano. Citando a Tarnas (1997, p. 352), “Kant sostíña que a mente subministraba a forma que adoptaba a experiencia, mais que o contido da experiencia é dado empiricamente polo mundo exterior. Porén, aos seus sucesores idealistas pareceulles máis verosímil, en termos filosóficos, que tanto o contido como a forma estiveran determinados pola mente -ou espírito- que todo o abarcaba, de maneira que a natureza, en certo modo, era máis imaxe ou símbolo do Eu que algo con existencia por completo independente”. Este idealismo supón unha extensión radical do Eu transcendental kantiano.

Nesta propensión de Guidano cara unha certa hipertrofia do suxeito cabería interpretalo como nunha órbita análoga á posición do idealismo alemán fronte a Kant. Se houberse que definilo nos termos que utilizamos, cabería quizá apuntar certa tendencia ao que poderíamos chamar subxectualismo: as dimensións subxectuais parecen en ocasións ampliarse até facer case *tabula rasa* do contexto.

O suxeito guidaniano está organizado e atravesa unha dinámica de cambio. Esta dinámica das dimensións subxectuais parece, en ocasións, un tanto auto-referente. O seu formato de terapia céntrase entón na comprensión e mellora desa dinámica da organización do suxeito.

A abordaxe terapéutica segue un esquema de resolución a través da razón e a comprensión dun mesmo, que lembra aos formatos tradicionais de psicoterapia como auto-coñecemento. Céntrase na evolución das formas de organización do significado persoal. Para iso a ferramenta é a auto-conciencia e o *insight*, que se aumenta a través de exercicios reiterados de auto-observación persoal. Así flexibilízase a capacidade para adoptar distintos puntos de vista, xa que non hai un verdadeiro en si mesmo.

Trátase polo tanto dun enfoque que cualificaríamos como “profundo”, no sentido de perseguir a modificación de pautas nucleares da organización psicolóxica do suxeito a través da toma de conciencia plural das propias condicións.

A terapia, polo tanto, require tempo, cando menos uns dous anos, e non se centra na resolución de problemas concretos nin en obxectivos definidos polo cliente. Céntrase nese proceso de auto-coñecemento que, unha vez realizado, disolverá os síntomas e problemas menores. As organizacións do significado persoal son a forma de coñecer á que remite todo problema e síntoma, e o seu cambio é o obxectivo da psicoterapia.

O que queda fóra deste enfoque é a idea do uso de características específicas das situacións específicas, dos problemas ou patoloxías. Non se especifica unha dimensión para as necesidades, desexos ou a consecución de obxectivos, e o éxito ou fracaso conseguinte.

O suxeito, á maneira guidaniana, constitúese na súa historia de vínculos de apego. Mais na situación de psicoterapia, ese suxeito fagocita as situacións concretas e elimina a importancia inmediata do contexto. O orteguiano “*eu son eu e as miñas circunstancias*” apunta máis en Guidano a un “*eu son eu, e as miñas maneiras de ser*”.

### 2.3.5. A Terapia Breve Estratéxica do MRI. A Psicoterapia como Xadrez

*Non existen pacientes imposíbeis, existen só terapeutas incapaces*  
D. D. Jackson

Xorde a partir do interese de G. Bateson na comunicación, que cristalizou en múltiples iniciativas entre as que está a “Teoría da Comunicación Humana”, obra fundadora da concepción sistémica da terapia.

D. Jackson funda en 1959 o Mental Research Institute (MRI) de Palo Alto, en cuxo equipo estaban tamén J. Riskin e V. Satir. Por el pasarían diversos autores, como J.H. Weakland, R. Fisch, L. Segal ou J. Haley, que dirixía a revista *Family Process*, e de forma especialmente significativa Watzlawick (Winkin, 1994).

De acordo con Nardone e Watzlawick (1999) a terapia estratéxica breve aliméntase cando menos da Teoría Xeral dos Sistemas e Cibernética, o Constructivismo e a Hipnose e Terapia Eriksoniana.

Vou expor as súas formulacións de acordo coas súas dúas obras principais, *Cambio. Formación e Solución dos Problemas Humanos* (Watzlawick, Weakland, Fisch, 1995), na que se presenta unha conceptualización da natureza dos problemas humanos, e *A Táctica do Cambio. Como Abreviar a Terapia* (Fisch, Weakland, Segal, 1994), que complementa á anterior e é un manual do seu modelo de psicoterapia. Ambos libros constitúen o resultado de máis de 15 anos de investigación no Centro de Terapia Breve do Mental Research Institute de Palo Alto.

En 1966 créase o Centro de Psicoterapia Breve do Instituto de Investigacións Mentais (MRI) de Palo Alto. O seu interese foi investigar os fenómenos correspondentes ao **cambio humano**, considerando o proceso máis que o contido, o aquí e agora máis que o pasado, e o estudo dos procedementos de Milton H. Erickson. O obxectivo era operacionalizar os procesos de cambio para encontrar vías de intervención máis eficaces nos problemas humanos. Para iso apoiáronse na teoría matemática dos grupos e na teoría dos tipos lóxicos. Observan aparentes paralelismos entre a súa obra e a Terapia de Conduta, residindo a diferenza en que non se utilizan supostos de aprendizaxe ou condicionamento. O problema central consiste en estudar a influencia e a manipulación, non para evitalas senón para aplicarlas en beneficio do paciente.

Defenden que moitas veces os problemas comezan por algunha dificultade corrente da vida cotiá. Para que unha dificultade se converta en problema, teñen que cumprirse só dúas

condicións: 1. que se faga fronte de forma equivocada á dificultade, e 2. que cando non se soluciona a dificultade, se aplique unha dose máis elevada da mesma solución intentada. Esta é a estratexia de “máis do mesmo”, ou “cando a solución é o problema”. Son as solucións intentadas que a xente ensaia, as formas específicas coas que se intenta rectificar un problema, as que en grande medida o manteñen ou exacerban sendo este quizá o elemento central na súa terapia.

Outro concepto chave é o da existencia de dous tipos de cambio. O primeiro é o Cambio 1, que ten lugar dentro dun sistema que, en si, permanece invariábel. O segundo é o Cambio 2, que é un cambio cuxa aparición cambia o sistema. Por pór un exemplo, un cambio 1 serían as cousas que unha persoa fai dentro dun soño, das cales ningunha lle pon fin; un cambio 2 sería o cambio no soño que supón despertar. O cambio 2 considérase habitualmente incontrolábel ou incomprendíbel por canto non é intelixíbel en termos das vicisitudes do sistema e do cambio 1. Visto desde fóra, supón simplemente un cambio das premisas do sistema.

Neste enfoque non interesa o “porqué”, senón o “que”. Isto é, que é o que aquí e agora serve para perpetuar e para cambiar o problema? O cambio 2 aplícase a aquilo que dentro da perspectiva do cambio 1 parece a solución, debido a que desde a perspectiva do cambio 2 tal solución é a causa do problema que intenta resolver. A finalidade da intervención é, como comentamos, impedir a solución intentada até o momento.

Defenden que a terapia se parece máis a unha **partida de xadrez** que ao que implica a concepción corrente da relación terapéutica. O punto de partida do seu traballo foi usar dez sesións, concentrando a atención no desarranxo actual, utilizando toda técnica de estímulo para o cambio e buscando cal era o mínimo cambio para solucionar o problema en lugar de pretender reestruturar familias enteiras.

As etapas da intervención son:

1. Definición clara do problema en termos concretos.
2. Investigación das solucións intentadas.
3. Definición do cambio concreto a realizar.
4. Formulación e posta en marcha do plan para producir o cambio.

A busca das solucións intentadas sistematízase a través dunha categorización dos intentos básicos de solución que acostuman encontrarse na práctica clínica. Resultan ser cinco:

- Intento de forzar algo que só pode ocorrer de forma espontánea.
- Intento de dominar un acontecemento temido aprazándoo.
- Intento de chegar a un acordo mediante a oposición.
- Intento de conseguir submisión mediante un acto de libre aceptación.
- Confirmar as sospeitas do acusador mediante a autodefensa.

Deséñanse entón intervencións que constitúen un medio para interromper ditas solucións intentadas. As estratexias efectivas acostuman ser aquelas que se afastan do impulso básico do paciente en 180°. A solución do problema esixirá o abandono da solución intentada. Mais o cliente non pode limitarse a deixar de facer algo sen facer outra cousa a cambio. A pregunta á que debe responder o terapeuta é: que acción é a máis adecuada para impedir a anterior solución?, elixindo aquelas accións máis fáciles de incorporar polo cliente. É importante formular obxectivos e avaliar o resultado. O indicador máis importante de éxito terapéutico consiste nunha declaración na que o cliente se mostre satisfeito cos resultados do tratamento. Esta declaración pode darse porque a conduta perturbada cambiara ou porque cambiara a súa valoración de tal conduta.

Para que a intervención deseñada sexa aceptada polo cliente, ponse especial coidado na aceptación e persuasión deste. A persuasión máis eficaz é a que utiliza a postura do paciente. Para iso, e seguindo a ensinanza ericksoniana, tómase o que o paciente nos aporta, a súa linguaxe, as súas expectativas, motivos e premisas. Unha restructuración de éxito extrae o problema da súa definición de síntoma transferíndoo a outra definición que non implique imposibilidade de modificalo.

A respecto da **postura do terapeuta**, para este é vital conservar a súa capacidade de manobra, isto é, a liberdade e capacidade para pór en práctica o que xulgue máis conveniente no curso do tratamento. A dirección do tratamento constitúe unha responsabilidade intrínseca do terapeuta. Para conservar esa capacidade debe ser capaz de retirarse dunha postura segundo aparezan indicios de resistencia, e efectuar continuas comprobacións de que os pasos que dá son aceptados polo paciente. Non o serán se resultan contrarios á sensibilidade, valores ou crenzas do paciente.

O terapeuta debe ser capaz de asumir unha postura non comprometida e fluída, mais axudando ao paciente a asumir unha postura comprometida e definida. A capacidade de manobra do terapeuta depende da falta de capacidade de manobra do paciente. É preferíbel unha actitude igualitaria por canto aumenta a actitude de colaboración do paciente, mais se unha actitude de superioridade é útil debe entón ser utilizada.

#### 2.3.5.1. Reflexións á volta do MRI

O modelo do MRI xorde no contexto do interese pola comunicación e a interacción propiciado por Bateson. O seu obxectivo é estudar e producir o cambio. Para iso un psicoterapeuta de referencia é Erickson.

A partir destas breves notas, obtemos unha caracterización do enfoque. Ten un interese en definir de forma interaccional os comportamentos, os problemas e as solucións, e no estudo da comunicación e os paradoxos. Está interesado no cambio, non na xénese nin uso doutro tipo

de coñecementos. E a partir da matriz ericksoniana, pon especial énfase en usar todo o que o paciente traia á terapia, en traballar desde uns principios mais sen demasiados esquemas prefixados na sesión e na postura activa e directiva (incluso indirectamente) do terapeuta.

Como aspectos principais do enfoque para a visión crítica que pretendo, resaltarei que desenvolve unha **concepción operacional** dos problemas, en termos de interaccións e estratexias. O concepto das solucións intentadas articula unha idea de estratexia disfuncional. As solucións intentadas categorízanse ademais conforme os cinco denominadores comúns. Para cada denominador común propóñense intervencións características. Esta clasificación actúa polo tanto a modo de organizador dos problemas e o seu uso terapéutico. O eixo desta formulación é a acción, conceptualizada como estratexia.

Os fins desaparecen como elemento da teoría, que abarca só os medios que se usan para alcanzalos. Hai unha concepción do real, entón, como estrutura operatoria do problema en termos das solucións intentadas. Non hai máis lonxe disto unha concepción de valor nin verdade. É o cliente quen indica os obxectivos do tratamento. Non se ten máis lonxe disto en conta o sentido de obxectivos nin o valor de logro dos actos. Non aparece unha idea de función nun sentido xenético nin unha concepción do suxeito, a súa organización nin os seus obxectivos ou metas. En suma hai unha **ausencia de teoría do suxeito**.

É polo tanto unha posición peculiar. Non é un obxectivismo que reduza a actividade psicolóxica a realidades dadas, a non ser que tomemos como tales as estratexias de solución intentadas. A carencia dunha teoría do suxeito achégaa ao subxectivismo. Os problemas configúranse segundo dimensións ligadas a características do facer (que pode ser descrito e categorizado), dos clientes. Non hai entón un individualismo nin un irracionalismo, xa que as dimensións do problema son xenéricas e cognoscíbeis. Mais a inexistencia desa teoría do suxeito, os seus obxectivos e características apuntan a ese **subxectivismo** sinalado.

Por un lado, para a psicoterapia non resulta relevante en si mesmo o significado, a narración, a historia nin o sentido das metas ou expectativas do cliente. Estes aspectos son útiles especialmente na medida en que remitan ás pautas de actuación disfuncionais que os autores propoñen cambiar.

Por outro lado, esas narracións e expectativas que configuran a especificidade do paciente son especialmente relevantes xa que son elas e non o coñecemento do terapeuta as que determinan as solucións que o cliente considera posíbeis. Estas solucións deberán satisfacer a resolución do problema definido en termos de solucións intentadas, e deberán ter unha aparencia aceptábel para as narracións e expectativas do paciente.

A relación terapeuta-cliente non é aquí, como víamos nos construcionismos, unha relación de experto a experto. O terapeuta pode adoptar unha postura igualitaria, e presta especial atención a captar o mundo do cliente. Mais traballa desde unha concepción operatoria dos problemas, desde un coñecemento disciplinar onde el é o experto.

A posición de igualdade é unha ferramenta. Neste sentido o MRI pon especial énfase en estudar a postura do terapeuta, como hai que proceder para conservar a capacidade de manobra, como facer para persuadir, como se pode manter unha relación de colaboración sorteando as resistencias do cliente. Grande parte da obra *A Táctica do Cambio* baséase na análise e a proposta de estratexias para sortear dificultades de comunicación xurdidas na consulta.

No aspecto da consideración da tarefa terapéutica hai polo tanto un claro **pragmatismo**. O outro conta en canto obstáculo á miña tarefa, que é axudalo a alcanzar os seus obxectivos dunha maneira máis eficaz. Así, o que tenden a sistematizar é o relativo aos procedementos de persuasión e a conceptualización das estratexias que crean os problemas e como sortealas.

Polo que respecta á conceptualización do cliente, dado o desinterese por facer unha teoría psicolóxica, queda reducido a unha vontade sobre a que pouco podemos dicir, e é unha postura igualmente pragmatista.

Recapitulando, hai unha ausencia de teoría do suxeito, en relación ao que supón unha posición subxectivista e intensamente pragmatista, tanto na concepción do terapeuta como do cliente. O outro conta como obstáculo á miña tarefa, que logro sortear a través de refinadas estratexias comunicativas. O que si se desenvolve é unha **concepción operatoria, de construción subxectual, non subxectivista, dos problemas** entendidos como a posta en marcha reiterada de estratexias ineficaces, que se estudan, clasifican e para as cales se deseñan intervencións específicas.

### 2.3.6. A Terapia Breve Estratéxica Evolucionada de Nardone. A solución explica o problema

*Se quieres saber como funciona algo, intenta cambiar o seu funcionamento.*

K. Lewin

Realizaremos a exposición de Nardone conforme as súas obras *Coñecer a través do cambio* (Nardone e Portelli, 2006), e *Solcare il mare all'insaputa del cielo. Lezioni sul cambiamento terapeutico e le logiche non ordinarie* (Nardone e Balbi, 2008), nas que fai unha presentación e recapitulación xeral do seu modelo.

Seguindo as obras citadas, o propio autor denomina o seu enfoque como Estratéxico-Constructivista. Refírese tamén a el como unha forma de **Terapia Breve Estratéxica Evolucionada**. Supón unha extensión da Terapia Estratéxica Breve do MRI. Unha diferenza esencial estriba en que o foco non está en buscar estratexias de solución xenéricas a múltiples problemas senón en desenvolver modelos de solución para problemas concretos.

A lóxica é o método para aplicar o coñecemento, resolver problemas e alcanzar obxectivos. A lóxica ordinaria é aquela que tradicionalmente utiliza os conceptos de

verdadeiro/falso, terzo excluído e segue principios de non contradición, coherencia interna e congruencia. Orixina unha retórica de tipo cartesiano, onde o proceso persuasivo consiste nunha demostración intelectual racional. Xera psicoterapias racionalistas e demostrativas. É a conciencia modificada a que dá vida ao cambio, que se xera por un proceso persuasivo gradual que aumenta o *insight*.

Nardone propón o uso de **lóxica non ordinaria** aplicada ao cambio psicoterapéutico. Supón o uso dunha retórica pascaliana, de matriz sofista e suxestiva non racionalista. A transformación das conviccións e a conduta prodúcese como efecto de estratagemas que, eludindo os sistemas de representación do paciente, conseguen que este constrúa, sen darse conta, a contradición, accións, percepcións e coñecementos que desencadean o cambio. A resistencia non debe interpretarse ao modo psicanalítico senón utilizarse.

A tradición interaccional sistémica (MRI) estudou a ambivalencia lóxica na comunicación, introducindo construtos como o duplo vínculo e a comunicación paradoxal. Cando sentimos que ao mesmo tempo amamos e odiamos alguén, ou cando ao mesmo tempo desexamos e tememos unha cousa, constituímos paradoxos. Este é un dos conceptos esenciais no enfoque estratéxico tradicional.

Moitos problemas psicolóxicos constitúen diversas formas de paradoxo, contradición, crenza e en suma auto-engano que responden a unha lóxica non ordinaria. Para intervir eficazmente nesta realidade é preciso controlar esa lóxica de forma que nos axustarmos á estrutura do problema e poidamos transformar os auto-enganos disfuncionais en funcionais.

Utilízanse tres tipos de lóxica non ordinaria:

-*Lóxica do paradoxo*. É unha ambivalencia expresada ao unísono, cando nunha comunicación están presentes ao mesmo tempo dúas mensaxes contraditorias.

-*Lóxica da contradición*. É unha ambivalencia expresada no tempo, como cando afirmo unha cousa e a seguir a nego. É moito máis frecuente que o paradoxo.

-*Lóxica da crenza*. Refírese a de que maneira a crenza previa organiza a experiencia dos sentidos.

Nardone apóiase no construtivismo radical que remite a Von Foerster, Von Glaserfeld e Watzlawick. Defíneo como a idea de que non existe unha única realidade, senón tantas como observadores. Non existe unha realidade que poida ser coñecida de forma limpa e obxectiva. No acto de coñecer, contamina aquilo que coñezo. Trátase entón de identificar os camiños de coñecemento e actuación máis funcionais, mellorando a eficacia e eficiencia para resolver problemas. Non se trata de descubrir o porqué das cousas, senón saber como é que funcionan e como se poden facer funcionar mellor. Isto é o que chama conciencia operativa, concepto para o que remite a Von Glaserfeld.

Busca sistematizar esas diversas realidades percibidas, no tocante ás dificultades ou problemas en consulta. Para iso define o **sistema perceptivo-reactivo** como aquelas modalidades recorrentes e redundantes a través das cales o individuo percibe e en consecuencia reacciona en relación a si mesmo, aos outros ou ao mundo.

A modo de exemplo, o sistema perceptivo-reactivo da agorafobia (Nardone, 1997, p. 74) caracterízase polas solucións intentadas de evitación e de petición de axuda a persoas queridas. A evitación inicial, en relación a unha primeira experiencia de malestar ou ansiedade, conduce a unha cadea de evitacións que constrúen unha incapacidade de exploración e afastamento do lugar seguro, así como unha incapacidade para funcionar sen axuda. Asínciase a sensacións de incapacidade, soidade e impotencia.

Para coñecer un problema é preciso introducir cambios nel, aprender a resolvelo. A estrutura dunha solución que funciona en moitos casos diferentes explica a estrutura do problema. O método hipotético-dedutivo abandónase por un método construtivo-dedutivo, que consiste en que constrúo a solución, e é a solución que funciona a que me fai construír o coñecemento do problema, e non viceversa.

Búscanse así descrições operativas dos transtornos deducidas da investigación empírica baseada na práctica diaria. Deséñanse entón protocolos de tratamento a través do exercicio psicoterapéutico, cun método de traballo de investigación-intervención. Isto supón un enfoque diferente á práctica baseada na evidencia e aos tratamentos eficaces manualizados, que limitan a necesaria flexibilidade e coñecemento operativo do problema. Tamén apuntan distancias coa idea de factores comúns en psicoterapia. Defenden que con unha boa técnica o terapeuta pode ser moito máis activo, e non só traballar con factores inespecíficos do problema.

A diferenza da Terapia Estratéxica Evolucionada de Nardone con respecto á terapia estratéxica máis tradicional do MRI pasa polo desenvolvemento de **protocolos de tratamento**.

O concepto fundamental da escola de Palo Alto era a interrupción do círculo vicioso de solucións intentadas que manteñen o problema. Os integrantes do MRI excepto Watzlawick, con quen Nardone colaborou amplamente, consideraban que os protocolos de tratamento eran unha violación deste enfoque, libre de esquemas prefixados.

A proposta de Nardone foi tratar de transformar o modelo do MRI nun empiricamente verificábel. Para iso realizou un mapa máis preciso das solucións intentadas típicas, da estrutura recorrente das diferentes patoloxías. Así se deseñan os protocolos de tratamento, pondo a punto estratexemas específicas para cada tipo de lóxica que mantén un problema.

Expóñense protocolos para diversos transtornos de ansiedade, alimentación, sexuais e depresivos, entre outros. Búscanse protocolos flexíbeis que poidan adaptarse ás respostas das intervencións previas. Como no xadrez, os movementos seguintes dependerán de como xogue o adversario, mais cando coñecemos a súa estratexia podemos anticiparnos a ela.

Con respecto á práctica psicoterapéutica, apuntar como compoñentes:

- Asunción da linguaxe, posición e visión do paciente.
- Comunicación persuasiva.
- Imperativos para realizar condutas fóra de sesión.

Con respecto ás **fases da terapia**:

1. *Captura suxestiva*. Acordo de obxectivos, definición do problema, identificación da resistencia e solucións intentadas e establecemento da relación terapéutica.
2. *Desbloqueo da patoloxía*. Uso de estratexias para deter as solucións intentadas e modificar o sistema perceptivo-reactivo.
3. *Consolidación e reorganización* das regras do xogo.
4. *Peche*. Final do xogo. Explicación do modo de traballo e os cambios sucedidos, para fomentar a autonomía do paciente. Seguimentos a 3, 6 e 12 meses.

O primeiro obxectivo terapéutico é obter unha experiencia perceptivo-emotiva correctiva, que xere a sensación de que a realidade xa non é a de antes. Este cambio de percepción é o que modifica a reacción, despois o comportamento e despois a cognición.

Para iso utilízase unha lóxica non ordinaria que recorre a estratexemas e auto-enganos que inducen unha percepción diferente das cousas e fan reaccionar dunha maneira diferente á realidade.

Os procedementos psicoterapéuticos inclúen a metodoloxía do diálogo estratéxico. Este implica preguntas de ilusión de alternativas, paráfrases, o uso dunha linguaxe evocadora de sensacións, recapitulacións e prescricións. Foméntase a captura suxestiva do paciente e a creación dunha relación de colaboración. Esta relación establécese de maneira diferencial con pacientes que poden ser colaboradores, incapaces de colaborar, opostos á colaboración ou incapaces tanto de colaborar como de se opor.

#### 2.3.6.1. *Reflexións á volta de Nardone*

Nardone presenta o seu modelo estratéxico-constructivista como un formato de Terapia Breve Estratéxica Evolucionada. Na medida en que a súa postura se parece ao MRI, son aplicábeis ao seu modelo os mesmos elementos de xuízo.

Trátase dunha postura **subxectivista**, onde en ausencia dunha teoría do suxeito nada podemos dicir da súa realidade, organización e vontade individual e particular, excepto aquilo que el nos vai contando. A súa postura é tamén **pragmatista**, tanto na concepción do terapeuta como do cliente, cunha elaborada teoría da persuasión.

Desenvólvese porén unha concepción operatoria, de **construción subxectual, non subxectivista, dos problemas**, entendidos como a posta en marcha reiterada de estratexias

ineficaces, que se estudan e clasifican e para as que se deseñan intervencións específicas.

Quero apuntar entón as diferenzas co MRI, aquilo no que supón unha evolución. O punto chave está no concepto de sistema perceptivo-reactivo, e no mapeo das solucións intentadas que permita descubrir a estrutura recorrente das distintas patoloxías e deseñar protocolos de tratamento. Neste labor, como víamos, recibiu o apoio de Watzlawick, discrepando do resto de persoas do MRI.

Esta tarefa apóiase por un lado nunha fundamentación epistemolóxica quizá maior que a doutros autores que valoramos. Por outro lado, nunha extensión e afondamento na definición das solucións intentadas e das estratexias de persuasión.

A extensión e afondamento na definición das solucións intentadas lévase a cabo co estudo do que denomina lóxica non ordinaria. Isto supón unha ampliación do interese do MRI nos paradoxos, e presenta unha estreita relación coas estratexias de persuasión. Posibilita unha descrición máis complexa dos problemas e un deseño máis axustado das solucións, que recordemos “calzan” a estrutura do problema.

A fundamentación epistemolóxica parte da concepción interaccional do MRI. Esta promove a descrición dos eventos psicolóxicos en termos de secuencias de operacións. Rexéitase unha concepción do coñecemento como representación do real, sen caer no primado pragmatista da eficacia como único criterio de valor. Búscase a definición dos problemas en termos das estratexias que supoñen as solucións intentadas.

O método para investigar isto é o que Nardone chama coñecer facendo. A idea é a do *método construtivo-dedutivo* onde é o control máis eficaz dos problemas o que nos dá conta da súa estrutura. Isto permite un coñecemento válido, non relativista e progresivamente máis adecuado. Esta saída supón, como víamos xa esbozada no MRI, unha concepción operatoria e construtiva dos problemas que escapa tanto á cegueira pragmatista como á rixidez da representación positivista.

Resulta, non obstante, difícil ver en que medida o método construtivo-dedutivo é algo diferente do *método hipotético-dedutivo*. En calquera caso, o proceso é o de posta a proba de hipóteses e reorganización do coñecemento de acordo cos resultados. Parecería máis unha variante do método hipotético-dedutivo, na que se examina con particular detalle os procedementos prácticos de control dos problemas psicoterapéuticos, que un método de investigación diferente.

O estudo das modalidades perceptivo-reactivas dos trastornos e o conseguinte deseño de protocolos introducen un novo matiz. Aínda que segue esencialmente sen haber unha teoría do suxeito, comeza a esbozarse. Estúdanse dimensións subxectuais na construción de trastornos específicos. Isto apunta, cando non a unha teoría xeral do suxeito, a unha teoría de como o suxeito constrúe certos trastornos específicos. Non hai polo tanto unha concepción xenética xeral mais si rudimentos en forma de **concepción operatoria subxectual dos transtornos**.

A través da súa metodoloxía Nardone xera un saber tecnolóxico a partir dun contexto práctico. Nese sentido, con respecto á teoría do suxeito, probabelmente diría que non a precisa, pois nese contexto vaise xerando a teoría precisa para solucionar os problemas, non máis. Ao estilo da navalla de Ockham, “todo o que se pode facer con pouco, faise en van con moito”. Poderíamos responderlle que está a exercer implicitamente moito máis coñecemento en relación ao que é unha persoa, un suxeito, e que o interese da psicoloxía como disciplina está en sistematizar iso.

#### 2.4. Recapitulación dos modelos valorados: Onde está o Construtivismo?

Ao longo das páxinas previas fixemos un percorrido por distintos modelos de construtivismo en psicoterapia. Excede o ámbito deste traballo comparar a eficacia terapéutica das distintas alternativas, e a moi espiñosa cuestión de se os terapeutas fan o que din facer. Á falta destes datos decidimos quedar co que os terapeutas din facer e con como describen o seu ámbito, e establecer un certo sentido epistemolóxico ao respecto.

A **opción construtivista que defendo** non é unha cuestión que responda á simple preferencia persoal. Non é unha elección postmoderna, entre opcións indiferentes en termos de validez. Xorde como forma razoada de dar saída a problemas que doutra maneira quedan sen resolver, ou se resolven peor, á hora de organizar o noso coñecemento sobre o psicolóxico.

Referímonos a aqueles enunciados nos criterios de análise. Remiten á distinción entre natureza e liberdade. A idea dunha xénese construtiva é a que mellor dá conta dos problemas pendentes que mencionamos. Trátase da dialéctica entre positivismo como desenvolvemento dunha concepción determinista da natureza, e pragmatismo como exercicio dunha liberdade e vontade incondicionada que queda fóra do esquema causal. Trátase tamén da dialéctica entre obxectivismo que explica o exercicio da función e a actividade como derivado de realidades dadas, previas, e o subxectivismo que formula a actividade en termos igualmente a-xenéticos mais referidos a unha vontade interior, irracional e individual.

É a posibilidade de verdades plurais, que non sexan a única representación auténtica do mundo. De coñecementos que teñan valor de verdade, negando o escepticismo que provén do desengano perante a imposibilidade de aquela verdade única.

Isto realízase, entendo, a través dun proceso en que a realidade, a vontade e o suxeito non son realidades primarias. Son realidades construídas a través de procesos filoxenéticos e ontoxenéticos. Eses procesos son os que constitúen os aspectos subxectuais e tamén os aspectos particulares do suxeito, que se expresan nos seus modos de coñecer e actuar. Entendo que esta matriz pode facilitar o afondamento da psicoloxía como disciplina.

A diversidade conceptual dos construtivismos en psicoterapia é moi grande. Os criterios de clasificación que se exercen para englobalos a todos son moi laxos, como vimos ao referirnos

a Mahoney e Neimeyer. Entón o marco dáno uns principios xerais ligados ao rexeitamento epistemolóxico do realismo que devén en moitas ocasións na idea postmoderna da existencia dunha pluralidade de realidades, todas igualmente válidas. Esta postura vese reforzada pola importancia crecente da idea de linguaxe, significado e narración para entender o psicolóxico. E conflúe con unha idea xeral, pouco especificada, do individuo como construtor activo do coñecemento.

A postura que exerzo pretende sinalar os modelos valorados como distintas sondaxes, distintas estratexias a respecto desa idea crítica de construción e suxeito que mencionamos.

**O Construcionismo Social de Gergen** defende a pluralidade postmoderna de verdades e rexeita a posibilidade de coñecemento válido. Supón entón unha postura relativista e irracionalista. Dilúese o significado e mais o individuo en termos da multiplicidade do social e o relacional, dun xeito que cualificamos de subxectivista, e incluso indo máis lonxe, de intersubxectivista. Non se apura esta opción, que nos colocaría nunha posición obxectivista, a do suxeito determinado polas súas relacións. Mantense entón Gergen nunha ambigua postura irracionalista, na que se postula un suxeito relacional, mais na que se nega a posibilidade de coñecelo. Esta disolución non concluída do suxeito polarízase entón en termos dunha vontade particular e individual, nun claro primado pragmatista da liberdade. É, polo tanto, a de Gergen unha sondaxe de disolución do coñecemento e o suxeito, que defende non obstante o primado pragmático da actividade nun mundo multiforme, cambiante e, en suma, incognoscíbel.

**A Terapia Centrada en Solucións** non se pronuncia sobre a realidade, a verdade, o suxeito ou os problemas, nunha posición de fondo escéptica que renuncia a exercer a racionalidade. A actividade psicolóxica é particular e individual, e nada podemos dicir dela salvo o que vaiamos descubrindo en cada conversación concreta, nun claro subxectivismo. Trabállase entón cun principio de liberdade, actividade e competencia do cliente que non podemos coñecer máis aló do caso particular, nunha posición pragmatista. O seu método de traballo baséase en organizar conscienciadamente a maneira de traballo do terapeuta, a modo de elaboradas prácticas conversacionais. Aquí, na ignorancia sobre o suxeito e o mundo, o foco disciplinar céntrase en organizar a actividade do terapeuta. Diríamos que así esa actividade do terapeuta parece exercerse no vacío.

**O modelo narrativo de White e Epston** identifícase coa análise foucaltiana dos relatos dominantes como conformadores, e da posibilidade de liberdade do axente a través dunha crítica a estes relatos. Unha crítica que, como víamos, non queda clara a posición desde a que se exerce. O axente, aínda que condicionado polos relatos, ten capacidade para afastarse deles a

través da toma de conciencia. É como se puidese exercer a súa posición de crítico e observador desde ningunha parte. Hai entón un primado da posibilidade de vontade e liberdade incondicionadas que supón un evidente pragmatismo. A realidade confórmase cada vez que se re-narra unha historia. Esta postura escéptica reforza o pragmatismo xa que a verdade parécese aos diferentes efectos de cada relato para o individuo. O psicolóxico redúcese á narración persoal cuxo criterio de valor é o interese individual, nunha posición subxectivista.

A posición de White e Epston reduce o suxeito a narración, e conserva o sentido de axencia a través da capacidade do individuo para criticar e utilizar distintas historias, que o conforman de distinta maneira. É como conservar a idea de axente individual, ao que se lle poden ir intercambiando as narracións, que constitúen a forma de organización do suxeito e a actividade psicolóxica, e sobre as cales non podemos teorizar, senón que só as podemos coñecer polos seus efectos individuais. Supón un pragmatismo narrativista.

A **Psicoterapia Cognitiva Narrativa de Gonçalves** reduce tamén a actividade psicolóxica a narración. Son as narracións as que permiten responder á necesidade psicolóxica de dar orde, sentido e coherencia á experiencia, nunha realidade múltiple. Mais Gonçalves desenvolve isto dun xeito diferente ao narrativismo postmoderno, establecendo categorías non pragmatistas de intelixibilidade das historias. As Matrices Narrativas presentan invariantes que conforman narrativas prototipo dos distintos trastornos. A narración constitúe a actividade do suxeito, mais aquí presenta características e trazos xenéricos que se poden estudar, coñecer e modificar. Aquí o axente non parece tanto unha entidade “libre”, que pode criticar e xerar narracións alternativas, á maneira de White e Epston. Os procedementos de Gonçalves responden máis ben á dinámica de ampliar, afondar e enriquecer as historias, traballando sobre as súas invariantes. Mais aquí, diríamos, a narración come ao suxeito, eliminando calquera outra dimensión construtiva e operatoria. Esta postura supón un obxectivismo narrativista.

O “Alternativismo Construtivo” da **Teoría dos Construtos Persoais de Kelly** defende a actividade psicolóxica como un sistema organizado de construtos bipolares, individual e particular mais cognoscíbel. Hai verdades definíbeis en cada sistema, mais son categorías puramente persoais. É polo tanto un subxectivismo. Si que hai un principio operatorio a través das comprobacións da veracidade das predicións dos construtos, e unha idea de xénese construtiva da liberdade e a actividade a través das limitacións e posibilidades do sistema de construtos, e do seu desenvolvemento, o que o afasta tanto do positivismo como do pragmatismo. Mais o subxectivismo deste modelo permite só a descrición e uso da imaxe individual do mundo que cada un compón. Non permite a elaboración de dimensións subxectuais nin da conseguinte teoría do suxeito.

Na **Psicoterapia Construtiva de Mahoney** suxírese a idea dunha organización do suxeito, con procesos de ordenamento nucleares que non se concretan de forma suficiente, e duns procesos de cambio. Entre as tarefas do terapeuta destaca a de facilitar un encontro persoal e respectar os ritmos do outro. A énfase nunha idea xeral de actividade, significado e procesos persoais de cambio tende a establecer un “talante” mais a esvaecer a súa formulación. Queda como idea do encontro psicoterapéutico e a psicoterapia como auto-coñecemento na liña dun xenérico “humanismo”. Neimeyer desenvolve, como vimos, a posición de Mahoney do construtivismo como postura xenérica e laxa. Guidano, pola súa parte, exerce a estratexia de articular e afondar, nun sentido construtivista, nesa idea de suxeito que Mahoney non concreta.

Con respecto a **Neimeyer** xa apuntamos que defende o construtivismo como opción postmoderna. É así un paraugas no que se resgardan todo tipo de alternativas que aludan a algunha idea de construción. Caben o que chamamos versións débiles, subxectivistas, da construción, que defenden que cada persoa ten o seu punto de vista propio e particular, na liña dos construcionismos, as narrativas e a importancia do diálogo e a linguaxe como creadora de realidades. Caben tamén versións fortes do construtivismo, que buscan establecer as condicións e posibilidades da construción e organización do suxeito e manteñen o Eu como axente. Para Neimeyer estas opcións son as de Kelly, Mahoney e Guidano. Os criterios de análise exercidos mostraron as particularidades de cada autor, e en especial colocan a Kelly fóra da versión forte da construción por subxectivista. Apuntamos que Neimeyer defende unha consideración postmoderna do construtivismo. Isto supón un rexeitamento da idea positivista de coñecemento como representación. Mais non hai un criterio alternativo distinto do relativismo. Isto supón abarcar dentro do construtivismo de Neimeyer todo o abano de contradicións da dialéctica entre positivismo e pragmatismo, sen vías para a súa resolución.

**Guidano** defende o coñecemento como construído, nun sentido forte, non simplemente individual nin incognoscíbel; non subxectivista, polo tanto. Describe entón as formas de coñecer, que son as diferentes organizacións do significado persoal. Estas organizacións teñen unha dinámica de xénese e cambio. Cambian a través das interaccións con outros que cristalizan en procesos de apego, e a través da auto-conciencia que transforma e reorganiza o Eu que exercemos no Min que coñecemos. Hai polo tanto unha teoría xenética do suxeito. A organización, desenvolvemento e dinámica deste suxeito obscurece non obstante as dimensións do contexto e os problemas concretos. O proceso terapéutico é, como non podía ser doutro modo, aquel do suxeito auto-observándose para alambicarse e refinarse. Aquí a teoría do suxeito recolle a dimensión de organización subxectual do significado e as categorías. Non é obxectivista nin subxectivista, positivista nin pragmatista, é unha opción centrada a respecto da idea de suxeito. O resultado final tende a ser, porén, un tanto auto-referente, eliminando as

dimensións de logro, de metas e fins e de éxito ou fracaso que implica unha concepción operatoria.

A **Terapia Breve Estratéxica do MRI** presenta unha carencia de teoría do suxeito e os seus fins e obxectivos, e está interesada só en estudar e sistematizar formas de producir cambios. É entón unha formulación subxectivista e pragmática. Pon, no entanto, énfase na concepción interaccional dos actos, e no estudo das solucións intentadas como estratexias. Isto fai que desenvolva unha teoría construtiva e operatoria dos problemas. Os problemas son definidos a través da categorización das solucións intentadas, para as que se sistematizan estratexias de intervención. Así introdúcense dimensións subxectuais, en tanto que referidas a estratexias xenéricas. Non hai polo tanto unha teoría xenética, lonxitudinal, do suxeito, mais si unha teoría construtiva e operatoria dos problemas.

**Nardone** refírese ao seu modelo de terapia estratéxico-construtivista como un formato de Terapia Breve Estratéxica Evolucionada. Hai entón tamén unha carencia de teoría do suxeito, co subxectivismo que implica, e un interese pragmatista no cambio que desenvolve a través das súas formulacións sobre a persuasión.

Amplía a definición das solucións intentadas en termos da lóxica non ordinaria. O punto chave na evolución con respecto ao MRI é de que maneira lle permite isto o estudo das modalidades perceptivo-reactivas dos transtornos e o conseguinte deseño de protocolos específicos para patoloxías concretas.

Entón, aínda que segue esencialmente sen existir unha teoría xenética e construtiva do suxeito, esta comeza a esbozarse. Iso acontece mediante a definición dimensións subxectuais, operatorias xenéricas, na construción de transtornos específicos.

Vista no seu conxunto a variedade de autores revisados, cabe apuntar unha coincidencia chamativa. Os modelos que pretenden unha concepción máis organizada e explícita, máis dura e teórica dos suxeitos, narracións ou problemas son os de Guidano, Gonçalves e Nardone. Son todos eles autores europeos continentais.

Gergen, a Terapia Centrada en Solucións, White e Epston, Kelly, Neimeyer e o MRI, son autores ou enfoques que tenden, grosso modo, a un maior subxectivismo e pragmatismo, e foron desenvolvidos no ámbito anglosaxón. Mahoney, que estando no ámbito anglosaxón parece pretender algo máis similar a unha concepción dura do suxeito, non chega porén a concretalo nas obras consultadas. Hai polo tanto nos autores do ámbito anglosaxón estudados unha maior tendencia ao pragmatismo e individualismo.

#### 2.4.1. Cadro da localización relativa (e tentativa) dos enfoques psicoterapéuticos na dimensión Subxectivismo-Obxectivismo.

Preséntase a continuación un cadro no que se localizan, de maneira tentativa, os enfoques psicoterapéuticos valorados dentro do continuo da dimensión Subxectivismo-Obxectivismo. É unha proposta de localización espacial dos modelos á fin de concretar e completar dun xeito sucinto e sinxelo as análises realizadas previamente.

Con respecto ás dimensións de clasificación Subxectivismo-Obxectivismo dáse delas unha descrición superficial. Foron descritas con máis detalle na sección «1.1.3. Categorías de Análise».

**A elección da dimensión subxectivismo-obxectivismo responde a que se trata dunha categorización que permite situar a presenza dunha idea de suxeito construtiva, operatoria e xenética, e situar todos os enfoques a respecto desa referencia.** Foi indicado nas categorías de análise que a dimensión pragmatismo-positivismo, que utilicei amplamente, cabe localizala dentro da distinción subxectivismo-pragmatismo como un caso particular. Escollín entón a categoría máis xeral.

En relación ás notas coas que se describe cada enfoque, son unha explicación do porqué da súa localización nese lugar e non noutro. Son extremadamente sucintas, e proveñen da reflexión que se realizou con anterioridade despois de expor cada modelo.

A respecto da localización de cada modelo no continuo da dimensión Subxectivismo-Obxectivismo, cabe apuntar que **é unha localización relativa e ordinal, non absoluta. Non podemos definir a cantidade absoluta está cada enfoque de cada un dos polos da dimensión. O punto medio da dimensión está desprazado cara abaixo para permitir a clasificación ordinal dos enfoques.** Este punto medio remite á idea de suxeito. Entón, pondo como exemplo a localización da Terapia Narrativa de White e Epston por debaixo da Terapia Centrada en Solucións e por enriba de Kelly, esta propón que White e Epston están máis próximos ao subxectivismo e máis afastados da idea de suxeito que Kelly, aínda que menos próximos ao subxectivismo e menos afastados da idea de suxeito que a Terapia Centrada en Solucións. Os enfoques máis centrados son os de Nardone e Guidano.

**Mahoney** localízase entre interrogantes. Isto é debido a que na obra consultada o seu modelo está exposto dun xeito demasiado impreciso. A súa situación no cadro responde entón ao que parece apuntar na súa exposición, máis que ao que efectivamente concreta.

Exclúese dos cadros a **Neimeyer**. O motivo é que a obra analizada, *Constructivist Psychotherapy*, expón unha caracterización do que é o construtivismo en psicoterapia, mais non explica o enfoque particular deste autor. Por iso non é posíbel situalo no cadro.

*Cadro de localización na dimensión Subxectivismo-Obxectivismo*

**SUBJECTIVISMO**

**Individuo sen xénese. A vontade é interior, irracional, individual.**

**CONSTRUCIONISMO SOCIAL DE GERGEN**  
Teoriza a disolución do axente nas relacións nas que participa.  
O axente é individual e particular. A negociación crea o real.  
Subxectivismo e Pragmatismo.

**TERAPIA CENTRADA EN SOLUCIÓNS**  
Axente con cualidades xerais de actividade e competencia, mais individual e particular, con queixas e solucións específicas. Para encontrar a solución non é preciso coñecer o problema.  
Subxectivismo e Pragmatismo

**TERAPIA NARRATIVA DE WHITE E EPSTON**  
Axente individual conformado polas súas narracións. Faise "libre" mediante a crítica ao relato dominante. Mellor narración a que recolle mellor a súa experiencia persoal.  
Efectos individuais e particulares de cada narración. Subxectivismo e pragmatismo narrativista.

**TERAPIA DOS CONSTRUTOS PERSOAIS DE KELLY**  
Subxectivismo. Cada sistema de construtos é individual, particular e non xeneralizábel a outro suxeito.  
Se hai xénese construtiva da liberdade e actividade, que o afasta do pragmatismo e o positivismo.

**TERAPIA ESTRATÉXICA DO MRI**  
Subxectivismo, non teoría do suxeito nin os seus fins. Énfase pragmática na persuasión.  
Construción operatoria subxectual dos problemas a través da categorización das solucións intentadas para cada problema particular.

**TERAPIA ESTRATÉXICA EVOLUCIONADA DE NARDONE**  
A respecto do MRI afonda na categorización das solucións intentadas.  
O sistema perceptivo-reactivo como dimensións subxectuais, xenéricas, non subxectivistas de cada patoloxía específica que esboza teoría do suxeito.

**PUNTO MEDIO DA DIMENSIÓN  
SUBJECTIVISMO-  
OBXECTIVISMO**

**PSICOLOXÍA CONSTRUTIVA DE MAHONEY?**  
Suxeito activo e con modos de organización subxectuais xenéricos, mais non especificados, que condicionan o seu ritmo de desenvolvemento e evolución. Atención a problemas concretos, patróns e procesos. Terapia como auto-coñecemento.

**TERAPIA COGNITIVA POSTRACIONALISTA DE GUIDANO**  
Teoría do Suxeito. Tipoloxía da xénese e dinámica das formas subxectuais de organización do significado persoal, que establecen os cursos de desenvolvemento. O suxeito en desenvolvemento reduce a importancia do contexto, metas, fins e logro. Cambio por auto-observación e toma de conciencia persoal. Non obxectivismo nin subxectivismo.

**PSICOTERAPIA COGNITIVA NARRATIVA DE GONÇALVES**  
Psicopatoloxía constituída nos trazos da Matriz Narrativa. As invariantes da Narración asumen a operatoriedade, absorben o axente. Cambio por enriquecemento e coherencia dos relatos. Tendencia ao obxectivismo narrativista.

**OBXECTIVISMO**

**A actividade psicolóxica deriva de realidades dadas (xenes, cerebro, ambiente, linguaxe...)**

## 2.5. Construcionismo e Construtivismo. Ser ou non ser... Sucesso

Realicei até aquí un percorrido por diferentes autores construcionistas e construtivistas, e na sección anterior recapitulei as súas posturas. Tras este percorrido pretendo agora dar unha caracterización xeral dos construtivismos e construcionismos encontrados. A continuación introduciré unhas notas críticas desde a posición construtivista que defendo, a partir da concepción da linguaxe e a idea de axente e construción.

### 2.5.1. Recapitulación das posturas xerais de construtivismos e construcionismos

#### **Construtivismos**

Feixas (2003) chama psicoterapias cognitivas construtivistas a modelos como o dos Construtos Personais de Kelly, a Terapia Posicionalista de Guidano, o enfoque dos procesos de cambio de Mahoney e a Terapia Cognitivo-Narrativa de Gonçalves. Estes formatos céntranse, de distintas maneiras, na descrición dun suceso activo, auto-organizado, que xera significados persoais e funciona segundo patróns organizados e xerarquizados.

Esa é a materia sobre a que se basea a psicoterapia, ese é o seu obxecto de coñecemento. Ao centrarse máis no Eu e a súa organización tenden a centrarse en procesos e pautas xerais máis que en síntomas e problemas concretos.

Desta maneira este tipo de construtivismos, ao facer énfase nas características individuais do suceso que constrúe, recolle con frecuencia a tradición dos formatos máis tradicionais de terapia baseada no *insight* e a auto-comprensión.

A diferenza dos formatos cognitivos clásicos como Beck ou Ellis, non se trataría aquí de corrixiar erros ou distorsións, senón dun proceso de coñecer construíndo patróns progresivamente máis coherentes. O terapeuta é experto no proceso terapéutico e o paciente é experto no seu mundo. O cambio require un equilibrio para conservar o sentido da identidade, e é un proceso no que o cliente vai reconstruíndose a si mesmo, o cal esixe flexibilidade e fai difícil establecer programas pautados. Coñecer é, ademais, dar significado á experiencia, e enténdese que toda forma de sensación, emoción ou pensamento forma parte dese proceso de coñecer.

O seu punto forte apunta ao desenvolvemento dunha teoría do suceso. Conceptualízase o suceso como activo e enfatízase o desenvolvemento de mapas deste, e faise unha procura sobre o que debería facer a persoa para mellorar.

*Os modelos estratéxicos construtivistas* non son mencionados polos autores da anterior corrente construtivista. Refírome aquí, con estes modelos, ao MRI e Nardone. Watzlawick participou e colaborou na elaboración de ambos modelos. A forma de proceder destes enfoques está influenciada polos métodos de Milton H. Erickson e centrada no estudo do cambio. Neste

sentido resultan enfoques que, aínda que se conceptualizan en boa medida desde o construtivismo, presentan marcadas diferenzas cos anteriores. Non hai unha teoría do suxeito, e en relación con isto non se valora especialmente o auto-coñecemento nin os procesos persoais de cambio. Poténciase o uso do concepto de solución intentada para definir os problemas, e a sistematización de estratexias persuasivas para facilitar que o cliente emprenda as accións que o levarán a solucionar o problema. Se nos anteriores modelos o peso da terapia residía no proceso de cambio do cliente, aquí reside nas habilidades e capacidade de influencia do psicoterapeuta.

O seu punto forte consiste no desenvolvemento dunha teoría construtiva e operatoria dos problemas. Destácase o que debería facer o terapeuta para o suxeito mellorar, baixo a dita concepción dos problemas.

### **Construccionismos**

De acordo con Díaz Olguín (2007), ao longo dos anos 80, o groso das escolas de terapia familiar, até entón construtivistas, re-etiquétanse como construccionistas sociais, quizá por afinidade epistemolóxica e metodolóxica ou por rexeitamento do emerxente construtivismo neocognitivo vía modelos estruturalistas de traballo psicoterapéutico individual. As narrativas construccionistas asóciase máis a formatos familiares e de grupo, promovendo a acción, mentres as construtivistas se asocian máis a formatos individuais promovendo o coñecemento sobre as propias regras de funcionamento, o *insight* e a auto-comprensión.

Neste sentido pódese supor que o traballo con familias, onde cada membro ten unha visión e unha narración do problema, predispón quizá a formas de práctica nas que se negocian e se comparan as narracións unhas con outras, co fin de elaborar as que abran camiños para o cambio.

En calquera caso, o construccionismo defende que os tipos de coñecemento son versións consensuadas da realidade e o significado é xerado e actualizado na interacción social interpersonal. O coñecemento é resultado da negociación a través da interacción, na que a linguaxe ocupa un papel central. Mais a linguaxe, en si mesma, é tamén un acordo froito da negociación. Hai un concepto pragmático da constitución do real, e a verdade valórase segundo criterios de utilidade persoal (De Koster et al., 2004).

Caracteristicamente os modelos construccionistas, que en ocasións se denominan a si mesmos construtivistas, describen a psicoterapia como un proceso de co-construción interaccional a través da linguaxe de novos significados, narracións ou realidades.

Perante a carencia dunha teoría do suxeito, ponse o foco no método do terapeuta. Búscase a maneira na que o terapeuta pode desenvolver interaccións máis efectivas, formas de traballo que orienten a actividade do individuo, que se presupón sen capacidade para xeneralizar nada sobre el mesmo.

## 2.5.2. Aspectos críticos da distinción entre construcionismos e construtivismos

Vamos apuntar dous aspectos críticos para diferenciar construtivismos e construcionismos. Trátase da idea de linguaxe, por un lado, e a idea de axente e construción, por outro. Desta maneira é probábel que algunhas formulacións que se propoñen a si mesmas como construtivistas, en formatos subxectivistas, quedarían caracterizadas cunha clara deriva cara o construcionismo.

### 2.5.2.1. A linguaxe como creadora de realidades ou como operación sobre operacións

O papel da linguaxe é outro punto de diferenza entre construcionismo social e construtivismo, segundo entendo. Esta cuestión requiriría un tratamento extenso no que non vou entrar. Quero, porén, expor a miña postura.

O **Construcionismo Social** de Gergen, tal e como foi exposto, fai algunhas apreciacións con respecto á linguaxe:

-A linguaxe non é representación nin reflexo da realidade.

-Sentido pragmático. Por un lado linguaxe e historias adquiren valor polos seus efectos pragmáticos, polas súas consecuencias en cada situación, en cada relación, en cada contexto. Por outro lado a significación de calquera enunciado é unha realización temporal nacida dun momento de colaboración. O sentido provén do acordo e consenso en cada interacción concreta.

-Isto conduce á idea da linguaxe como fundadora de múltiples realidades que só teñen sentido no seu marco cultural e, por extensión ao ámbito da psicoterapia, no marco persoal de cada cliente.

Esta posición pode, por un lado, conducir ao estudo do uso efectivo da linguaxe, como foi exposto ao valorar a Terapia Centrada en Solucións, ao referirme ao artigo de Mc Gee, Del Vento e Beavin Bavelas (2004), que definen a súa postura como un construcionismo non radical.

Non obstante, no construcionismo social esta postura dáse en ausencia dunha teoría do suxeito. Entón a idea da linguaxe como fundadora de realidades pode conducir á redución da acción á linguaxe, e case diríamos á **redución da actividade psicolóxica á linguaxe**. Esta idea deséñase en ocasións nas formulacións das terapias narrativas e da terapia definida como elaboración de significados a través da conversación, ou co-creación conversacional de realidades.

É unha idea que subxace a moitas formulacións que se denominan a si mesmas construtivistas, e serían quizá máis propiamente construcionistas, no sentido de que a realidade é construída a través da linguaxe e a conversación.

A referencia ao suxeito, dunha ou doutra maneira, permitiría entender as condicións,

límites e posibilidades da acción lingüística. Sen esa referencia ao suxeito que xera coñecemento a través da súa acción, das súas operacións materiais, a idea da linguaxe como creadora do real supón unha opción pragmatista como primado da vontade libre. Esta opción pragmatista centrada no discurso pódese ler como un rexeitamento ás razóns positivistas que alimentaron o ciclo dos condutismos e a psicoloxía cognitiva.

Queremos apuntar unhas notas como contraste desde unha postura construtivista, seguindo o artigo de Sánchez (2009b) “Los límites del constructivismo”. **A raíz do significado é prelingüística**, e os obxectos do mundo adquiren significado pola relación que o organismo mantén con eles. Esta relación non cabe enteiramente nos límites da linguaxe, aínda que estea mediada pola propia linguaxe. O organismo supón un sistema de funcións xa desde o nacemento, cando aínda non controla a linguaxe. **A linguaxe é un sistema de operacións sobre esas operacións previas**. Pode medialas, transformalas, potencialas. Mais aínda que as transforme, non elimina nin pode reducir só á linguaxe as accións nin todas as dimensións de atención, memoria e organización psicolóxica que exercemos ao actuar.

Non se pretende con isto diminuír a importancia radical que a linguaxe ten. Se houbera que escoller un tema entre os que quedaron fóra deste traballo, sería probabelmente a idea da linguaxe como creadora de realidades, que cabe retrotraer cando menos até Wittgenstein, a súa liñaxe e a maneira en que isto se operativiza en terapia. É de rigor o estudo dunha das nosas ferramentas psicoterapéuticas máis potentes.

Mais si quero indicar o inapropiada que resulta a redución do psicolóxico á linguaxe, no que supón unha forma peculiar de tomar a parte polo todo.

#### 2.5.2.2. *A idea de Axente. Versión forte e débil da idea de construción*

Para a constitución e desenvolvemento da psicoloxía e a psicoterapia como disciplina é pertinente expor de que maneira definimos e en que grao é cognoscíbel o axente que realiza a actividade psicolóxica. Isto está en relación coa idea de construción, forte ou débil, que utilizan os distintos modelos.

Hai unha liña divisoria de fondo na idea xeral de suxeito, moderno, que nos construtivismos está baseado nunha versión forte da idea de construción, e a súa disolución postmoderna nos construcionismos que utilizan unha versión débil da idea de construción.

A análise dos enfoques que realizamos permite establecer dúas categorías xerais en canto á idea de axente e construción:

- 1. O axente como individual e particular.** Baséase na versión débil da idea de construción, que consiste en que é cada persoa a que elabora e ten o seu punto de vista particular e persoal, e en relación a el os seus modos de actuar.

Son posturas subxectivistas, nas que os axentes non teñen dimensións que poidan xeneralizarse a outros. É a opción de Kelly, por un lado, e por outro dos construcionismos de Gergen, da Terapia Centrada en Solucións e das opcións narrativas na liña de White e Epston. Dependendo de como se conceptualice, o individuo resulta máis ou menos estábel e cognoscíbel. Mais dada a súa particularidade, para cada novo axente na entrevista temos que comezar a coñecelo desde cero.

Moitos auto-denominados construtivismos, que buscan a exploración das dimensións da experiencia persoal sen establecer claramente dimensións xerais da organización dos suxeitos, estarían situados nesta opción.

**2. O axente organizado segundo dimensións xenéricas, subxectuais.** Baséase na versión forte da idea de construción, de raíz kantiana e darwiniana, que busca establecer a organización e xénese operatoria das nosas maneiras de coñecer. Búscanse as condicións subxectuais, xenéricas, da acción, por oposición ao individualismo e particularismo que ás veces se expresa na palabra subxectivo. Non implica a ausencia de aspectos persoais e particulares no individuo, senón que implica que estes aspectos se dan no contexto dunhas maneiras subxectuais de operar.

Dos enfoques valorados encontramos aquí a Guidano, e presumimos que tamén a Mahoney. O MRI e Nardone, definen dimensións xenéricas, que denominamos subxectuais, na construción dos problemas, aínda que carecen dunha teoría do suxeito, que en Nardone se suxire. Por iso están máis próximos desta opción.

Gonçalves presenta características polo demais pouco construtivistas, no sentido de que a construción se dá no relato, e máis tendentes ao obxectivismo, por canto o suxeito é determinado polos relatos. A súa énfase en racionalizar as invariantes dos relatos sitúao, en todo o caso, máis perto desta opción que da anterior, aínda que diríamos que o relato comeu ao axente, e o seu modelo é máis cognitivista e obxectivista que construtivista nese aspecto.

Desde un punto de vista construtivista o que coñecemos son as cualidades da interacción que xorden nos límites que encontramos nas nosas accións. A organización destas cualidades e límites, xa sexa consciente ou exercida a través da acción, é o que constitúe os obxectos.

Unha tendencia nos **construtivismos**, nun sentido xeral, é a de delimitar as características e categorías do suxeito coñecedor para explicar a acción. Así fai Guidano, e iso suxire Mahoney ou, dunha forma máis subxectivista, Kelly. Isto pode conducir, no límite, a pór o peso do coñecemento en definir a organización do suxeito, eliminando o seu contexto, medios, fins e sentido do logro dos seus actos.

Polo contrario, as versións máis **construcionistas**, asumindo que só coñecemos a

interacción, quedan nela, desenvolvendo métodos para refinala, e sen levar máis aló desta as súas propostas. Hai entón unha liña divisoria de fondo entre construtivismos, cunha idea de suxeito, e a súa disolución postmoderna nos construcionismos.

Unha vez rexeitada a noción de verdade, e sen unha teoría alternativa do suxeito, o que cabe é o relativismo e a sedución. O construcionismo proponnos establecer unha relación entre individuos sen que teñamos ningunha idea do que é un individuo. Este individuo convértese nun xestor dos seus intereses, nun exercitador de estratexias, nun elaborador de significados lingüísticos ou nun xerador de negociación e acordos, mais do que nada máis podemos dicir a priori.

O terapeuta reconece esa especificidade na que o cliente é o único experto posíbel en si mesmo. Achégase entón a el a través do diálogo para coñecer a súa forma individual e única de ver as cousas.

A conversación terapéutica con individuos únicos está condenada a comezar cada día desde cero. Os modos de traballo en psicoterapia, entón, exércense a través de sondaxes únicas, só válidas para un cliente concreto xa que non poden apoiarse nun coñecemento organizado do suxeito. Mais sondaxes organizadas conforme un método de entrevista para producir resultados pragmáticos.

Na liña que apunta Fernández Liria (2000) para os modelos narrativos non cabe tanto facer interpretacións ao texto, canto comentarios. É razoábel supor, no entanto, que o terapeuta que realiza esta psicoterapia exerce necesariamente máis coñecemento sobre o suxeito do que explicita.

O **construtivismo postmoderno** que Mahoney e Neimeyer postulan inclúe baixo o seu paraguas ambas as versións da construción, a forte e a débil. A pretensión de ser unha metateoría abarcadora, a partir de principios como o de actividade e significado, fai que se esvaeza. No seu interior cabe xa calquera enfoque, con tal de que utilice a palabra chave: “construír”.

O **construtivismo, tal como o propoño**, busca algo diferente. Trátase de caracterizar o suxeito como construtor de verdades e valor, non só de interpretacións e negociacións. As verdades non son representación senón consistencia operatoria, é dicir, consecución de logros a través de operacións organizadas, organizacións de sentido e acción que buscan consistencia. Cabe pedirlle á psicoterapia o desenvolvemento de métodos e estratexias que maximicen a acción do terapeuta, ao estilo construcionista. Mais cabe pedirlle tamén a busca dun coñecemento das maneiras de éxito e erro, de función e disfunción típicas.

Non se trata de saber para informar ao cliente de como debe actuar, pois iso supón xeralmente unha estratexia basta e pouco útil. Mais si se trata de buscar un coñecemento desde o que sexa máis fácil entender e actuar para exercer influencia nas estratexias do cliente, os seus puntos fortes e débiles e as súas alternativas. Un coñecemento que busque tanto coñecer a capacidade operatoria e estratexias do cliente, como refinar as do terapeuta para influír naquel.

**Dos modelos comentados**, cabe establecer dous enfoques nos que se está a exercer, con máis claridade, unha opción construtivista. As dimensións xerais de xénese dun suxeito con categorías xenéricas, subxectuais, de facer e coñecer, vese con máis claridade en Guidano. Xa apuntamos, porén, como ese suxeito se distancia do contexto e os problemas concretos.

A respecto dunha concepción operatoria e construtiva dos problemas, descritos en base a estratexias subxectuais que o individuo pon en marcha, esta desenvólvese con máis claridade no modelo de Nardone. Deste apuntamos, no entanto, como carece dunha teoría do suxeito aínda que insinúe.

Vimos, até aquí, distintos modelos de psicoterapia construtivista. Valoramos en que medida e en que aspectos nos podemos referir a estes enfoques como construtivistas a través da aplicación dos criterios definidos inicialmente. Vou presentar a continuación unhas conclusións a esta segunda parte, Construtivismos en Psicoterapia.

## 2.6. Conclusións da Parte Segunda. Construtivismos en Psicoterapia

Quero explicitar algunhas conclusións froito da análise realizada:

1. **Os construcionismos en psicoterapia** valorados (Gergen, a Terapia Centrada en Solucións, as narrativas de White e Epston) son opcións postmodernas, subxectivistas e pragmatistas. A persoa é individual e particular, o coñecemento sobre cada un non pode ser xeneralizado. O útil e verdadeiro mídese unicamente segundo o criterio persoal. Tenden a disolver a idea de axente apoiándose en nocións como a da linguaxe como creadora, a narración como configuradora e o acordo como constitutivo da realidade. Céntranse en desenvolver a metodoloxía de conversación do terapeuta, sen unha teoría do suxeito que a sustente.

2. **O construtivismo en psicoterapia ao estilo de Mahoney e Neimeyer** é unha opción postmoderna, que se define fronte á idea do mundo como independente e a verdade como representación. Organízase a través da noción laxa de construción e a idea do individuo como activo. Entón caben versións débiles da idea de construción, subxectivistas e pragmatistas, ao estilo dos construcionismos, ou nunha maneira máis xenética e construtiva, mais tamén subxectivista, de Kelly. Cabe, ademais, todo o resto do abano de opcións até as versións fortes da construción, que desenvolven unha teoría do suxeito a través de dimensións subxectuais, xenéricas, da construción, ao estilo do modelo de Guidano ou a proposta sen concretar de Mahoney.

3. **A tradición de Watzlawick e a terapia estratéxica do MRI-Nardone** reivíndicase, en diversa medida, como construtivista. Faino en ausencia dunha teoría do suxeito, mais destacando as dimensións operacionais de creación e solución dos problemas e conceptualizando a relación terapéutica como un proceso de influencia e persuasión por parte do terapeuta. Ten así un sentido pragmatista e subxectivista, aínda que podemos ver tamén un esbozo de condicións subxectuais, xenéricas no seu modelo. Con respecto á relación destes enfoques co construtivismo de Mahoney e Neimeyer, a ausencia de citas cruzadas no material revisado suxire que se ignoran mutuamente.

4. **Hai opcións construtivistas en psicoterapia**, na versión forte da idea de construción. Trátase especialmente do modelo de Guidano, que propón unha teoría do suxeito a través da súa xénese construtiva. Trátase tamén do modelo de Nardone, en canto que establece dimensións subxectuais na creación e resolución dos problemas psicolóxicos especificando a súa construción operatoria.

5. **Os modelos valorados utilizan maioritariamente unha versión débil da idea de construción**, que considera que cada persoa constrúe o seu punto de vista particular e individual, sen alusión a dimensións xenéricas, subxectuais desa construción. Esta visión é coherente co postmodernismo e a idea de pluralidade acrítica dos coñecementos e verdades. Hai, en xeral, ausencia dunha teoría do suxeito e dunha versión forte da construción. O construtivismo de moitas psicoterapias construtivistas tende así a ser un subxectivismo que utiliza unha idea laxa de construción para distanciarse do realismo e enfatizar a idea de actividade e peculiaridade persoal dos individuos.

Na parte seguinte non comezaremos por modelos concretos para ver o que hai de construtivista neles. Antes ao contrario, faremos a viaxe inversa. A intención é, desde a posición que manteño, ver as consideracións que se poden facer sobre a psicoterapia. Estas consideracións serán necesariamente xerais, pois non se pretende o desenvolvemento dun modelo psicoterapéutico concreto, senón explorar as condicións nas que a psicoterapia ten sentido desde un punto de vista construtivista.

## PARTE TERCEIRA: PSICOTERAPIA EN CHAVE CONSTRUTIVISTA

### 3.1. *Psicoterapia en Chave Construtivista. Do coñecemento á incitación*

Pretendo aquí realizar unha serie de consideracións sobre a psicoterapia, entendida en chave construtivista. O referente é a idea construtivista de suxeito e psicoloxía que se esbozou na parte anterior, e as súas implicacións.

Xa formulei algunhas das **cuestións que implica para a psicoloxía o construtivismo**. Unha idea central é a da lóxica de construción. Ten que ver coas condicións filoxenéticas e ontoxenéticas nas que se entende a xénese das categorías do suxeito kantiano despois do evolucionismo de Darwin.

Entre elas está a idea de construción xenética dos modos organizados de coñecemento e acción do suxeito. Dos autores valorados exemplifícase mellor en Guidano.

Tamén está a idea dunha construción operatoria dos problemas, que entre os autores valorados se ve con máis claridade en Nardone.

Por outro lado está a elaboración sociohistórica de valores, verdades e prexuízos. Esta elaboración conforma o contexto no que o suxeito crea espazos de vida e convivencia familiar, grupal, profesional e sociopolítica. Estas cuestións, que en psicoloxía remiten con máis claridade a Vigotski, son en parte retomadas polos formatos máis próximos ao construcionismo social, aínda que coas características de relativismo e subxectivismo que apuntei. Estas características responden en parte á concepción da linguaxe como creadora de realidade, que critiquei, e non como mediador, como instrumento que se exerce sobre un sistema de funcións reais, materiais, non puramente lingüísticas.

Con respecto ao suxeito, cabe apuntar que de acordo coa proposta construtivista desenvolvida e aplicada previamente, o suxeito cobra sentido concibido de forma construtiva e xenética, onde a vontade, realidade e verdades non son primarias senón elaboradas no proceso. Estas son as condicións do desenvolvemento dunha teoría do suxeito á que nos referimos. Son unha proposta de saída ás contradicións do par natureza/liberdade, e das dialécticas positivismo/pragmatismo e obxectivismo/subxectivismo.

É o patrón de funcionamento do cliente e a súa forma de operar o que determina as direccións e os graos de liberdade posibles cos que o terapeuta debe traballar, e ese suxeito é o obxecto que precisamos coñecer para realizar a tarefa psicoterapéutica. Cabe pedirlle á psicoloxía un coñecemento da estrutura e organización psicolóxica dos medios e fins do suxeito que nos permita elaborar un coñecemento disciplinar.

Porén, a miña intención é referirme non á psicoloxía, senón á psicoterapia como ámbito específico de exercicio. A psicoterapia non é o coñecemento do suxeito, como podería reclamar a psicoloxía. A **psicoterapia é un encontro entre suxeitos** que pretende aliviar o sufrimento de

polo menos un deles.

É aquí pertinente a distinción que Gómez Fontanil e Coto Ezama (1990) establecen entre *acción instrumental*, que sería unha manipulación directa sobre obxectos, e *acción comunicativa*. A acción comunicativa implica dous axentes, un dos cales é “paciente” con respecto ao outro axente. É unha manipulación en dous tempos na que o primeiro axente provoca que o destinatario da comunicación realice un cambio sobre os obxectos que si que é unha manipulación directa. O segundo axente sería unha sorte de instrumento do primeiro. Un exemplo sería cando lle pedimos a outra persoa que prepare un té, o cal fai que esta persoa emprenda toda unha serie de accións instrumentais sobre os obxectos a partir da nosa acción comunicativa.

A psicoterapia como encontro entre suxeitos precisa entón operar dous tipos de coñecementos. O primeiro *remite a unha teoría do suxeito*, e consiste en saber o que fai este, que é o que lle xera os problemas e o que pode facer para saír deles. O segundo *remite a unha teoría da interacción entre suxeitos*, e consiste en saber o que pode facer o terapeuta para que o cliente faga aquilo que lle permitirá mellorar, é dicir, como facer actuar ao outro.

Non se trata de pedirlle ao outro que cambie sen máis (a non ser que facelo funcione!), esa tarefa non require unha pericia especial, nin acostuma aportar resultados útiles. Trátase de descubrir *como incitalo a que cambie* (Wittezaele, 2004). Trátase de indagar que aspectos da acción do terapeuta poden facilitar o afastamento da realidade problemática ou o cambio na dirección desexada. Iso leva a considerar tanto a situación de entrevista como a situación e proceso en que o paciente se encontra.

Os construcionismos presentan unha carencia de teoría do suxeito. Céntranse entón en desenvolver refinados métodos de conversación para facer actuar o outro. Fano desde unha posición de humildade, xa que o outro, individual e exclusivo, é o único experto posíbel na súa situación e formas de funcionar.

A opción oposta sería unha teoría do suxeito sen un modelo de interacción entre os suxeitos. Supón a idea dun modelo normativo do psicolóxico no que ensinar, instruír ao cliente. Isto responde a un certo cliché sobre o psicoterapeuta, que sería alguén que che di como son as “ cousas psicolóxicas ” en realidade e che dá consellos para te comportares adecuadamente conforme a esta verdade.

*Non ter unha teoría do suxeito* supón ter que recrealo desde cero en cada nova conversación. *Non ter un modelo da interacción entre suxeitos* supón vernos como observadores externos, alleos, e non como observadores participantes na interacción co outro, que é a única maneira de influír. En ambos casos o risco é entender peor o que pasa e ter menos posibilidades de exercer procedementos efectivos. A experiencia da interacción con outros implica exercer dalgunha maneira tanto unha noción do que o outro é como unha noción de como relacionarse con el. Á psicoloxía interésalle un coñecemento eficaz e explícito de ambas condicións, e non só

un exercicio implícito, tácito.

Denominei esta parte Psicoterapia en chave construtivista. Non se pretende, obviamente, o desenvolvemento dunha psicoterapia concreta. O que se busca é avanzar cara unha conceptualización e contextualización da psicoterapia desde o construtivismo. Non se pretende o construtivismo como interpretación que agrupe modelos, para dicir que uns son construtivistas e outros non, senón como marco desde o que tomar decisións e configurar o coñecemento e a práctica.

Na análise que emprendo a continuación percorrerei varios puntos. O primeiro será unha contextualización sociohistórica do *igualitarismo na relación terapéutica*. É relevante tocar este aspecto por canto é un sinal de identidade da práctica construtivista en case todos os modelos e concepcións.

Especialmente as opcións construcionistas e tamén o sentido máis laxo das opcións construtivistas, fan bandeira dun estilo de relación igualitario: o paciente activo, a súa consideración de axente, a necesidade de que acepte, asuma e asimile as propostas, o trato igualitario, o paciente como suxeito de dereitos, o estilo participativo e colaborador, a abertura de posibilidades...

Desde a crítica construtivista que exercerei, o igualitarismo, que ten un sentido psicolóxico como estratexia que facilita a acción psicoterapéutica, ten tamén sentido desde o valor da idea de cidadanía e dereitos. Valorarei o igualitarismo non en termos de relativismo sociohistórico, senón de xénese sociohistórica do sentido.

Despois abordarei unha idea esencial ao construtivismo que defendín, a da *especificidade do psicolóxico fronte ao médico* entendido como fisiolóxico-anatómico. Esta reflexión epistemolóxica levárame a pronunciarme nos ámbitos específicos da *investigación* e o *uso de protocolos en psicoterapia*.

### 3.2. Respecto ao contexto sociohistórico da psicoterapia como relación igualitaria

Os modelos construtivistas en psicoterapia mostran as características xerais de trato “igualitario” e poñen progresivamente máis en valor a postura do paciente. É característica a **conceptualización da relación terapéutica como unha experto-experto**, onde o cliente é o experto no seu problema e o terapeuta en psicoloxía ou incluso só en técnicas de conversación. Vou facer unha contextualización sociohistórica desta postura construtivista.

Cabe apuntar que entronca coa **corrente igualitarista e democratizadora** que se desenvolve no occidente a partir da Ilustración e da Revolución Francesa.

Nesta liña desenvolvéronse progresivamente os dereitos do home, da muller, da infancia, dos animais, do planeta e das diversas minorías, razas, culturas e linguas.

De acordo con Collins (2009), esta extensión do dereito ás minorías faise particularmente patente no occidente a partir da revolución cultural dos anos 60. Por un lado

desconfíase do Poder e a Verdade con maiúsculas. Por outro, coa multiplicidade de discursos e intereses que emerxen, desconfíase de todo discurso e verdade que xa non é instrumento de liberación fronte á ignorancia e a tradición, ao estilo da razón ilustrada, senón que se ve como ferramenta de intereses, desvelados ou non. Neste contexto aumenta a concepción de todo coñecemento como, no fondo, irracional.

A efectos de coidado da saúde, é neste curso da ampliación do círculo da ética e do aumento do número de interlocutores válidos onde cabe entender que o paciente pase de ser obxecto de actos médicos a ser suxeito de dereitos.

Isto exemplifícase claramente na doutrina do **Consentimento Informado** que xorde nun contexto xudicializado como o dos EE.UU a partir dos anos 50 do século pasado. Trata de protexer o dereito dos pacientes a unha maior liberdade de elección obrigando aos médicos a comunicar ao paciente cal é a súa doenza e as alternativas de tratamento cos seus riscos e posibilidades de éxito de forma que sexa este quen decida (por escrito) aceptalas ou rexeitalas. É unha resposta do sistema legal a reclamacións por negligencia médica. Historicamente supuxo un cambio, cando menos formal, na tradición paternalista da medicina que abriu o camiño a posteriores transformacións da relación médico-paciente.

Por exemplificalo dun xeito meridiano:

- En palabras de **Hipócrates**: "Oculta ao doente, durante a túa actuación, a maioría das cousas... Respóndelle algunhas veces de forma estrita e severa, mais outras ánimo con solicitude e habilidade, sen mostrarlle nada do que lle vai pasar nin do seu estado actual; pois moitos acoden a outros médicos por causa da declaración, antes mencionada, do pronóstico sobre o seu presente e futuro" (Hipócrates, *Sobre a decencia*, citado en Gómez Sancho, 1998, p. 335).

- Na **Lei de Autonomía do Paciente** (2002, p. 40127) española: o Consentimento Informado é "a conformidade libre, voluntaria e consciente dun paciente, manifestada no pleno uso das súas facultades despois de recibir a información adecuada, para que teña lugar unha actuación que afecta á súa saúde."

Nos seus trazos máis inespecíficos, o que se deu en chamar construtivismo en psicoterapia propón un estilo cuxos trazos máis característicos serían, segundo Neimeyer (Neimeyer e Mahoney, 1998, cap. 2):

-Estilo participativo, comprensivo e colaborador máis que autoritario.

-Promoción de creación de significados para a abertura de posibilidades máis que corrección de déficit.

-Resistencia ao cambio como forma lexítima de reacción, que permite protexerse e regular o ritmo de cambio.

Estes trazos axústanse perfectamente ao citado proceso igualitarista e de ampliación dos dereitos, o cal entendo que explica en parte os motivos da súa popularidade.

A idea a considerar é, entón, de que maneira esta tendencia “democratizadora” en psicoterapia acontece nun contexto sociolóxico peculiar. Este contexto provén dun longo ciclo histórico en que, especialmente no occidente, a persoa está a fortalecerse como suxeito de dereitos e axente con lexítimo poder de decisión, a diversos niveis sociais, legais e sanitarios.

### *3.2.1. Reflexión e crítica construtivista*

Apuntei aspectos históricos e sociolóxicos que convén ter en conta. Non quixera, non obstante e como é de esperar, pretender que estes ángulos esgoten os niveis de análise, e que a adopción dun estilo de trato igualitario se xustifique e explique por unha cuestión puramente sociolóxica ou como simple estratexia persuasiva. Quizá en parte si, mais non só por iso, porque entendo que é unha cuestión con máis dimensións.

Neste sentido a idea de cidadanía e dereitos na que se constitúe a idea de relación igualitaria entre médico e paciente, ou terapeuta e cliente, permite exemplificar un aspecto construtivista que mencionei anteriormente de esguello.

Refírome á idea da elaboración sociohistórica de valores e verdades, de raíz vigotskiana, que remite a como o suxeito crea colectivamente as categorías. Esta elaboración está a crear o contexto en que o suxeito crea espazos de vida e convivencia familiar, de grupo, profesional e sociopolítica. Estes valores e categorías chegan ao presente cun sentido e unha historia, e son as condicións do futuro sentido e historia. Teñen un valor de verdade posta a proba colectivamente. Sen ser a verdade, forman parte de verdades plurais e históricas, nin relativistas nin arbitrarias, senón cun sentido, mellor ou peor. Hai entón problemas que están ligados a condicións sociohistóricas que xeran ámbitos de conflito e sufrimento, ou convivencia e crecemento. Hai proxectos de sentido que fan aceptábel o sufrimento, e ausencia de sentido que fai intolerábel o sufrimento ou inexistente a satisfacción. Eses marcos sociohistóricos ao tempo xéranse pola acción dos suxeitos, e son a condición para o exercicio desa acción dos suxeitos.

Esta posición permite revisar a anterior análise sociohistórica da popularidade do estilo igualitario en psicoterapia que o construtivismo recolle. Refírome a que o trato igualitario na relación psicoterapéutica se contextualiza na evolución da idea de cidadanía e dereitos do individuo. O individuo conceptualízase como axente con capacidade e responsabilidade persoal de acción e decisión. As institucións confórmanse entón para atender eses cidadáns. E a psicoterapia tamén. Entón a situación psicoterapéutica organízase en termos igualitarios ao presupor no outro a capacidade e responsabilidade como axente. Desta maneira tal situación acaba por esixirlle esa capacidade persoal de acción e decisión, que podía non ser previa nel.

Hai funcionamentos das persoas máis pasivos ou máis dependentes doutros. A concepción igualitaria da relación terapéutica, na que se presupón ao outro como axente, tende a configuralo conforme a capacidade e responsabilidade persoal de acción e decisión que se lle presupón. O que resulta ser un valor e verdade configurado sociohistoricamente a través da acción colectiva dos individuos, crea unha situación na que se pide, polo menos implicitamente, ao individuo que se constitúa de acordo con el.

O exercicio do trato igualitario, polo tanto, ten un referente sociohistórico e ao mesmo tempo configúrao. Ten ademais un valor, distinto doutras concepcións da persoa, como a tribal que poida existir en determinadas sociedades africanas ou a dos estamentos dunha sociedade feudal, quizá en parte reflectida nas castas da India actual. A elección deste estilo non é polo tanto unha simple cuestión relativista, irracional, como podería apuntar o construcionismo social, senón que incorpora dimensións de sentido e configura a realidade a nivel colectivo.

Lida dunha maneira operatoria, material e non subxectivista, isto mesmo encontramos na frase de Von Foerster: *“Debo vivir co mundo que creo ao actuar dun ou doutro xeito. Nese mundo pode ser capaz de durmir, ou ter pesadelos”* (citado en Bröcker, 2004, p. 25).

**Os enfoques construcionistas tenden a categorizar a relación igualitaria en psicoterapia baixo a concepción do cliente como experto.** Algúns enfoques construtivistas, ao estilo de Mahoney e Neimeyer, suavizan esta postura coa concepción da psicoterapia como encontro entre expertos, o cliente experto no que lle pasa e o terapeuta experto nos procesos de cambio. Esta cuestión merece unha reflexión máis repousada.

Expuxen anteriormente que a psicoloxía e psicoterapia como disciplinas implican unha teoría do suxeito e da interacción entre suxeitos. Neste sentido a relación terapéutica non pode ser unha de igual a igual. O psicoterapeuta aporta coñecemento disciplinar, é un experto. O sentido dunha disciplina estriba en aportar coñecemento especializado e organizado, máis válido que o “sentido común”. Se non pode facer iso, entón efectivamente a psicoterapia é unha conversación como calquera outra, tan válida ou tan pouco válida como a que se podería ter con calquera, independentemente da súa formación.

A pretensión de relación de igual a igual en psicoterapia, por canto o cliente é tamén un experto, é característica dos enfoques construcionistas. Apóiase na asunción básica de que só é posíbel coñecer individuos concretos e particulares nunha conversación dada, e non pode xeneralizarse nin coñecerse nada máis. Se non podemos saber nada dos individuos nin as patoloxías, en cada problema só cabe un experto, que é quen o padece.

Desde unha óptica postmodernista todos os coñecementos son relativos, e non hai verdades en maior grao que outras. Entón o construcionismo propón a relación igualitaria non como un formato de relación entre persoas, senón como un formato de constitución da realidade a través da negociación entre interlocutores equivalentes. Ambos interlocutores teñen

coñecementos igualmente válidos, ou igualmente non válidos, porque na realidade nada se pode dicir da diferenza dos seus coñecementos, excepto que nun sentido pragmatista lle sexan máis ou menos útiles ao cliente.

Aquí o igualitarismo, en ausencia dunha teoría do suxeito e das operacións, fai que o terapeuta converta a realidade particular e persoal do cliente na única realidade de referencia. En ausencia de algunha teoría sobre as verdades e sobre o psicolóxico, convertemos na verdade de referencia aquilo que o cliente nos diga que el cre.

Mais padecer ou saber moito de algo non converte a ninguén nun experto. O que o converte nun experto é tamén a calidade dese coñecemento. Saber o tempo que fixo cada un dos días do ano non converte a ninguén en experto en meteoroloxía. Para ser experto en meteoroloxía requírese un coñecemento específico e organizado, que permite entender e predicir. O sentido común ou persoal pode ser moi válido, mais unha disciplina o que busca de algunha maneira é sistematizar a validez e levala máis aló do simple uso individual e peculiar.

Neste sentido, despois de máis dun século desde a fundación do laboratorio de psicoloxía experimental de Wundt en 1879, deberíamos poder saber que si que é posíbel coñecer algo do psicolóxico máis aló do individuo concreto. Outra cousa é que sexa fácil operativizalo, estender pontes ao uso práctico deste coñecemento. Mais esa é máis unha tarefa a realizar que un labor a negar por imposible. A sospeita razoábel é que os terapeutas construcionistas están a empregar moito máis coñecemento e habilidade do que nos din que é posíbel. A suposición que cabe facer é que o están a exercer, sen explicitalo.

Polo tanto é pertinente marcar distancias coa concepción da relación psicoterapéutica como igualitaria en base á conceptualización do paciente como experto. A psicoterapia é para o cliente, e el é o protagonista. É chave a súa narración, a súa visión, os seus valores e as súas metas. Mais iso non quere dicir que a súa forma de coñecer e actuar sexa a que define o válido e o eficaz. Na medida en que a súa forma de coñecer e actuar estea en relación cos problemas que o traen á psicoterapia, estas formas son máis ben o material de traballo da psicoterapia. E para traballar con esas formas de facer, é preciso facelo desde un coñecemento e formas de facer do terapeuta, distintas ás do cliente. Esa acción e coñecemento do psicoterapeuta son os que constitúen a psicoloxía e a psicoterapia.

Mais quero marcar distancias tamén coa elección da igualdade como simple procedemento persuasivo. Esta é **a posición da terapia estratéxica do MRI. Para estes autores a relación igualitaria é de elección por canto facilita os procedementos persuasivos.** É a máis útil como medio de persuasión, mais hai que estar preparado para cambiar a estilos máis autoritarios se resultan máis eficaces. De acordo co punto de vista construtivista exercido neste apartado, a elección dun estilo de relación de igual a igual incorpora dimensións éticas, de sentido e de proxecto de convivencia. Exerce un valor relativo ao concepto de cidadán como axente de acción, decisión, dereitos e deberes, e configura aos individuos de acordo con el. A

flexibilidade e control de distintos rexistros por parte do terapeuta é enormemente valiosa. Mais a elección dun estilo ou outro incorpora non só compoñentes de eficacia, senón tamén de valor e de conformación social e individual dos suxeitos.

O estilo de relación crea un contexto para a acción psicoterapéutica e configúraa a ela, ao cliente e ao terapeuta. Confórmaos como axentes. Non é un simple “excipiente”, ao modo da sacarosa que fai máis agradábel a inxestión da píldora que contén o principio activo.

Nas dúas últimas seccións ocupeime dun dos sinais de identidade dos construtivismos en psicoterapia, o da relación terapéutica igualitaria.

Xa apuntei que cabe contextualizala nun ciclo histórico no que, especialmente no occidente, está a fortalecerse a persoa como suxeito de dereitos e axente con lexítimo poder de decisión, acción e responsabilidade, a diversos niveis sociais, legais e sanitarios.

Marquei distancia coa idea de igualdade na relación baseada na idea do paciente como experto, que tende a anular o valor da psicoloxía e psicoterapia como disciplinas. Esta é unha idea de cuño postmodernista, relativista e escéptico en canto á posibilidade de verdades.

Marquei tamén distancia coa idea da igualdade como estilo de elección por canto facilita os procedementos persuasivos, que é unha idea de cuño pragmatista.

As posturas socioloxistas, escépticas e pragmáticas teñen o seu sentido como crítica ao dogmatismo, promoción da flexibilidade e consideración da experiencia e coñecemento do cliente como valiosos. Mais resultan excesivamente limitadas.

A través da crítica realizada a estas posicións tratei de exemplificar a idea construtivista de xénese sociohistórica de valores e verdades. Neste caso o igualitarismo está ligado a unha idea de cidadán e axente como suxeito de dereitos e deberes e con capacidade de decisión, acción e responsabilidade. Por suposto que é pertinente que o terapeuta sexa capaz de controlar e elixir entre estilos máis ou menos igualitarios ou autoritarios, flexíbeis ou directivos, e que iso pode ter relación co resultado terapéutico. Mais ao exercer un estilo e non outro, constituímonos e constituímos o cliente a través da relación. As categorías que exercemos permítennos ao mesmo tempo a acción e configúrana.

### *3.3. Respecto ao contexto epistemolóxico e psicolóxico da psicoterapia como encontro entre suxeitos*

Á hora de considerar a psicoterapia hai unha primeira consideración básica e ineludíbel, non sociolóxica. É a existencia de **niveis diferentes da realidade**, que non poden ser explicados un polo outro senón que teñen modos de organizarse e regras de funcionamento diferentes.

O fisiolóxico presupón o inorgánico, mais funciona dun xeito diferente e non se explica por iso. De igual maneira o psicolóxico presupón o fisiolóxico mais non se explica por iso, porque ten unha forma de organizarse e funcionar diferente. Esta é unha distinción ontolóxica

que resulta da construción epistemolóxica da realidade.

Os niveis de organización da materia son debidos a que cando estudamos e traballamos cos fenómenos encontramos niveis de análise que teñen regras diferentes uns dos outros, e non poden explicarse uns por outros. A fisioloxía parte do inorgánico, mais non pode entenderse nin utilizarse segundo as regras do inorgánico. O psicolóxico parte do fisiolóxico, mais non pode entenderse nin utilizarse segundo as regras do fisiolóxico. Os campos operatorios non son reducíbeis uns a outros. Se se cre que o psicolóxico funciona segundo as regras do fisiolóxico, entón defínese o psicolóxico como epifenómeno, como innecesario para entender nada, como irrelevante, exercendo un monismo fisioloxista. Mais o problema non é dicilo, que é sinxelo, senón mostralo e facelo funcionar.

Partiremos dos principios epistemolóxicos e psicolóxicos esbozados até aquí, relativos a unha concepción construtivista do suxeito e a unha concepción da psicoterapia como encontro entre suxeitos. Vamos entón referirnos a tres puntos, a saber: o médico como analoxía do psicolóxico, a investigación en psicoterapia, e o papel dos protocolos de tratamento na clínica.

### *3.3.1. O médico como analoxía do psicolóxico*

O obxecto de coñecemento da Medicina está caracterizado dun xeito fisiolóxico-anatómico. Esa é a súa maneira de operar e o seu ámbito de coñecemento como disciplina. O cal non elimina o feito de que o acto médico teña, obviamente, moitas máis compoñentes cando se dá na interacción humana con doenzas e pacientes reais.

Esta conceptualización fisiolóxico-anatómica da súa realidade dáse en todas as ramas da Medicina, e é tamén o proxecto inacabado da Psiquiatría como disciplina médica. Por exemplificalo en palabras do profesor de Psiquiatría Kenneth Kendler (2006, p. 127), “de todas as disciplinas médicas a psiquiatría é a que intenta relacionar a mente co cerebro. Tomemos, por exemplo, a situación clínica típica: estou a tratar unha rapaza que sufriu un episodio de depresión, e falamos de como se sente e dun problema conxugal relacionado coa súa relación conflitiva co seu pai. Falamos de cuestións profundas do seu mundo mental, a súa identidade e sentido e, porén, no transcurso da visita teño que desconectar e pensar o que ocorre no seu sistema neurolóxico, como lle afecta ao hipocampo e a amígdala, e se lle estou a dar a dose correcta de medicación para que se lle regulen os receptores. Entón teño que desconectar outra vez e volver ao mundo da mente. De forma que, no traballo diario, os psiquiatras estamos a pensar sempre nesa inextricábel interrelación entre a mente e o cerebro. É dicir, observar a mente, o mundo que vemos desde o noso interior, e o cerebro. Abrir o cerebro e pensar onde están a cambiar os receptores e se estamos a usar a medicación correcta no tratamento farmacolóxico.”

A aplicación deste modelo médico resulta, por outro lado, menos potente en Psiquiatría que noutras ramas da Medicina. Unha característica da Psiquiatría é que non consegue a efectiva

definición das síndromes sobre as que se ocupa en termos de doenzas. Sen prexuízo de que se avance no coñecemento dos mecanismos fisiolóxicos dos psicofármacos e dos trastornos mentais, non hai unha definición fisiolóxico-anatómica da etioloxía e curso das síndromes que permita caracterizalas conceptualmente como doenzas. Isto permanece como proposta e plan de traballo a futuro, aínda que o leigo na materia o supoña xa feito.

Neste sentido, seguindo a Moncrieff e Cohen (2009), cabe apuntar os debates internos da Psiquiatría coa proposta dun modelo centrado na acción do fármaco. Este modelo propón centrarse nos psicofármacos como produtores de estados físicos e mentais alterados específicos, que poden suprimir as manifestacións de certos trastornos mentais. Oponse ao xa tradicional modelo da acción do psicofármaco centrado na doenza, que asume que os fármacos actúan corrixindo as anormalidades biolóxicas subxacentes que producen os síntomas psiquiátricos.

A cuestión que presentei remite á idea da dificultade de conceptualizar os trastornos psicolóxicos en termos fisiolóxico-anatómicos, e ademais ter éxito no empeño. Os psicofármacos teñen, por outra parte, unha utilidade en moitos casos probada, sen que ese marco teórico funcione. Mais quero apuntar que esta dificultade para a conceptualización das manifestacións psicolóxicas en termos fisiolóxico-anatómicos cobra sentido ao entender o psicolóxico como un nivel de funcionamento distinto ao fisiolóxico, que presupón o fisiolóxico mais non se explica por iso.

Fixen até aquí alusión aos problemas do modelo médico en Psiquiatría para abordar o psicolóxico. A partir deste punto cando me refira á Medicina enténdase que me refiro ao uso máis exitoso do modelo médico en especialidades que si que conseguen o acoutamento fisiolóxico-anatómico das súas doenzas. Un exemplo serían as formas de coñecer e proceder da Cardioloxía, Dermatoloxía ou Neuroloxía.

A Medicina pode entón exercer un potente recorte do seu obxecto ao reduci-lo a fisioloxía e anatomía, con un máis que notábel éxito en moitos casos. Mais en psicoterapia, xa desde a escoita psicanalítica, hai unha forte, diríamos inevitábel, tendencia a aumentar o protagonismo do “paciente”, do “obxecto” e a consideralo como axente, como suxeito.

Unha formulación terapéutica fisiolóxico-anatómica tratará na entrevista de recabar información que lle permita estimar cal é a variábel fisiolóxica ou anatómica que hai que modificar e despois indicar o tratamento adecuado ao paciente, cuxa colaboración se presupón. Simplificando, unha vez “inxerido” ou “operado”, o tratamento funcionará por si mesmo, de forma unidireccional e independente da vontade do paciente. Dado que a realidade sobre a que se opera é fisiolóxico-anatómica, en boa medida o paciente como suxeito de vontade e acción é un “estorbo”. Hai, implicitamente, unha concepción do psicolóxico como erro, na liña do platonismo.

A idea simplificada de que os tratamentos médicos, unha vez postos en marcha, actúan a nivel eminentemente fisiolóxico-anatómico independente da vontade ou acción do suxeito é

unha idea que funciona ben en moitos casos, mellor canto máis clara estea a causalidade e funcionamento fisiolóxico do trastorno, e probabelmente peor cantos máis factores psicolóxicos estean implicados ou teñan peso.

Podemos supor que o obxectivo, sentido e uso que o paciente faga da técnica ou intervención é pouco relevante para a intensidade do seu efecto, ou que é unha categoría dicotómica con só dous valores, que o paciente a use (como se inxerise un fármaco) ou que non a use (como se non tomase o fármaco). Se aceptamos isto podemos tomar o efecto fisiolóxico dos fármacos como boa metáfora e modelo para entender o efecto psicolóxico das técnicas psicoterapéuticas, establecendo unha analoxía entre o fisiolóxico e o psicolóxico. Esta analoxía maniféstase como idea de fondo en formatos de investigación e clínica que conciben os tratamentos psicolóxicos como paquetes para tratar patoloxías ou problemas, dos que se intenta buscar a dose adecuada e alambicar as compoñentes activas.

En palabras de M. Pérez (en González Pardo e Pérez Álvarez, 2008, p. 295, letra cursiva e aspas do autor) “...boa parte do éxito da terapia de conduta e cognitivo-condutual é á custa da *mimetización* do modelo médico e dunha certa *desvirtuación* do modelo psicolóxico (contextual, psicosocial, aberto a varias solucións). O feito de que a terapia de conduta e cognitivo-condutual ofrecera modelos psicolóxicos dos diversos cadros diagnósticos, lonxe de revelar a súa obxectividade, o que pon de relieve é, en realidade, o carácter construtivo-práctico (e habería que ver para que e para quen) dos ditos cadros e non, precisamente, o carácter natural (que está suposto pola lóxica sobre a que se “constrúen”). Esta mimetización do modelo médico que, como se dixo, ten o grande mérito de mostrar a eficacia dos tratamentos psicolóxicos en relación cos psicofarmacolóxicos, ten tamén o risco de dirixir a psicoloxía clínica por camiños que a poden pór de lado en terreos xa colonizados á vez que a poden afastar do seu propio rumbo aberto aos cambiantes problemas da vida”.

Vamos agora referirnos á investigación, para despois facer unhas consideracións sobre a clínica no tocante aos protocolos de tratamento.

### 3.3.2. Investigación en psicoterapia. O Dodo e outros paxaros

A historia do paxaro Dodo provén do libro de Lewis Carroll (1991) *Alicia no País das Marabillas*. Logo de ter sido mollados polas lágrimas de Alicia, os animais organizaron unha carreira para se secaren. Correron por unha pista circular. Mais fixérono dun modo peculiar, xa que cada un comezou e acabou a carreira cando considerou oportuno. Logo de concluír, os participantes preguntaron: Quen gañou? O Dodo dixo: Todos gañastes, e polo tanto, todos debedes ter un premio.

Este “veredicto do Pexaro Dodo” exemplifica a postura da perspectiva dos Factores Comúns para a investigación e psicoterapia. Afirmar que moitos enfoques psicoterapéuticos son igualmente efectivos, e son os factores ou ingredientes comúns que dan conta desa eficacia o

que nos interesa.

Esta posición opónse de fronte ao enfoque hoxe de referencia, o dos **Tratamentos Empiricamente Validados**, que propón que algúns modelos e técnicas de terapia serán máis efectivos que outros con algúns clientes e problemas determinados e iso é o que nos interesa estudar e clasificar.

Ampliaremos, de acordo con Castelnuovo e cols. (2004), o enfoque dos **Tratamentos Empiricamente Validados**. Este aliméntase da idea da Medicina Baseada na Evidencia e apóiase na metodoloxía dos ensaios clínicos controlados e aleatorizados. O esforzo para identificar, estudar e promover terapias empiricamente validadas comeza oficialmente na American Psychological Association (APA) en 1995, coa creación da súa División 12.

Castelnuovo e cols. (2004) apuntan ademais que esta metodoloxía de investigación favorece a investigación da eficacia de tratamentos manualizados e realizados a partir de diagnósticos, e nela prosperaron os modelos cognitivo-condutuais. Criticouse, non obstante, que se focaliza na eficacia antes que na efectividade, e tende a restrinxir o ámbito da investigación e psicoterapia. Apuntouse tamén que a súa metodoloxía presenta distintos problemas técnicos e que as psicoterapias empiricamente validadas non encontran a ampla acollida que sería esperábel entre os clínicos.

Estenderemos o **enfoque dos Factores Comúns** seguindo a Duncan (2002). Refire este autor que esta metáfora foi usada por primeira vez por Rosenzweig no seu artigo de 1936 “Some implicit common factors in diverse methods of psychotherapy”, en relación á equivalencia da eficacia entre psicoterapias. Esta imaxe e concepto foi reutilizada nos anos 70 por autores como Frank ou Luborsky. A contribución recente máis relevante é quizá a de Lambert.

Duncan (2002) continúa a afirmar que o modelo dos tratamentos empiricamente validados se funda no modelo médico, baixo a idea de que a mellora nos síntomas se produce a partir do diagnóstico adecuado e a aplicación do tratamento recomendado. Mais, en psicoterapia, o feito de privilexiar os datos lidos baixo o modelo médico non explica os procesos de cambio, non permite seleccionar os tratamentos máis eficaces e non permite predicir resultados, porque estas cuestións derivan máis de factores comúns como os relativos á alianza.

Con respecto ao coñecido estudo de Lambert (1992), o que o autor afirma en conclusión é que o resultado e a mellora en psicoterapia depende de factores comúns (30%), cambio extraterapéutico (40%), expectativas e placebo (15%) e técnicas (15%). Os factores comúns terían, entón, un peso considerabelmente maior que as técnicas.

Esta corrente tivo tamén a súa plasmación institucional na APA, a través da creación da División 29, desde a que se publicou o libro *Psychotherapy Relationships that Work* (Norcross, 2002). Esta obra recompila estudos baixo a idea das relacións terapéuticas empiricamente validadas, como contraste ás guías de tratamento baseadas unicamente en listaxes de

tratamentos empiricamente validados. Trata, entre outros, factores comúns cuxa efectividade considera ben establecida como a alianza, a cohesión en terapia de grupo, a empatía e o acordo sobre metas e colaboración.

Quero indicar con estas notas que o debate entre estes dous enfoques da investigación e práctica en psicoterapia non é unha cuestión menor, senón con fonda traxectoria e resonancias disciplinares, institucionais e prácticas.

A continuación vou apuntar algunhas das contradicións deste debate a través da postura que B. E. Wampold defende na súa obra *The Great Psychotherapy Debate. Models, Methods and Findings* (Wampold, 2001). Wampold defende o **modelo contextual**, que afirma baseado no enfoque dos factores comúns, fronte ao modelo médico en psicoterapia. O desenvolvemento do modelo médico en psicoterapia basearíase nos manuais de tratamento e os tratamentos empiricamente validados.

De acordo con Wampold o modelo dos tratamentos empiricamente validados é un modelo ecléctico que trata de responder á pregunta enunciada en 1969 por G.L. Paul (Paul, 1969, citado en Wampold, 2001, p. 21): “Que tratamento, aplicado por quen, é máis efectivo para este individuo con este problema específico, baixo estas circunstancias [...]?”.

O modelo dos factores comúns é un modelo que explica que hai unha serie de factores comúns que son psicoterapéuticos. A partir do modelo dos factores comúns xorde tamén o modelo contextual, que Wampold defende. Chámase modelo contextual porque destaca os factores contextuais da psicoterapia. Unha das súas expresións máis representativas dáse en Jerome Frank a través da súa obra *Persuasion and healing: A comparative study of psychotherapy*. Nela, sempre seguindo a Wampold, a psicoterapia alcanza os seus efectos tratando a desmoralización que resulta dos síntomas máis que os síntomas en si mesmos.

Vexamos o que propón Frank (1961):

-En todas as culturas a relación de curación ten tres aspectos. O primeiro é un influenciador que se preocupa do benestar de quen sofre. O segundo é o poder que se atribúe a esas figuras de influencia. O terceiro é que o influenciador media entre o influenciado e a sociedade ou forzas suprapersoais ou supernaturais.

-O alivio do sufrimento prodúcese a través dalgún ritual ou tarefa que permite liberarse dos erros, require a implicación activa dos participantes e é tipicamente repetitivo. O proceso de influencia expresa e é guiado por un sistema conceptual que inclúe a doenza e a saúde, o normal e o anormal. Especifica as causas do sufrimento e como saír del.

-Aínda habendo aspectos específicos, relativos aos esquemas conceptuais e métodos de cada tipo de terapia, moita, cando non toda a eficacia da psicoterapia sería debida a aspectos que as distintas psicoterapias teñen en común antes que a outros aspectos que as distinguen. Estes aspectos terían que ver, entre outras cousas, co uso da persuasión e a capacidade de mobilizar o

placebo en canto expectativa do paciente de ser axudado. É importante mobilizar a expectativa de axuda, se ben non é adecuado que o clínico use métodos nos que non cre. Mais é útil asumir o exercicio de influencia nos pacientes de forma consciente, antes que inconsciente.

-O cambio en psicoterapia daríase porque produce activación e facilita a aprendizaxe, facilita a integración emocional e a substitución de emocións negativas por outras máis positivas, introduce a novidade en informacións, emocións, actos e situacións, e xera cambios que conducen a novas experiencias vitais.

Unha vez aclarado en termos de Frank o que significa o modelo contextual, volvemos a Wampold (2001). Para este autor, no modelo contextual os ingredientes específicos son necesarios como modo de articular un tratamento coherente onde o clínico crea e facilita unha explicación convincente aos clientes.

O modelo contextual, defende Wampold, é máis unha meta-teoría na que cabe calquera modelo terapéutico. Ademais, os factores comúns e factores contextuais non poden separarse da aplicación de cada modelo concreto. O que di este modelo contextual é que na aplicación de calquera modelo psicoterapéutico as compoñentes específicas do tratamento son irrelevantes en canto aos seus efectos específicos. A eficacia das compoñentes específicas provén da crenza no modelo terapéutico que manteñen terapeuta e cliente e do significado que lle atribúen a tales compoñentes específicas no contexto da dita crenza no modelo e a súa coherencia.

É interesante buscar a que se opón este modelo contextual. En palabras de Wampold (2001), oponse ao **modelo médico**. Mais define o modelo médico dun xeito peculiar. Para Wampold (p. 11), “o modelo médico caracterízase pola insistencia na correcta explicación dun transtorno e na adopción das accións terapéuticas concomitantes”.

*O modelo médico en psicoterapia* ten entón para o autor cinco compoñentes: o problema ou queixa, a explicación psicolóxica desta, os mecanismos de cambio do modelo, os ingredientes terapéuticos (accións) específicos, e a especificidade conforme á cal o efecto dos ingredientes específicos é responsábel da mellora.

Tras expor a posición de Wampold, cabe apuntar unha primeira nota crítica a estas formulacións. Diríase que o modelo contextual explota conceptualmente as dimensións do efecto placebo e a persuasión inespecífica para a psicoterapia, mais é difícil conceptualizar os problemas e solucións psicolóxicas como unicamente efecto placebo e persuasión. O autor toma esta posición a partir da súa crítica ao modelo médico.

Mais, en realidade, o que Wampold denomina modelo médico, e ao que opón o modelo contextual, non é tal cousa. O que chama modelo médico é o modelo racional, xenérico, de solucionar un problema a partir dunha explicación acerca de como funciona. Se iso é modelo médico, entón calquera que soluciona un problema faino baixo unha versión do modelo médico. Aquí cabe desde un cerralleiro até un enxeñeiro, pasando por calquera intento de solucionar un

problema que parta dalgún coñecemento, e non só de respostas ao acaso. Cabe tanto que non define nada.

O modelo médico non é a idea de solucionar un problema a partir da súa correcta explicación, senón o uso de explicacións médicas, fisiolóxico-anatómicas para ese proceso racional. O diagnóstico da doenza asóciase entón a uns mecanismos etiolóxicos e patolóxicos e consecuentemente a un tratamento. O problema en Saúde Mental é que o diagnóstico (CIE, DSM) é unha etiqueta descritiva que non leva asociado o coñecemento dos mecanismos etiolóxicos e patolóxicos fisiolóxico-anatómicos, polo que a súa potencia para tratar é menor que noutras ramas da Medicina.

O modelo médico en Psicoloxía, entón, se é algo, será a concepción do psicolóxico por analogía co médico fisiolóxico-anatómico. Oporíase á idea do específico e particular das operacións e funcionamento psicolóxico, non reducíbel a fisioloxía.

Mais rexeitar a idea de solucionar un problema a partir da súa explicación é puro irracionalismo. Se os problemas se crean e solucionan, interésanos saber como. Se a persuasión e placebo funcionan, interésanos saber como. Ambos tipos de coñecemento interesan á Psicoloxía. Pretenderíase a súa definición como operacións organizadas e estratexias dos suxeitos, que permita a súa intelixibilidade. E se non é posíbel coñecelos, é difícil defender a psicoloxía como ámbito de coñecemento, aínda que poida constituírse como prácticas organizadas pola súa utilidade.

De acordo con J. Beavin Bavelas (na súa Palestra *Observing co-construction: Microanalysis of therapeutic dialogue*, no XXIX Congreso Nacional de Terapia Familiar celebrado en Oviedo, do 30 de outubro ao 1 de novembro de 2009) a investigación útil para a psicoterapia provén de catro fontes, que son os estudos controlados e aleatorizados de psicoterapias, os estudos microanalíticos, os experimentos en principios básicos de psicoloxía e os análogos experimentais. O primeiro tipo de estudos permite saber que é o que funciona, e os outros tres tipos de estudos buscan saber como ou por que funciona.

Os construtivismos psicoterapéuticos, en xeral, orientan as investigacións en psicoterapia cara outro lado, cara os procesos. Por un lado no sentido de microanálise da interacción, propia de orientacións construcionistas e interaccionais en sistémica. Por outro lado en canto ao interese nas variábeis de proceso no tocante aos factores comúns en psicoterapia, antes que á investigación sobre técnicas específicas, característica de formulacións construtivistas laxas como as de Neimeyer e Mahoney.

A investigación sobre eficacia de técnicas ou paquetes de tratamento é útil como forma de discriminar e de orientar certas decisións en psicoterapia. Mais só o estudo que nos permita un coñecemento operativo sobre o funcionamento do suxeito, os seus trastornos e a psicoterapia capaz de axudarlle a resolvelos é capaz de xerar un coñecemento disciplinar. Sen unha definición de como funciona aquilo sobre o que estamos a aplicar as técnicas, tendemos ao

pragmatismo.

No entanto, quero establecer tamén distancias coa idea dos factores comúns. Estas distancias teñen que ver coa idea, exposta por Nardone e Portelli (2006), que recollín na exposición do modelo de Nardone e que estrutura en boa medida as reflexións desta parte do traballo. É a postura de que para a psicoterapia, aínda que é necesario controlar os factores inespecíficos e de relación, *un coñecemento operativo do problema posibilitáanos unha boa técnica coa que o terapeuta pode ser moito máis activo, e non só utilizar eses factores inespecíficos.*

A investigación adecuada ao noso obxectivo será aquela que nos permita entender a eficacia das técnicas desde a súa relación coas operacións que establecen os problemas e a súa solución. Será tamén aquela que nos permita entender cales das nosas accións, incluídas aquelas que remiten aos factores comúns, facilitan que o suxeito aplique técnicas e emprenda cursos de acción máis útiles.

Corremos o risco de que nin a investigación sobre tratamentos empiricamente validados nin a investigación sobre factores comúns contribúan a iluminar eses aspectos específicos. A investigación sobre tratamentos validados, por centrarse demasiado especificamente na eficacia, co risco pragmatista que implica; a investigación sobre factores comúns, por centrarse en dimensións excesivamente xenéricas. O rigor ben entendido pasa por adaptar a metodoloxía á materia e obxectivos de estudo, e non por adaptar a materia e obxectivos de estudo á metodoloxía.

Wampold (2001, p. 18) expón que hai dous desenvolvementos recentes da investigación en psicoterapia que son característicos do modelo médico. Trátase dos tratamentos manualizados e dos tratamentos empiricamente validados que utilizan aqueles tratamentos manualizados. Refire que o primeiro tratamento manualizado tería sido o de Beck, Rush, Shaw e Emery no ano 79, *Cognitive Therapy of Depresión*, e que a División 12 da APA sacou a súa primeira lista de tratamentos empiricamente validados no ano 95.

Vamos agora estender estas consideracións en relación aos protocolos e tratamentos manualizados en psicoterapia.

### 3.3.3. O psicolóxico dos protocolos de tratamento psicolóxico

Pretendo aquí pechar un círculo, abordando cuestións que deixaba formuladas na sección referida ao médico como analoxía do psicolóxico.

A idea de **protocolos e manuais como secuencias de pasos concretas, definidas e ríxidas**, si que tende a unha analoxía co modelo médico (diagnóstico que implica funcionamento fisiolóxico-anatómico do transtorno que permite medidas terapéuticas nese plano, exercidas unidireccionalmente por parte do terapeuta). Mais se o que facemos é fundar en

termos de operacións psicolóxicas tanto o funcionamento do transtorno como as estratexias terapéuticas, iso non é modelo médico senón desenvolvemento dun modelo especificamente psicolóxico.

A execución de calquera protocolo require a sincronización coas estratexias do usuario, que é activo e non comparábel nese punto ao funcionamento dun órgano. Sen iso, a rixidez dun protocolo pode contribuír á súa ineficacia. Isto podería influír na inoperancia práctica real dos tratamentos manualizados empiricamente validados, que xa apuntamos que non son tan populares como se podería pensar. Aquí xurdiría entón a postura contraria, aquela do modelo contextual: o psicolóxico, que sabemos que funciona, é todo persuasión e placebo. Sálvase o psicolóxico, porque non se pode entender a terapia prescindindo diso. Mais faise á custa de baleiralo de contido.

No límite, os problemas dos peores manuais e tratamentos empiricamente validados terían que ver con asumir un modelo que implica que a un diagnóstico lle corresponderá unha terapéutica, mais asumilo á falta dun modelo psicolóxico do transtorno. Entón farían unha analogía co funcionamento fisiolóxico-anatómico do médico, que tende ao mecanicismo e á terapia como acción unidireccional do terapeuta, e exclúe a importancia da interacción, a suxestión, o placebo, as expectativas, as metas e os medios instrumentados e a actividade en termos operacionais e de estratexias, propias do psicolóxico tanto do cliente como do terapeuta. O problema cos protocolos de tratamento consiste, diríamos, en que non se conciban conforme a unha lóxica psicolóxica.

Entón quizá o modelo médico en psicoterapia sexa precisamente o contrario do que Wampold defende. O modelo médico en psicoterapia non sería a presenza de explicacións psicolóxicas dos problemas senón a súa ausencia, substituída entón por unha ambigua analogía co médico concibido como fisiolóxico-anatómico. O desenvolvemento de protocolos de tratamento psicolóxicos consiste non en anular o valor en si das explicacións psicolóxicas, como propón o modelo contextual ao reducilas a persuasión e placebo, senón en desenvolvelas, en termos de lóxica psicolóxica.

J. Beavin Bavelas, coñecida coautora da *Teoría da comunicación humana*, facía unha crítica de algúns presupostos desta obra recentemente (na súa palestra *Observing co-construction: Microanalysis of therapeutic dialogue* no XXIX Congreso Nacional de Terapia Familiar celebrado en Oviedo do 30 de outubro ao 1 de novembro de 2009). Afirmaba, ou así o entendín, que o coñecido axioma da imposibilidade de non comunicar non é certo. Chega con que ninguén interprete esa comunicación, sexa da maneira que for.

O que a analogía dos tratamentos psicolóxicos cos tratamentos fisiolóxico-anatómicos non respecta é a idea de que os tratamentos psicolóxicos, para que teñan posibilidade de actuar, requiren ser “usados” psicolóxicamente. Non é suficiente con que sexan prescritos ou escoitados. Ás veces, no caso de prescrición de tarefas nin sequera chega con que se realicen ou

repitan senón que é importante a implicación e compromiso con elas. As tarefas, prescricións, explicacións ou sobreentendidos non poden actuar en si mesmas, senón que só poden actuar na medida en que o suxeito as utilice, as exerza. Sen a condición de ser usadas polo cliente, as técnicas non teñen opción a resultar útiles.

O que o modelo contextual non respecta, ao centrarse na persuasión e o placebo, é a idea de funcionamento específico dos problemas psicolóxicos. Esta especificidade psicolóxica fará que unhas técnicas ou accións sexan máis útiles que outras en termos do funcionamento do problema. O que propón o modelo contextual é que en realidade calquera técnica vale igualmente, sempre que se utilice con fe.

A psicoterapia entendida en termos psicolóxicos implica conxugar, por un lado, unha idea do suxeito e as súas accións para o funcionamento dos problemas. Por outro lado, unha idea da interacción e da acción do terapeuta que mobiliza a acción do cliente nun sentido beneficioso para o dito cliente.

Desde unha consideración psicolóxica e operatoria a eficacia terapéutica xa non pode residir exclusivamente na técnica en si, senón na forma en que o outro suxeito está disposto cara a uns ou outros obxectivos e cara a uns ou outros usos das técnicas e as intervencións. O cálculo do terapeuta debe incluír non só a presunta efectividade da técnica ou acción que propón respecto ao problema do cliente, en termos de operacións e explicacións psicolóxicas. O cálculo do terapeuta debe incluír tamén o presunto efecto e sentido das súas propias accións e intervencións no contexto das estratexias e fins dese outro suxeito que é o paciente.

Os protocolos de tratamento nos que podemos ver unha analoxía co médico concíbense frecuentemente como secuencias ríxidas de pasos. Configúranse á maneira dunha manipulación unidireccional sobre a fisioloxía ou anatomía, á maneira dun protocolo médico. A aplicación desta secuencia pode ignorar o carácter activo e diferencial do psicolóxico respecto ao fisiolóxico-anatómico. A idea de concibir un tratamento por secuencias e módulos corre o risco de facer *tabula rasa* da idea de que a función, a actividade psicolóxica, é un exercicio integrado, cunha forma de operar, con sentido e con dimensións de logro, non a resultante de compoñentes modulares. Se un paquete de tratamento non alcanza os resultados apetecidos e hai unha escasa implicación do cliente, tal vez non sexa suficiente para melloralo con acrecentar un módulo de motivación.

No límite podería conceptualizarse a curación médica como unha *relación suxeito(terapeuta)--obxecto(fisiolóxico-anatómico)*. En certa medida podería verse así a acción dun traumatólogo ou un cardiólogo, aínda que sexa obvio que o acto médico ten moitas máis compoñentes. A xeneralización en psicoterapia de protocolos ríxidos, segundo analoxías médicas fisiolóxico-anatómicas parece, alén de pouco plausíbel, pouco popular na práctica real, a pesar das listaxes de tratamentos empiricamente validados.

Isto é así, segundo entendo, porque a psicoterapia só se pode conceptualizar como *unha*

*relación entre suxeitos*. A psicoterapia expón como esencial o que fai o cliente, en canto que é el quen realiza as operacións efectivas que o fan mellorar ou empeorar. A función do psicoterapeuta dificilmente pode ser concibida á maneira médica fisiolóxico-anatómica como un actuar sobre a patoloxía, senón máis ben como un *facer actuar ao cliente sobre a súa patoloxía ou problema*.

Os suxeitos presentan diversidade de medios e fins, e características peculiares na súa organización. A chave dos protocolos e coñecementos psicoterapéuticos é entón o seu deseño a través dunha idea do proceder operatorio dos suxeitos, considerando como tales tanto ao cliente como ao terapeuta. Isto implica un nivel de flexibilidade que un protocolo ríxido pode non respectar.

A psicoterapia, entendida como encontro entre suxeitos, coas implicacións que este concepto comporta, require considerar dous planos. Un plano é o da *teoría do transtorno e do suxeito*, o das dimensións subxectuais da forma de actuar dos clientes en relación aos problemas ou patoloxías e a súa solución. O outro plano é o da *teoría da interacción entre suxeitos* que nos oriente sobre que accións emprender como terapeutas para controlar o plano previo; que nos explique como facer que o outro actúe, e que nos faga conscientes de acompañar as nosas accións ás do outro. A clarificación e afondamento en ambos, nun sentido operatorio, construtivo e xenético é, entendo, a tarefa da psicoterapia entendida nun sentido construtivista.

#### *3.4. Notas finais á parte terceira. Psicoterapia en Chave Construtivista.*

Prefiro denominar esta sección como “notas finais”, antes que como “conclusións”, xa que teñen un sentido de proposta. Responden á lóxica de resumir aqueles aspectos esenciais do valorado, da mesma maneira que as conclusións da parte segunda.

1. **A psicoterapia é unha relación entre suxeitos.** Isto implica que lle son pertinentes dous tipos de coñecementos. O primeiro é unha teoría do suxeito e a formación e solución dos problemas e transtornos. Isto permítenos entender cal é o proceder das persoas en relación aos problemas e a súa solución. O segundo é unha teoría da interacción entre suxeitos. Isto permítenos entender que accións emprender como terapeutas para facer actuar ao outro en relación aos seus problemas. O coñecemento da acción sen teoría do suxeito é cego; a teoría do suxeito sen coñecemento da interacción é a-psicolóxico e posibelmente inoperante.

2. **Á Psicoloxía e Psicoterapia como disciplina interésalle un coñecemento explícito de ambos niveis.** Todo psicoterapeuta exerce necesariamente un modelo do suxeito e un modelo da interacción entre suxeitos. Cabe supor que a súa eficacia, e a eficacia dos modelos psicoterapéuticos, está relacionada con isto. O interese da Psicoloxía e Psicoterapia como

disciplina estriba non só en adestrar aos psicoterapeutas que exerzan dimensións de efectividade, como seguramente está a acontecer en todos ou moitos dos enfoques criticados previamente, senón en saber como e cales son esas dimensións. O interese dunha disciplina está en explicitar as dimensións de eficacia, non só en exercelas dunha maneira tácita.

**3. Os modelos psicoterapéuticos valorados na parte segunda, Constructivismos en Psicoterapia, poden ser valorados como pasos nalgunha desas dúas direccións.** Os constructivismos tenden a unha concepción do suxeito, máis ou menos subxectivista ou subxectual (Kelly, Mahoney, Guidano), e a describir as accións que debe emprender o cliente para mellorar. Os construcionismos apuntan o valor (Gergen) ou sistematizan unha metodoloxía (Terapia Centrada en Solucións, White e Epston) de entrevista e interacción co cliente. Definen as accións que debe emprender o terapeuta na conversación á fin de capitalizar en positivo a capacidade do cliente para ser activo e para xerar significados. Na Terapia Estratéxica, especialmente na evolución do MRI que desenvolve Nardone, hai un intento de conxugar ambos planos, en canto estratexias de interacción e persuasión por un lado, e desenvolvemento dunha concepción subxectual e operatoria de patoloxías específicas por outro.

**4. O igualitarismo na relación terapéutica é unha característica central aos constructivismos.** Cabe contextualizalo nun ciclo histórico no que, especialmente no occidente, está a fortalecerse a persoa como suxeito de dereitos e axente con capacidade de acción, decisión e responsabilidade. A idea de igualdade na relación baseada na idea do paciente como experto, tende a anular o valor da Psicoloxía e Psicoterapia como disciplinas. Esta é unha idea de cuño postmodernista, relativista e escéptico en canto á posibilidade de verdades, característica dos construcionismos. A idea da igualdade como estilo de elección por canto facilita os procedementos persuasivos é unha idea de cuño pragmatista. Mais a elección dun estilo de relación crea un contexto e configúranos a nós e mais ao cliente a modo de axente con capacidade de decisión, acción e responsabilidade. Tratar ao outro como suxeito de dereitos e deberes implica promover que se comporte como tal. O trato igualitario en psicoterapia cobra sentido entendido desde unha idea constructivista de xénese sociohistórica de valores e verdades.

**5. O ámbito do psicolóxico presenta unha especificidade** nas súas maneiras de organizarse e funcionar que presupón o fisiolóxico e anatómico, mais non se explica por iso. Nese sentido cabe resaltar as dificultades para o reduccionismo fisioloxista dos trastornos mentais. Convén entón valorar con prudencia o uso do médico como analoxía do psicolóxico.

**6. O modelo médico é a caracterización dos problemas e a súa solución en termos fisiolóxico-anatómicos.** Busca unha definición das síndromes como doenzas cunha etioloxía e

curso definidos en termos fisiolóxico-anatómicos, somáticos. Entón diagnósticase para prescribir despois o correspondente tratamento unidireccional por parte do médico deses aspectos somáticos, descrito como unha secuencia de operación sobre eles.

**O modelo psicolóxico é a caracterización dos problemas en termos psicolóxicos**, que é o que cabe pedir á Psicoloxía como disciplina. Sen ese modelo só cabe, como máximo, un conxunto de prácticas de conversación organizadas, mais non Psicoloxía nin Psicoterapia como disciplina.

7. En psicoterapia úsanse como modelos de investigación de referencia o dos Tratamentos Empiricamente Validados e o dos Factores Comúns, incluíndo este último ao modelo contextual. Ambos modelos teñen unha utilidade evidente. Mais, no límite, non necesariamente implican avances para o coñecemento do psicolóxico e a súa constitución como nivel explicativo e de uso. A énfase na simple eficacia dos paquetes de tratamento, no límite, pode obscurecer o coñecemento dos motivos e dinámicas psicolóxicas en virtude das cales funcionan. **Un coñecemento operativo dos problemas posibilita unha boa técnica coa que o terapeuta pode ser moito máis activo e non só utilizar ingredientes inespecíficos.**

8. Os protocolos ou manuais de tratamento que pide a investigación de tratamentos empiricamente validados, concíbense ás veces como secuencias ríxidas de pasos. Poden entón supor unha analoxía co médico en canto tratamento unidireccional por parte do médico dos aspectos fisiolóxico-anatómicos, descrito como unha secuencia de operación sobre eles. Este formato deixa escaso espazo para o funcionamento do cliente como suxeito psicolóxico, con modos, expectativas, fins e medios para alcanzalos segundo dimensións de logro. **Son de interese protocolos flexíbeis, descritos como estratexias e modos de operación con respecto aos modos de operar e estratexias do cliente que crean os problemas.**

### *A modo de Epílogo*

A práctica da Psicoloxía Clínica implica tomar decisións acerca de cuestións ligadas á formación, docencia, xestión, investigación, crítica e exercicio da psicoterapia. As respostas a estas cuestións son ás veces inmediatas, e ás veces froito do diálogo e a reflexión. Este traballo forma parte dese proceso de busca de respostas, que en ocasións leva a reescribir as preguntas.

Este texto componse de tres partes diferenciadas. Na primeira parte, “Construtivismo”, a modo propedéutico, expoño os principios construtivistas que son o eixo de referencia de todo o traballo. Realizar esa síntese supuxo máis esforzo do que podía imaxinar. Este esforzo estivo motivado polo desexo de aumentar a transparencia e intelixibilidade da análise posterior.

Na segunda parte, “Construtivismos en Psicoterapia”, exploro o ámbito das psicoterapias construtivistas. Para iso utilicei aqueles criterios de análise iniciais, á fin de

considerar o que hai de construtivista e en que medida posibilita a constitución dun suxeito e unha disciplina psicolóxica cada enfoque considerado. Ao tempo que pisaba un terreo cómodo (por veces non tanto) sentía que me impulsaba a curiosidade, por canto a tarefa consistía en aplicar uns criterios coñecidos sobre un novo material.

Na terceira parte, “Psicoterapia en Chave Construtivista”, apunto elementos que se poden dicir da psicoterapia a partir dos criterios construtivistas expostos inicialmente. É unha parte máis ambiciosa, e con todo quizá menos fundamentada. O impulso para escribirla naceu do desexo, exposto na introdución, de que os conceptos utilizados poidan orientar a práctica. Naceu tamén da convicción de que a realización máis elegante e lexítima do coñecemento non é a acumulativa, senón aquela tentativa de facer propostas que creen unha diferenza. Esa foi a miña aspiración.

## Bibliografía

- Beyebach, M. (1999). Introducción a la terapia centrada en soluciones, en Navarro Góngora, J., Fuentes, A., Ugidos, T. (comps), *Intervención y prevención en salud mental*, Salamanca: Amarú.
- Bröcker, M., (2004). The Part-of-the-World Position of Heinz von Foerster. *Brief Strategic and Systemic Therapy European Review*, 1, 19-26.
- Carroll, L. (1991). *Alicia en el País de las Maravillas*. Barcelona: Ediciones 29.
- Castelnuovo, G., Faccio, E., Molinari, E., Nardone, G., Salvini, A. (2004). A critical review of Empirically Supported Treatments (ESTs) and Common Factors perspective in Psychotherapy. *Brief Strategic and Systemic European Review*, 1, 208-24.
- Collins, H. (2009). We can not live by scepticism alone. *Nature*, 458, 30-31.
- De Koster K., Devisé, I., Flament, I., Loots, G. (2004). Two practices, one perspective, many constructs: on the implications of social constructionism on scientific research and therapy. *Brief Strategic and Systemic Therapy European Review*, 1, 74-80.
- De Shazer, S. (1995). *Claves para la solución en terapia breve*. Barcelona: Paidós Terapia Familiar.
- De Shazer, S., Kim Berg, I., Lipchik, E., Nunnally, E., Molnar, A., Gingerich, W., y Weiner-Davis, M., (1999). *Terapia breve: el desarrollo centrado en soluciones*, en Nardone, G., Watzlawick, P. *Terapia breve: filosofía y arte* (121-146), Barcelona: Herder.
- Díaz Olguín, R. (2007). *El modelo narrativo en la psicoterapia constructivista y construccionista*. Consultado en línea el 18/2/09 en [www.cipra.cl](http://www.cipra.cl).
- Duncan, B.L. (2002). The Legacy of Saul Rosenzweig: The Profundity of the Dodo Bird. *Journal of Psychotherapy Integration*, 12 (1), 32-57.
- Elkaim, M. (1996). Ecología de las ideas. Constructivismo, construccionismo social y narraciones ¿En los límites de la sistémica?. *Perspectivas sistémicas*, 42. Consultado en línea el 5/3/2007 en <http://www.redsistemica.com.ar/articulo42-1.htm>.
- Feixas, G. (2003). Una perspectiva constructivista de la cognición: Implicaciones para las terapias cognitivas. *Revista de Psicoterapia*, 56, 107-112.
- Feixas Viaplana, G., Villegas Besora, M. (2000). *Constructivismo y Psicoterapia*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Fernández, T.R., Sánchez, J.C. (1990). Sobre el supuesto mecanicismo de la selección natural. Darwin visto desde Kant. *Revista de Historia de la Psicología*, 11 (1-2), 17-46.
- Fernández, T.R., Sánchez, J.C., Loy, I. (1995). *Kant y la historia del Sujeto: un esbozo biográfico*. Comunicación presentada al VIII Symposium de la Sociedad Española de Historia de la Psicología, 27-29 de Abril, Palma de Mallorca.
- Fernandez Liria, A. (2000). From interpretation to commentary: Truth and meaning in psychotherapy. *Journal of Psychotherapy Integration*, 10, 325-34.
- Fisch, R., Weakland, J.H., Segal, R. (1994). *La táctica del cambio. Como abreviar la terapia*. Barcelona: Herder.
- Frank, J.D. (1961), *Persuasion and Healing: A Comparative Study of Psychotherapy*. Baltimore: The Johns Hopkins Press.
- Gergen, K.J. (2006). *Construir la realidad. El futuro de la psicoterapia*. Barcelona: Paidós.

- Gómez Fontanil, Y., Coto Ezama, E. (1990). Modelos para el análisis de la interacción: un esquema básico para la construcción de categorías. *Psicothema*, 2 (2), 151-172.
- Gómez Sancho, M. (1998). *Medicina Paliativa. La respuesta necesaria*. Madrid: Aran.
- Gonçalves, O.F. (2002). *Psicoterapia cognitiva narrativa. Manual de terapia breve*. Bilbao: Desclee de Brouwer.
- González Pardo, H., Pérez Álvarez, M. (2008). *La Invención de los Trastornos Mentales. ¿Escuchando al fármaco o al paciente?*. Madrid: Alianza.
- Guidano, V.F. (1991). *The self in process. Toward a post-rationalist cognitive therapy*. New York: The Guilford Press.
- Hermans, H.J.M., Dimaggio, G. (2004). *The dialogical self in psychotherapy*. New York: Bruner-Routledge.
- Kant, I. (2006). *Crítica de la Razón Pura*. Madrid: Tecnos.
- Kelly, G.A. (1963). *A theory of personality: the psychology of personal constructs*. New York: W. W. Norton & Co.
- Kendler, K. (2006), Las bases genéticas de la ansiedad, en Punset, E., *Cara a cara con la vida, la mente y el universo. Conversaciones con los grandes científicos de nuestro tiempo* (121-130). Barcelona: Destino.
- Lambert, M.J. (1992). Psychotherapy outcome research: Implications for Integrative and Eclectic Therapist, en Norcross, J.C., Goldfried, M.R. (comps), *Handbook of psychotherapy integration* (94-129), Nueva York: Basic.
- Ley de Autonomía del Paciente (2002). LEY 41/2002, de 14 de noviembre, básica reguladora de la autonomía del paciente y de derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica. *B.O.E.*, nº 274, viernes 15 de noviembre, pp. 40126-40132.
- Lipchik, E. (2009). *Uncovering MRI Roots in Solution-Focused Therapy*. Consultado en línea el 3/3/2009 en <http://brianmft.talkspot.com/asp/templates/topmenuclassical.aspx/msgid/363102>
- Machado, P.P.P., Gonçalves, Ó.F. (1999). Introduction. Narrative in Psychotherapy: The Emerging Metaphor. *Journal of Clinical Psychology*, 55 (10), 1175-1177.
- Mahoney, M.J. (1991). *Human Change Processes. The Scientific Foundations of Psychotherapy*. BasicBooks.
- Mahoney, M.J. (2005). *Psicoterapia constructiva*. Barcelona: Paidós.
- Mahoney, M.J. (2004). What is constructivism and why is it growing?. Consultado en línea el 29/3/2007 en <http://www.constructivism123.com/index.htm>.
- Mahoney, M.J., Granvold, D.K. (2005). Constructivism and psychotherapy. *World Psychiatry*, 4(2), 74-77.
- Mc Gee, D., Del Vento A., Beavin Bavelas, J. (2004). Un modelo interactivo de preguntas como intervenciones terapéuticas. *Sistemas Familiares*, 20(3), 51-66.
- Moncrieff, J. Cohen, D. (2009). How do psychiatric drugs work?. *BMJ*, 338 (27), 1535-1537.
- Nardone, G. (1997). *Miedo, pánico, fobias. La terapia breve*. Barcelona: Herder.
- Nardone, G., Balbi, E. (2008). *Solcare il mare all'insaputa del cielo. Lezioni sul cambiamento terapeutico e le logiche non ordinarie*. Milano: Ponte alle Grazie.

- Nardone, G., Portelli, C. (2006). *Conocer a través del cambio*. Barcelona: Herder.
- Nardone, G., Watzlawick, P. (comps.) (1999). *Terapia breve: filosofía y arte*. Barcelona: Herder.
- Neimeyer, R.A. (2004). Constructivist psychotherapies. En *The Internet encyclopaedia of personal construct psychology*. Consultado en línea el 27/3/2007 en <http://www.pcp-net.org/encyclopaedia/constpther.html>
- Neimeyer, R.A. (2009). *Constructivist Psychotherapy*. New York: Routledge.
- Neimeyer, R.A., Mahoney M.J. (comps.) (1998). *Constructivismo en psicoterapia*. Barcelona: Paidós.
- Norcross, J.C. (comp.) (2002). *Psychotherapy relationships that work. Therapist contributions and responsiveness to patients*. New York: Oxford University Press.
- O'Hanlon, W. H., Weiner-Davis, M. (1997). *En busca de soluciones. Un nuevo enfoque de psicoterapia*. Barcelona: Paidós Terapia Familiar.
- Rodríguez-Arias Palomo, J.L., Venero Celís, M. (2006). *Terapia familiar breve. Guía para sistematizar el tratamiento psicoterapéutico*. Madrid: CCS.
- Sánchez, J. C. (2009a). Función y génesis. La idea de función en psicología y la especificidad del constructivismo. *Estudios de psicología*, 30(2), 131-149.
- Sánchez, J. C. (2009 b). Los límites del constructivismo, en Loredo, J.C., Sánchez-Criado, T., López, D. (comps.), *¿Dónde reside la acción? Agencia, constructivismo y psicología*. Madrid: UNED. Manuscrito presentado para publicación.
- Sánchez, J. C., Loredo, J. C. (2007). Para una crítica de los constructivismos contemporáneos. *Revista de Historia de la Psicología*, 28 (2/3), 35-41.
- Selekmán, M. (1996). *Abrir caminos para el cambio. Soluciones de terapia breve para adolescentes con problemas*. Barcelona: Gedisa.
- Tarnas, R. (1997). *La Pasión del Pensamiento Occidental*. Barcelona: Prensa Ibérica.
- Trepper, T.S., McCollum, E.E., De Jong, P., Korman, H., Gingerich, W., Franklin, C. (en línea). *Solution focused therapy. Treatment Manual for Working with individuals. Research Committee of the Solution Focused Brief Therapy Association*. Consultado en línea el 6/5/09 en <http://www.sfbta.org/research.html>
- Wampold, B.E. (2001). *The Great Psychotherapy Debate: Models, Methods and Findings*. Mahwah, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates.
- Watzlawick, P., Weakland, J.H., Fisch, R. (1995). *Cambio. Formación y solución de los problemas humanos*. Barcelona: Herder.
- White, M., Epston, D. (1993). *Medios narrativos para fines terapéuticos*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- Winkin, Y. (comp.) (1994). *La nueva comunicación*. Barcelona: Kairós.
- Wittezaele, Jean-Jacques (2004). A systemic and constructivist epistemology for a relational vision of a man. *Brief Strategic and Systemic Therapy European Review*, 1, 11-18.



## APLICACIÓN DO MODELO PARTE SA / PARTE ENFERMA Á INTERVENCIÓN PSICOSOCIAL CON ADOLESCENTES



### **Roberto Antón Santiago**

Psicólogo (USC. Santiago de Compostela). Experto en Programas de Intervención Familiar (UDC. Ferrol). Máster en Terapia Breve Estratéxica (Centro di Terapia Strategica di Arezzo). Terapeuta Familiar acreditado pola FEATF. Psicólogo do Equipo de Atención Familiar do Concello de Pontevedra (Fundación Meniños). Director do Centro de Psicoterapia Proceso de Pontevedra.

Enderezo electrónico: roberto\_anton\_santiago@hotmail.com

### **RESUMO**

*Neste artigo ofrécese os resultados obtidos polo Equipo Técnico da Fundación Meniños, no desenvolvemento do Programa de Atención Familiar do Concello de Pontevedra ao longo dos últimos cinco anos, coa demostración da súa eficacia no contexto dos Servizos Sociais de atención primaria, para a intervención en problemas de conduta en mozos e mozas.*

*Amósanse unha serie de compoñentes que resultaron centrais no proceso de intervención, como son a aplicabilidade do modelo e as ferramentas técnicas utilizadas para ofrecer aos nosos usuarios a mellor das intervencións posibles.*

**Palabras chave:** *adolescentes, servizos sociais, modelo parte sa / parte enferma.*

### **ABSTRACT**

*This issue features the results obtained by the Technical Team of Fundación Meniños in the development of the Programa de Atención Familiar in Pontevedra City Council during the last five years. It shows up its efficiency to handle behaviour difficulties in teenagers in the context of the first aid Social Services.*

*There have been observed a series of components that have turned out to be middlemost in the family intervention process, such as the relevancy of the model and the technical tools used to offer the best of the possible interventions to our users.*

**Key Words:** *teenagers, social services, retrieve healthy part / ill part model.*

## 1. Introducción

Acostuma ser bastante habitual para os que traballamos con adolescentes, cando comentamos quen son os destinatarios da nosa intervención, obter respostas que emerxen dunha serie de prexuízos existentes na sociedade e que se centran nunha visión restrinxida da realidade dos mozos. Este tipo de situacións non teñen maior transcendencia cando se dan na esfera relacional habitual, mais o feito de extrapolar esta visión parcial ao ámbito profesional pode ser un dos ingredientes que propicie o fracaso nas intervencións. Desde o noso punto de vista, se un profesional entra nunha dinámica pesimista e centrada no negativo, acaba por ter dificultades para observar a riqueza e o dinámico que pode chegar a ser o mundo adolescente, resultándolle complicado afrontar as dificultades do traballo diario desde unha perspectiva na que o cambio se considera pouco frecuente ou até imposíbel. Por isto, propomos unha reflexión sobre a abordaxe de aquelas situacións relacionais cos adolescentes para optimizar a atención profesional que lles podemos prestar.

O propio termo “adolescente” é utilizado polos máis vellos para referírense (case sempre en ton negativo) aos máis novos; este aspecto pódese comprobar rapidamente ao introducirmos o termo nun buscador xenérico de Internet, ou en calquera hemeroteca virtual de calquera periódico rexional, nacional ou internacional. Observarase que aparece xeralmente asociado a temas de consumo de drogas, violencia, vandalismo... Resultando altamente significativo que os propios adolescentes non utilicen este termo para se definiren a si mesmos nin aos seus iguais.

Como teoría explicativa da construción da compoñente negativa que implica a palabra 'adolescente' podemos afondar nas teses do Construtivismo, onde se afirmaba que non é posíbel ter un acceso directo a unha “suposta realidade”, senón que esta está mediatizada por:

- ✓ Limitacións neurolóxicas: Os sentidos. Hai animais que son capaces de visualizar tonalidades ás que non chega o ser humano (infravermellos, ultravioletas,...). Da mesma maneira, existen reaccións químicas que se producen na adolescencia, que quizá sexan de difícil comprensión para os adultos (a pesar de as ter experimentado xa).
- ✓ Limitacións sociais: Os condicionantes socioculturais, como a cultura compartida ou a linguaxe. Os esquimós poden diferenciar entre cincuenta tipos de branco. Aos menos novos cústalles entender certo tipo de costumes que para os adolescentes son fundamentais para integrarse no seu grupo de iguais (SMS, Tuenti, xerga, gustos musicais, vestimenta,...).
- ✓ Limitacións individuais: Crenzas, valores, intereses, estados emocionais e demais aspectos persoais e idiosincrásicos que fan que cada persoa faga unha construción da realidade única e exclusiva.

Tendo en conta estas limitacións, o ser humano, segundo Gringer e Bandler (1993), constrúe a realidade a través dos seguintes procesos:

- ✓ **Eliminación:** De todo o que se podería percibir téndese a unha parte, e desestímanse outras. En certo modo, acostúmase definir os adolescentes centrándose nos aspectos máis negativos, obviando recursos e potencialidades.
- ✓ **Xeneralización:** As persoas acostuman extraer conclusións de cada experiencia particular e aplicalas a outras circunstancias similares. Centrarse en certos aspectos particulares dos adolescentes permite extraer conclusións parciais.
- ✓ **Distorsión:** Cando as persoas toman unha imaxe do exterior acostuman aplicarlle aspectos da súa colleita, de maneira que non pode ser nin tomarse como unha copia exacta do representado. Isto pode acontecer se as condutas observadas polos adolescentes son analizadas cos parámetros anteriormente comentados.

Polo tanto, faise necesaria unha reflexión sobre a posibilidade de que as nosas intervencións poidan estar contaminadas por este tipo de “distorsións”. Por iso propomos un marco de intervención adaptado do modelo parte sa – parte enferma (Gutiérrez, 1998) nacido nun contexto psicoeducativo con familiares de pacientes con esquizofrenia, e que intentamos aplicar nós mesmos no ámbito da intervención social en xeral e ao traballo con adolescentes en particular.

## **2. Modelos de intervención social con adolescentes**

Historicamente, o modelo de intervención no contexto dos Servizos Sociais desenvólvese dunha maneira similar á dos modelos de atención médicos, chegando a utilizar unha terminoloxía idéntica para desenvolver certos conceptos (Servizos de Atención Primaria e especializada, derivacións...). Despois, mediante a creación dunha linguaxe similar, xeráronse realidades similares.

Como consecuencia, moitos dos esforzos destínanse a buscar a avaliación, a clasificación diagnóstica e, por ende, a razón última da dificultade observada. Xeralmente este proceso de estudo das causas (etioloxía) finaliza cunha conclusión sobre o problema que desemboca nunha intervención directa sobre este mesmo problema, coa finalidade de modificalo para obter o cambio. Como resultado, podemos caer nunha perniciosa ilusión de alternativas: ou hai mellora ou hai empeoramento.

Para exemplificalo podemos imaxinar un problema de absentismo escolar dun adolescente que falta tres días á semana ás aulas. Os esforzos de intervención céntranse nos problemas, buscando as súas causas e concentrándose na modificación desas circunstancias que xeran a situación de absentismo escolar (transtorno do adolescente, acoso escolar, consumo de substancias, trauma na infancia...). Tras a intervención, pódense presentar catro posíbeis situacións:

1. O problema diminúe mais continúa a ocupar unha parte importante na vida do usuario. En lugar de faltar tres días falta un. Os pais están un pouco máis contentos mais aínda reprochan a



Neste modelo a intervención centrouse en maximizar os recursos (ver figura 2, círculo branco).

Ao igual que no modelo orixinal (Gutiérrez, 1998), obsérvase un aumento da competencia, a independencia e a responsabilidade.

#### Modelo de Intervención alternativo




Figura 2. Modelo de Intervención Alternativo en Intervención Social.

### 3. Ingredientes para a intervención con adolescentes

Para desenrolar o modelo de intervención proposto anteriormente, é necesario acudir a unha serie de ferramentas que beben da terapia familiar sistémica, non obstante esta orientación abarca un grande número de correntes / modelos / perspectivas que comparten aspectos en común, mais que, por outra parte, difiren enormemente, até o punto de que o mero feito de recibir esta etiqueta non garante o vínculo entre dous enfoques (Gutiérrez, Escudero e Álvarez, 1989). A pesar desta dificultade, pódese afirmar que teoricamente recolle ideas fundamentalmente das correntes estratéxicas, estruturais e breves de Terapia Familiar (De Shazer 1986, 1989; Fisch, Weakland e Seagal, 1984; Minuchin, 1997), aínda que no nivel práctico se nutre de diversas fontes estreitamente relacionadas coa evolución individual, a formación e as características máis persoais dos técnicos de intervención.

De maneira xeral, pódese asegurar que, canto á súa estrutura, a intervención que realizamos con adolescentes non difire excesivamente do traballo realizado con adultos, porén, é necesario atender a unha serie de aspectos diferenciadores que, segundo o noso punto de vista, poden resultar definitivos á hora de converternos en axentes xeradores de cambio.

#### 3.1. Aspectos relacionados co contexto:

✓ Tempos. Desde o noso punto de vista, é necesario acurtar os tempos de intervención (no sentido de duración das sesións e de periodicidade). Sesións longas acostuman resultar pouco efectivas, e a demora nas intervencións réstalles potencia.

- ✓ Espazos. Cando for posíbel, pódense acomodar os espazos de intervención con adolescentes e utilizar estratexicamente lugares onde se encontre máis cómodo (cafetaría, parque...), para abordar certas cuestións.
- ✓ Asistentes. No contexto dunha intervención familiar é imprescindible ofrecer un tempo individual ao adolescente.
- ✓ Ferramentas. Como instrumentos de apoio pode resultar útil introducir aspectos relacionados coa súa realidade (computadores, móbiles, carpetas...) como maneira de relacionarse e de xerar cambio.

### **3.2. Aspectos relacionados co proceso:**

- ✓ Consensuar obxectivos que sexan relevantes, expresados en termos concretos, posíbeis de lograr e que dependan dos propios adolescentes. (Rodríguez – Arias, J. L.; Venero, M., 2006).
- ✓ Informarse acerca de todos aqueles aspectos que foron potenciadores de cambio noutras ocasións, ou que lle serviron a iguais en situacións similares (De Shazer, S., 1986).
- ✓ Desactivar as condutas que están a manter o problema rompendo o círculo vicioso, detectando todas aquelas accións que buscan solucionar o problema contribuíndo finalmente ao seu mantemento (Fisch, Weakland e Segal, 1982).
- ✓ Asegurar unha positiva alianza de traballo para avanzar no camiño do cambio. (López, S. e Escudero, V., 2006).

### **3.3. Trece Técnicas e Estratexias que resultaron eficaces:**

- ✓ Re-encadramento. Consiste en atribuír un novo significado a unha conduta determinada suficientemente distinto como para marcar unha diferenza na forma de percibir o cambio e reaccionar perante el (Beyebach, 2006). Exemplos de redefinicións puntuais serían cambiar timidez por introspección, hiperactivo por desperto, pelexas como mostras de interese, depresión por sensibilidade...
- ✓ Metáforas. As alegorías son ferramentas útiles que debemos ter preparadas para utilizar cando for preciso. Un bo exemplo sería a seguinte (López, 2006), na que se lle expón ao mozo que “A túa vida é como un filme, e se un filme dura oitenta ou noventa minutos, pois na actualidade o filme está no minuto catorce. Até agora non fuches protagonista do teu propio filme, xa que o director decidiu que foran outras persoas as quen guiaran (pais, profesores...). Agora é bo momento para te converteres no verdadeiro protagonista, e para iso quero que me contes como vai ser o minuto quince do teu filme...”.
- ✓ Utilización. Centrarse en todos os recursos e utilízalos. Unha norma é que non saian da primeira sesión sen encontrar aspectos positivos ou nos que o menor se sente competente. Non podemos deixar pasar a oportunidade de preguntar ao rapaz polo que lle gusta (*hobbies*, afeccións...).

- ✓ Externalización. Outra das ferramentas útiles á hora de traballar con adolescentes céntrase na utilización de metáforas relativas ao seu problema que o sitúan fóra da súa propia persoa. Este tipo de técnicas activas facilitan unha comunicación allea á linguaxe verbal que en ocasións oprime a transmisión de información cos mozos. En ocasións solicitámoslles que na próxima sesión traian algún obxecto que poida ofrecernos a visión de como é o seu problema e a partir de aí, utilizar metáforas que posibiliten o cambio a través dese mesmo obxecto.
- ✓ Atribución de locus de control interno. Intentar xerar nos adolescentes a idea de que teñen ferramentas de cambio, centrándose en todos os inconvenientes que supón a situación actual, e en todos os aspectos positivos que podería implicar unha modificación de certas condutas. Unha estratexia que pode resultar útil pode ser falar en futuro negativo “Pensa no peor que pode ocorrer en relación co teu problema... e nese caso, que farías? e... como o farías?”.
- ✓ Humor e sorpresa. Ambos aspectos son indicativos dunha positiva alianza de traballo. Traballar con adolescentes implica un plus de adaptabilidade a novas situacións e de busca de atractivos. Cando se está a traballar individualmente cun mozo cualificado como “resistente”, resulta fundamental facer florecer un leve sorriso ou un leve asentimento, isto significa que a intervención vai na dirección correcta.
- ✓ Auto-abertura. Resulta positivo normalizar certos aspectos mediante o apelo a experiencias propias reais ou supostas. Comezando con algo curto e tentativo para observar a retroalimentación perante este tipo de mensaxes (Roberts, 2009). Este tipo de intervencións facilitan que o adolescente valore que se trata dun contexto seguro para a comunicación.
- ✓ Pórese do lado do adolescente. Estratexicamente pode ser positivo pórese do lado do adolescente para lograr a súa alianza e poder ter marxe á hora de realizar manobras de confrontación. Xeralmente os mozos chegan coa sensación de que todo o mundo está na súa contra e encontrar un aliado nun momento determinado da intervención pode chegar a ser unha panca de cambio.
- ✓ O enfoque de Colombo (Selekmán, 1996). Trátase de utilizar unha estratexia de aparente despiste e descoñecemento. Con adolescentes cualificados como difíciles resulta interesante non activar resistencias e evitar escaladas, polo tanto é importante manterse nunha postura “one down”, situándose por tras do adolescente, mostrando sorpresa e certa sensación de estar perdido.
- ✓ Técnica do *Judo*. Aproveitar a forza do contrario. Ao observarmos que o adolescente pode estar a ofrecer información inconsistente, solicítase máis información para desbancar aproveitando as posíbeis incongruencias
- ✓ Argumentos xeradores de cambio. Polo xeral, calquera persoa se convence mellor con argumentos aos que chega por si mesmo a través das súas propias reflexións, do que polos argumentos inducidos por outra persoa, de maneira que resulta de utilidade aproveitar a potencialidade do diálogo estratéxico (Nardone, 2004).

- ✓ Truísmos. Xenofonte afirmaba que cando Sócrates quería explicar algo comezaba polos presupostos que contaban con maior probabilidade de asentimento, xa que consideraba que este era o camiño máis seguro para argumentar con outros. Desta maneira, pódese utilizar esta técnica persuasiva para introducir elementos de cambio no discurso.
- ✓ Solicitar permiso á hora de contactar con axentes externos. Isto provoca nos adolescentes unha sensación de ser partícipes das decisións tomadas, concedéndolle a importancia que merece a abordaxe con terceiros dos aspectos relacionados coa súa persoa. Unha estratexia que resultou útil á hora de xestionar a información nestes contactos consistiu en imaxinar que estaba presente o mozo e escoitaba o que tiñamos que compartir con outros profesionais.

## 4. Resultados

### 4.1. Motivo da intervención

Desde o inicio do programa realizouse unha intervención no ámbito familiar con 46 adolescentes e as súas familias (30 rapaces e 16 rapazas), derivados ao Programa por problemas de conduta (absentismo escolar, comportamento no domicilio, comportamento no Instituto...) no contexto dos Servizos Sociais de Atención Primaria.

Os adolescentes e as súas familias acoden derivados polas traballadoras sociais, que realizan as seguintes demandas:

- ✓ Intervención en problemática de absentismo escolar: 25 adolescentes (14 rapaces e 11 rapazas). 54,35 %.
- ✓ Intervención en condutas problemáticas no ámbito familiar: 16 adolescentes (12 rapaces e 4 rapazas). 34,78 %.
- ✓ Intervención en condutas problemáticas acontecidas no centro educativo: 5 adolescentes (4 rapaces e 1 rapaza). 10,87 %.

### 4.2. Resultados tras o pechamento

Finalizouse a intervención cun total de 37 adolescentes (24 rapaces e 13 rapazas). Os resultados obtidos a nivel global son os seguintes:

- ✓ 29 Adolescentes (18 rapaces e 11 rapazas) cumpren cos obxectivos fixados no Plan de Traballo (Plan de Mellora Familiar) realizado no inicio da intervención. 78,37 %.
- ✓ 6 Adolescentes (4 rapaces e 2 rapazas) non cumpren cos obxectivos fixados no Plan de Traballo. 16,21 %.
- ✓ 2 Adolescentes (2 rapaces) son baixa no programa por cambio de domicilio. 5,40%.





Gráfico 1. Resultados tras finalizar a intervención.

#### 4.3. Resultados tras o seguimento

Realizouse un seguimento dos expedientes pechados tras finalizar a intervención (excepto os dados de baixa no programa por cambio de domicilio). Os resultados obtidos a nivel global son os seguintes:

- ✓ 24 Adolescentes (15 rapaces e 9 rapazas) manteñen a situación que provocou o pechamento da intervención. 68,57%.
- ✓ 5 Adolescentes (3 rapaces e 2 rapazas) cos que se pechou o expediente por cumprimento de obxectivos, encóntranse no seguimento con dificultades. 14,29%. Dous deles (1 rapaz e 1 rapaza) reinician a intervención.
- ✓ 6 Adolescentes (4 rapaces e 2 rapazas) non cumpriron cos obxectivos fixados no Plan de Traballo e, segundo a información obtida, non mellorou a situación. 17,14%.



. Resultados tras o seguimento.

## Conclusións

Ao finalizar a intervención, o programa logra unha porcentaxe de éxito dun 78,37 %.

No seguimento, tras un ano, o Programa mantén o cumprimento de obxectivos no 82,75 % dos casos finalizados con éxito. Polo tanto, a intervención mantén a mellora nun 68,57% dos casos tras a finalización e o seguimento posterior anual.

O Programa demostra a súa eficacia para a intervención neste tipo de problemáticas, lanzando uns resultados semellantes a programas de intervención de similares características (Rodríguez - Arias 2004, Rodríguez - Morejón, 2004).

É posíbel, pois, abordar dificultades relacionadas coa adolescencia desde o contexto dos Servizos Sociais de Atención Primaria, xa que o adolescente e a súa familia son receptores dunha intervención psicosocial de tipo preventivo, próxima ao seu medio de interacción habitual, cun inicio inmediato e con flexibilidade canto aos contextos de intervención e ás técnicas empregadas para obter cambio.

En definitiva, traballar con adolescentes no ámbito da intervención social pode converterse nunha ardua tarefa, cargada de problemas, vaivéns e dificultades, ou pode ser un lugar de encontro con persoas cargadas de ideais, de futuro, de aspectos que aprender e que ensinar. Pois, como afirmaba Campoamor, “En este mundo traidor, nada es verdad o mentira, todo depende del color, del cristal con que se mira”.

## Bibliografía

- Beyebach, M. (2006): *24 ideas para una psicoterapia breve*. Barcelona: Herder.
- De Shazer, S. (1986): *Claves para la solución en terapia breve*. Barcelona: Paidós.
- De Shazer, S. (1989): *Pautas de terapia breve: un enfoque ecosistémico*. Barcelona: Paidós.
- Fisch, R.; Weakland, J. H. e Segal, L. (1984): *La táctica del cambio*. Barcelona: Herder.
- Friedlander, M. L.; Escudero, V. e Heatherington (2009): *La alianza terapéutica en la terapia familiar y de pareja*. Barcelona: Paidós.
- Grinder, R. e Bandler, R. (1993): *Trance Fórmate. Curso práctico de hipnosis con PNL*. Madrid: Gaia.
- Gutiérrez, E.; Escudero, V. e Álvarez, C. (1989): “El Presente Multifacético de la Terapia Familiar: Un Intento de Sistematización”. *Cuadernos de Terapia Familiar*, 9-10: 3-34.
- Gutiérrez, E. (1998): “La alternativa de la parte sana en el modelo psicoeducativo”. *Sistemas Familiares*, 14, 1, 49-60.
- López, F. (2006): “Del maltrato al buentrato, de la protección al cuidado: La necesidad de un discurso positivo sobre las necesidades de la infancia”. Congreso Nacional de Infancia Maltratada. Santander.
- López, S., Escudero, V. (2003): *Familia, evaluación e intervención*. Madrid: CCS.
- Nardone, G. (2004): *Psicosoluciones*. Barcelona: Herder.
- Minuchin, S. (1997): *Familias y terapia familiar*. Barcelona: Gedisa.
- Roberts, J. (2009): Entrevista a Janine Roberts. Mosaico. Revista da Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar. 41, 1, 52-53.
- Rodríguez-Morejón, A. (2004): “La investigación de resultados y el futuro de la psicoterapia: alternativas a los tratamientos empíricamente validados”. *Papeles del psicólogo*. 25, 87, 45-56.
- Rodríguez-Arias J.L.; Otero M.; Venero M.; Ciordia N. e Vázquez P. (2004): “Estudio de resultados en terapia familiar breve”. *Papeles del Psicólogo*. 25, 87, 29-44.
- Rodríguez-Arias, J.L. e Venero, M. (2006): *Terapia Familiar Breve*. Madrid: CCS.
- Selekman, M. (1996): *Abrir caminos para el cambio*. Barcelona: Gedisa.



## INVESTIGACIÓN DE RESULTADOS EN CONTEXTOS CLÍNICOS: DESCRICIÓN DE METODOLOXÍA NO HOSPITAL DE CEE



**Bajo Lema, Jorge**  
Psicólogo Interno Residente  
Complejo Hospitalario Universitario A Coruña

**Rodríguez-Arias Palomo, José Luis**  
Psicólogo Clínico  
Complejo Hospitalario Universitario A Coruña

### **RESUMO**

*Neste artigo pretendemos describir brevemente as alternativas que encontramos a nivel metodolóxico cando se pretende realizar unha investigación de resultados en psicoterapia, así como os seus puntos fortes e limitacións. Dentro destas alternativas resaltamos o uso de estudos naturalísticos, de natureza máis correlacional, polo interese en maximizar a validez externa dos resultados.*

*Nunha segunda parte, describimos un exemplo da metodoloxía seguida neste tipo de estudos, como é o programa de investigación de resultados nun hospital comarcal, baixo a dirección do segundo asinante. É un deseño que trata de facer un balance entre as esixencias de rigorosidade das investigacións coa axilidade necesaria para que poida incluírse na tarefa habitual dun contexto clínico. Este programa de investigación encóntrase nas súas fases finais, unha vez que xa se deu por finalizada a etapa de intervención terapéutica, que durou desde febreiro de 1999 até agosto de 2010, polo que en breve se poderán ver os primeiros resultados.*

## INTRODUCCIÓN

A estas alturas do desenvolvemento da psicoterapia non parece necesario insistir na necesidade da avaliación dos resultados que produce calquera intervención psicoterapéutica. Xa pasaron máis de cincuenta anos desde o famoso reto de Eysenck e durante este período puidéronse obter datos que defenden a eficacia xeral da psicoterapia (un exemplo en Shadish et al, 2000).

Actualmente a abundante bibliografía sobre este tema é bastante consistente á hora de apuntar dúas posibilidades, cada unha coas súas vantaxes e inconvenientes: por un lado estarían os estudos de eficacia, que subliñarían a validez interna, e polo tanto tratarían de reducir o influxo de factores estraños mediante criterios de homoxeneización, e por outro lado os estudos de efectividade, cuxo obxectivo principal sería máis ben maximizar a validez externa e a xeneralización a todo tipo de contextos e poboacións (p.ex. Bados, Garcia e Fusté, 2002; Barlow, 1996; Botella, 2000; Morrison, Bradley e Westen, 2003; Nathan, 2004).

Aínda que o deseño experimental é o que máis garantías nos ofrece en canto á posibilidade de establecer relacións causais, debido ao maior control sobre variábeis, tanto as independentes como as estrañas, existen controversias acerca de se actualmente é o método máis recomendábel ou factíbel para a investigación psicoterapéutica. Isto é debido ás distintas dificultades metodolóxicas que se foron apuntando, sobre todo nestas dúas últimas décadas, e que poderíamos dividir en: as críticas en relación a como se está a realizar ou promover a investigación de resultados na actualidade, o que correspondería en esencial ao movemento dos “tratamentos empiricamente validados” (Garfield, 1996; Golfried e Wolfe, 1998), e aqueles que van máis aló coa dúbida de que sexa a metodoloxía máis adecuada, debido ás esixencias inherentes ao método experimental (Baskin, 2003; Morrison et al, 2003).

### *Críticas á corrente dos tratamentos empiricamente validados*

A metodoloxía proposta pola corrente dos tratamentos empiricamente validados partiu dun intento por parte da American Psychological Association (APA) por demostrar que os tratamentos psicolóxicos podían ser tanto ou máis efectivos que os tratamentos médicos, obxectivo que se cumpriu nun inicio (APA, 2006). Para competir nas mesmas condicións tomáronse algúns puntos deste modelo médico, como o uso dun diagnóstico sintomático e un tratamento específico, que en principio non serían necesarios para demostrar a científicidade do tratamento (Westen e Bradley, 2005). E estes puntos foron os que nun principio suscitaron máis críticas, principalmente por parte de enfoques que non as compartían:

*Diagnóstico e non representatividade das mostras.* As críticas máis importantes tiveron que ver co uso de mostras nos estudos de eficacia moi pouco representativas dos pacientes que se encontran en contextos clínicos (Morrison et al, 2003; Westen et al. 2004; Westen, 2005;

Humphreys e Weisner, 2000). As taxas de exclusión nos estudos de eficacia abarcan unha proporción importante das mostras iniciais, pois até naqueles estudos menos estritos esta exclusión afecta a máis da metade da mostra (Humphreys e Weisner, 2000; Westen e Morrison, 2001). Os criterios de exclusión acostuman excluír pacientes máis graves: pacientes con abuso de substancias comórbido, presenza de transtorno grave en eixo I ou II, ideación suicida, ter recibido tratamentos anteriores sen resposta...

Por outro lado, existe certa controversia acerca da utilización do DSM-IV (APA, 2002) para especificar diagnósticos, pois existe unha grande proporción de pacientes en contextos clínicos habituais que non chegan a alcanzar criterios de diagnóstico segundo este manual, e cando se alcanza é frecuente a comorbilidade (Westen e Arkowitz-Westen, 1998; Barlow, 1986).

De feito, existen algúns enfoques, tanto sistémicos como humanistas, que prefiren o uso doutro tipo de especificación dos problemas polos que acode alguén a psicoterapia. Porén, é certo que os tratamentos empiricamente validados non rexeitan a posibilidade doutras clasificacións ou definicións de problemas, aínda que na práctica o modelo médico, coas súas clasificacións diagnósticas, prevalecera (Chambless e Ollendick, 2000).

*Tratamentos e manuais.* A importancia de que o tratamento teña un manual (Chambless e Hollon, 1998), máis ou menos ríxido, susténtase na posibilidade de réplica do ensaio clínico por parte doutros grupos de investigación. Sobre a maior ou menor rixidez que impón houbo certa polémica, e a actitude dos clínicos, cando foi investigada, foi de certo rexeitamento aínda que acompañada tamén de certo descoñecemento (Addis e Krasnow, 2000). Outras críticas, consistentes coa perspectiva dos “factores comúns”, apuntaron a excesiva importancia dada á técnica por enriba doutras habilidades terapéuticas (Garfield, 1996). Isto reflectiuse na diferenciación que fixo a APA entre as *guías prácticas*, que son as que orientan a actuación do clínico segundo a área de actuación, así como os asuntos a tratar, e as *guías de tratamentos*, que pretenden dar información específica sobre tratamentos en función do transtorno (APA, 2002). Estas últimas serían as máis problemáticas, xa que por tras delas subxacen ideas de como se produce o transtorno, que é diferente para cada enfoque terapéutico.

*Resultados do tratamento.* Algúns críticos apuntaron que as medidas de resultados se basean principalmente na sintomatoloxía, o que non coincide cos obxectivos de todos os enfoques. Posibelmente a asunción do modelo médico tivo bastante que ver nisto, mais non existe unha contraindicación ao uso doutras medidas de resultados. De feito, temos diferentes instrumentos de medida que inclúen outros tipos de resultados, como de funcionamento social ou de benestar subxectivo: Clinical Outcomes in Routine Evaluation – Outcome Measure - CORE-OM (Barkham et al, 2001) ou o Outcome Questionnaire -OQ-45 (Lambert et al, 1996).

Outra cuestión importante é de que maneira facer a medida do resultado final nos casos de finalización prematura do tratamento, o que habitualmente se denomina *abandonos*. O grao

en que este problema se presenta é bastante significativo, por exemplo, Bados informa dun 43,8% de abandonos nunha mostra de 203 pacientes, sendo o resultado coherente cos doutras investigacións, e un 13,3% deles informan que se debe á mellora (Bados et al, 2007), polo que non sempre é evidente o resultado nestes casos. Nos estudos de eficacia, normalmente só se inclúen os resultados das persoas que acabaron a terapia ou cumpriron un número significativo de sesións, mais supoñen unha proporción importante á hora de xeneralizar os resultados.

### ***Críticas á adecuación do método experimental á investigación de psicoterapia***

As críticas até agora citadas, se ben apuntan problemas importantes, permiten o uso de certas medidas correctoras, e de feito déronse avances significativos: uso de mostras cada vez máis parecidas ao contexto clínico real e o uso doutros tipos de diagnósticos ou clasificacións; maior flexibilidade á hora de especificar os tratamentos, o uso de varias medidas para valorar o resultado... mais existen outro tipo de críticas que van máis lonxe e céntranse nalgunhas dificultades metodolóxicas que o deseño experimental esixe e que o coñecemento actual da psicoterapia non pode obviar.

*Ingredientes activos e grupo control.* O deseño experimental baséase, para poder dar lugar a inferencias acerca de ingredientes activos, na posibilidade de que un grupo control careza destes ingredientes. O modelo que se deu como ideal, proveniente do ambiente médico, é o uso de placebo, baixo condicións de duplo-cego (tanto cliente como terapeuta descoñecen a condición na que están) para evitar a influencia que pode ter este coñecemento no resultado. En psicoterapia, as cousas son algo máis complexas. Para comezar, o terapeuta vai ser coñecedor da condición na que está. Polo tanto, o placebo ten que estar coidadosamente deseñado, para poder determinar certa especificidade do tratamento e evitar que as diferenzas entre grupos poidan deberse a calquera outro factor estraño. A revisión realizada por Baskin (Baskin et al, 2003), é bastante esclarecedora: a medida que o deseño do placebo inclúe máis tempo de contacto terapeuta-cliente e unha explicación máis racional ou plausíbel do transtorno, máis se esvaecen as diferenzas entre o grupo control e o experimental, polo que se pode supor que este tipo de placebo non é tan inocuo como se podería esperar. Aínda que este resultado pode resultar algo sorprendente, está en consonancia cos resultados doutro tipo de deseños, os denominados de compoñentes. Estes, en principio, tratan de obviar a condición placebo, comparando dúas condicións de tratamento que só se diferencian nunha parte do tratamento, que se omite nun deles. A meta-análise levada a cabo por Ahn e Wampold (Ahn e Wampold, 2001) conclúe que ningunha compoñente dos distintos tratamentos estudados se demostra necesaria, sendo similar a eficacia dos tratamentos con ou sen a compoñente estudada. Un exemplo coñecido é o da terapia cognitiva en depresión (Gortner et al, 1998), onde se obtiñan resultados similares tanto co paquete completo como cando se eliminaba a compoñente cognitiva e se deixaba só a condutual.

Estes resultados xustifican o estudo dos “factores comúns” dos tratamentos, ou polo

menos o estudo do que teñen en común os tratamentos que non teñen relación coas compoñentes en que se divide. Estes centráronse principalmente na alianza terapéutica, da que despois falaremos.

*Duración dos tratamentos.* Quizá o obstáculo máis importante que diferencia os tratamentos empiricamente validados e a función no contexto clínico habitual, ten que ver coa duración dos tratamentos e *cando considerar que un paciente se beneficiou dun tratamento*. Os tratamentos “manualizados” teñen unha duración prefixada, dun mínimo de seis sesións e polo xeral dunhas oito-doce. É habitual considerar que só quen chega até o fin se beneficiou de maneira suficiente do tratamento.

O problema é que o número de sesións habitual na práctica é moito menor do que os tratamentos “eficaces” necesitan: segundo informa Lambert, cunha mostra de máis de seis mil pacientes, a media de duración do tratamento era de tres sesións, sendo o máis habitual que se trate dunha soa sesión, nun terzo da mostra (Lambert, 2001). Esta discrepancia é bastante chamativa e as causas non están totalmente claras. Unha posíbel explicación é que exista unha diferenza importante na maneira de realizar a terapia en investigación e en contextos reais, o que nos levaría a preguntarnos polo que se está a investigar nos estudos de eficacia.

Outra explicación máis interesante, xa que apareceu desde diferentes tipos de análises, é a que propoñen Lambert (Lambert, Hansen e Finch, 2001), mediante a análise de supervivencia, e Kelly (Kelly et al, 2005), co estudo das ganancias repentinas (*sudden gains*) na depresión. Ambos indican a presenza de mellorías nas primeiras sesións, entre a primeira e quinta sesión. Este fenómeno é difícil de explicar se nos limitarmos a considerar exclusivamente as técnicas, dado que moitas non se empregaron nesas fases iniciais (para discusión, ver Ilardi e Craighead, 1994; Tang e De Rubeis, 1999 e Busch et al, 2006).

### ***A investigación naturalística***

Perante estas críticas, cabe preguntar se realmente funciona o que pensamos que funciona e se facemos o que dicimos facer. E é prioritario tomar como estándar o que se está a facer na práctica, por medio do estudo dos procesos de cambio que se producen neste contexto, sobre todo nas primeiras sesións, cun enfoque correlacional que nos permita ter en conta un maior número de variábeis para poder establecer hipóteses sobre os mecanismos de cambio, que aínda que sabemos que se producen na psicoterapia, aínda non sabemos de que maneira. Como Westen propón, “examinar patróns de co-variación na práctica clínica entre intervencións específicas, estratexias de intervención e procesos de cambio por unha parte e os resultados obtidos en diversos momentos de avaliación, por outra; e utilizar estes datos para identificar posíbeis tratamentos eficaces que deberán ser investigados despois en estudos controlados” (Morrison et al, 2003. Tradución [ao castelán] en Bados et al, 2008).

### ***O exemplo do Hospital Virxe da Xunqueira***

A mostra inclúe todas as persoas atendidas na consulta de psicoloxía no Servizo de Saúde Mental do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee (A Coruña), durante o período comprendido entre a súa posta en funcionamento, en febreiro de 1999, até agosto de 2010. O número de pacientes atendidos ascende a cerca de tres mil persoas.

A metodoloxía de investigación é de tipo correlacional. Divídense as variábeis en predictoras –do paciente e de tratamento– e de resultado. Existen unhas variábeis de proceso que se poden considerar intermedias entre ambas –de cumprimento de tarefas e alianza terapéutica–.

Un dos obxectivos principais era que esta investigación puider integrarse no traballo habitual, polo que se buscou que os diferentes instrumentos de avaliación fosen rápidos e fáciles de implementar na práctica clínica.

### ***Variábeis do paciente***

Desde a famosa meta-análise realizada por Lambert (Lambert e Asay, 1984), considérase que grande parte do éxito terapéutico se debe a factores extraterapéuticos, onde se inclúen variábeis relacionadas directamente co paciente e o contexto (até un 40% da melloría experimentada en psicoterapia), polo cal é normal telas en conta na investigación.

Dentro das variábeis que se recolleron podemos diferenciar catro tipos: sociodemográficas, clínicas, escalas clínicas e as de expectativas, as cales están especificadas nas táboas 1 a 4. As variábeis sociodemográficas e clínicas recollíanse polo equipo terapéutico tras a primeira entrevista, e as escalas clínicas e de expectativas cubríaaas o paciente antes da primeira sesión, entregándose tras o primeiro contacto coa Unidade que realizaba enfermaría.

Táboa 1. – Variábeis sociodemográficas

<b>Sociodemográficas</b>
- Sexo
- Idade
- Formación
- Situación laboral

Táboa 2. – Variábeis de expectativas

<b>Expectativas xerais</b>	<b>Expectativas específicas de tratamento psicoterapéutico</b>
- Autoeficacia	- Autoeficacia
- Locus de control	- Locus de control
- Resultado	- Resultado
- Éxito	- Éxito

Táboa 3. – Variábeis clínicas

<b>Clínicas</b>
- Diagnóstico (DSM-IV)
- Gravidade (EEAG)
- Tempo de evolución
- Tratamento simultáneo (Si/Non)
- Tratamento anterior (Si/Non)
- Tratamento psicofarmacolóxico (Si/Non)


Táboa 4.- Escalas

<b>Escalas</b>
- Cuestionario de Saúde SF-36 (Alonso et al. )
- HADS (Hospital Anxiety and Depression Scale) (Tejero, 1986)
- STAI (State-Trait Anxiety Inventory) (Spielberg et al, 1982)

As expectativas de autoeficacia e locus de control son variábeis do paciente que, alén de ser de grande relevancia como predictores de resultados (para revisión, Garfield, 1994), poden ser consideradas focos de tratamento e modificadas. Foi tomado o modelo de Expectativas de

Control Percibido (Palenzuela, 1993) para determinar os constructos relevantes que afectarían ao control percibido: autoeficacia, locus de control e éxito, que afectan a distintos aspectos das continxencias esperadas entre a persoa, a súa conduta e a resposta do ambiente (ver Fig.1). Ademais, resulta de utilidade diferenciar entre expectativas xerais e as específicas do tratamento psicoterapéutico (Rodríguez Morejón, 1994).

Fig. 1.- Diferenzas entre os constructos expectativas de autoeficacia, de locus de control e de resultado (Palenzuela, 1990).



Para avaliar utilízanse as Escalas de Expectativas Xerais de Control Percibido, ECPG, e Escalas de Expectativas Específicas de Control Percibido (Rodríguez Morejón, 1994), que consta de tres ítems de resposta tipo Likert entre 1 e 9 para cada unha das subescalas (autoeficacia, locus de control e éxito).

### **Formulación do caso**

A formulación do caso corresponde á hipótese etiolóxica sobre o que está a causar o malestar psicolóxico e as variábeis relacionadas. O modelo é de Terapia Familiar Breve, tal como aparece descrito no manual específico (Rodríguez-Arias e Venero, 2006), baseado no enfoque estratéxico do MRI (Fisch, Weakland e Segal, 1984).

A idea xeral é que os problemas se desenvolven e manteñen debido ás solucións

ineficaces que se toman e se persiste nelas. Este tipo de solucións pódese diferenciar nunha serie de patróns ou denominador común (Fisch, Weakland e Segal, 1984; Rodríguez-Arias e Venero, 2006), que será o que se tome como hipótese e que guiará o tipo de tarefas que se soliciten.

Outras variábeis que se exploran na formulación do caso, que proveñen da Terapia Centrada en Solucións, pola súa influencia no resultado terapéutico, é o cambio pre-tratamento e a presenza de excepcións –momentos nos que o problema non está presente–, diferenciadas en deliberadas e espontáneas (Rodríguez Morejón, 1994; Johnson et al, 1998).

### ***Medidas de resultados***

A medición do resultado terapéutico divídese en dúas variábeis criterio: o resultado final e o de seguimento. A variábel “Resultado final” pode ter tres valores: “Éxito”, “Fracaso” ou “Abandono”, que se obtén por unha ponderación de distintos indicadores de resultado (para ver unha descrición detallada dese proceso, ver Rodríguez-Arias et al, 2004). A variábel “Resultado de seguimento” pode ter como valores “Éxito”, “Fracaso” ou “Recaída”, que se obtén mediante unha ponderación de distintos indicadores de resultado de seguimento (tamén en Rodríguez-Arias et al.).

Unha diferenza principal entre ambas medidas está en quen realiza a valoración. Mentres que para o resultado final é o equipo terapéutico quen determina o grao de cumprimento dos distintos indicadores, no seguimento é o paciente quen responde ao cuestionario. Aínda que parece preferíbel esta segunda opción, para evitar calquera tipo de desviación por parte do equipo, é practicamente imposíbel facelo para cubrir o resultado, dado que moitas veces a finalización do tratamento non é explícita.

Desde o mes de maio de 2009 engadiuse a avaliación de resultado en cada sesión, tanto para poder controlar este desvío como para ter unha mellor investigación do proceso. Debido á necesidade de integralo de maneira natural co traballo habitual psicoterapéutico, é recomendábel unha escala moi breve, polo que se utilizou a adaptación española da “Outcome Rating Scale” (Miller et al, 2003), baseada na escala Outcome Questionnaire -OQ-45 (Lambert et al, 1996), que consta de catro ítems de resposta mediante unha escala visual que despois se traduce a valores numéricos entre 0 e 10. O paciente debe indicar o grao de satisfacción en catro niveis: persoal, familiar, social e global. O instrumento conta con boas propiedades psicométricas, informando os seus autores sobre poboación americana dunha consistencia interna de 0,93 e de validez concorrente coa OQ-45 de 0,69 (Miller et al, 2003).

### ***Investigación de procesos***

Xunto coa avaliación sesión a sesión do resultado, en cada sesión tómanse algúns datos relativos ao proceso terapéutico, como o cumprimento das tarefas solicitadas entre sesións.

Un constructo de importancia fundamental nos estudos de resultados é a alianza terapéutica (para unha revisión en castelán, ver Corbella e Botella, 2003), polo que se decidiu

incluir unha avaliación continua desta alianza. Existe unha diversidade de instrumentos de avaliación, mais novamente as necesidades de facer un bo balance entre esixencias psicométricas e rapidez de aplicación conduciu á elección da “Session Rating Scale” (Duncan et al, 2003), una escala de catro ítems de resposta en escala visual, cun rango de tradución numérica entre 0 e 10. Está baseada principalmente na Working Alliance Inventory (Horvath e Greenberg, 1989), e cada un dos ítems recolle os distintos factores desta: vínculo emocional, acordo con metas e tarefas e acordo con método e enfoque, máis un último ítem de valoración global. O instrumento, aínda sendo breve, conta con boas propiedades psicométricas, cunha consistencia interna de 0,88 e validez concorrente con outras escalas de avaliación da alianza (Duncan et al, 2003).

## CONCLUSIÓNS

Neste artigo describimos brevemente as posibilidades que temos na investigación dos resultados da psicoterapia e as vantaxes que nos ofrecen os estudos de efectividade e deseños correlacionais.

Porque, se ben parece que un bo deseño experimental nos ofrece respostas máis seguras para poder establecer relacións causais e especificar os mecanismos de cambio que se produce en psicoterapia, estes continúan a ser confusos, e en parte pode ser, como indica Garfield (1996), polo excesivo peso que se lle deu á técnica en detrimento doutros factores comúns aos diferentes enfoques de psicoterapia.

Existe, de feito, un abundante corpus de investigación que indica a importancia de factores diversos no resultado cun importante peso específico, factores que dependen do paciente, do terapeuta, ou da interacción entre estes (para revisión en castelán, Corbella e Botella, 2004a).

A preponderancia da técnica, do tratamento específico, xurdiu dun modelo médico que se utilizou para mostrar a eficacia comparativa da psicoterapia fronte a outros tratamentos médicos, obxectivo que se cumpriu mediante o axuste ás especificacións dese modelo (diagnóstico específico, tratamento específico).

E o deseño experimental é ideal nestas condicións, e sen dúbida o máis potente. Tendo o control sobre as variábeis independentes, que neste caso son o uso ou non dunha técnica ou compoñente específica, nunha mostra cun diagnóstico específico, as conclusións que se poden obter son bastante fiábeis, no sentido de que se poden replicar por outros investigadores.

A utilidade deste deseño virá limitada porque esa selección de variábeis sexa útil e xeneralizábel á poboación xeral. E para poder garantilo, este deseño pódese ampliar, máis aló das limitacións impostas máis ou menos expresamente pola corrente dos tratamentos empiricamente validados, con distintas variábeis independentes: tipo de terapeuta, outras características do cliente ou paciente como expectativas, grao de benestar subxectivo, funcionamento social...

Mais existen variábeis que non podemos controlar, e estas teñen que ver coa interacción. Non podemos seleccionar aleatoriamente dúas mostras de pacientes cuxa condición experimental sexa nula ou pouca alianza, por un lado, moita alianza por outro. Isto non tería maior transcendencia se non fose porque esta interacción é un predictor moi potente do resultado do tratamento (Corbella e Botella, 2003) e actualmente non se pode predicir doutro conxunto de variábeis que si poidamos controlar.

Isto é o que nos leva a considerar preferíbel o uso doutras estratexias, xa que ben podería ser que os mecanismos de cambio se escondan neste constructo chamado alianza terapéutica. Para iso, e dado que non temos o control sobre esta variábel, a opción sería un deseño correlacional, co obxectivo de ver que variábeis inflúen no resultado. Coa vantaxe, ademais, de que pode facerse mentres se realiza o tratamento psicoterapéutico estándar, sen ter que realizar unha adaptación deste, cos riscos que implica de perda de validez externa.

O programa de investigación do Servizo de Saúde Mental do Hospital de Cee é un exemplo de avaliación continua de resultados integrado no traballo clínico habitual, demostrando que non ten por que ser incompatíbel a práctica da psicoterapia coa práctica investigadora. Require, evidentemente, dun esforzo de recollida de datos por parte do equipo, sobre todo tras o primeiro contacto, e por parte do paciente para cubrir os cuestionarios que lle sexa solicitado cubrir. É moi importante que isto poida facerse dunha maneira rápida e que produza a menor reactividade posíbel no paciente, que pode provocar un artefacto difícil de controlar.

Isto permítenos ter un número bastante amplo de variábeis criterio que podemos ver como inflúen no resultado: variábeis do paciente, de formulación do caso, da relación terapéutica...

Entre as que teñen unha tradición máis consolidada de investigación están as medidas de expectativas de autoeficacia e locus de control que, seguindo a Palenzuela (1993), se incluíron nun constructo maior de “control percibido”, e a alianza terapéutica, da que se tomou unha medida sesión a sesión.

En España publicouse recentemente un estudo cun deseño e obxectivos parecidos (Botella, 2008). Entre as similitudes máis significativas están o uso de medidas sesión a sesión do resultado e a alianza terapéutica, diferindo nas escalas utilizadas para a avaliación: CORE-OM (Barkham et al, 2001) para a avaliación de resultados e a adaptación española do Working Alliance Inventory versión reducida – WAI-S (Corbella e Botella, 2004b) para a alianza terapéutica. A diferenza principal estriba na elección de escalas máis curtas pola nosa parte. A elección dunha escala máis curta ou máis longa depende de buscar un equilibrio entre unhas propiedades psicométricas adecuadas (fiabilidade, validez, sensibilidade ao cambio) e, por outro lado, a rapidez de aplicación e a redución da reactividade. No noso caso, as propiedades psicométricas das escalas elixidas é adecuada cando se introduciu nunha mostra americana, así que en breve se presentarán os datos da nosa mostra para determinar se isto pode ser xeneralizado.

## Bibliografía

- Addis, M. E. & Krasnow A.D. (2000): "A national survey of practicing psychologists' attitudes toward psychotherapy treatment manuals". *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 68 (2): 331-9.
- Ahn H. & Wampold B. E. (2001): "Where Oh Where Are the Specific Ingredients? A Meta-Analysis of Component Studies in Counseling and Psychotherapy". *Journal of Counseling Psychology*, 48 (3): 251-257
- Alonso, J.; Prieto, L. & Anto, J.M. (1995): "La versión española del SF-36 Health Survey (Cuestionario de Salud SF-36): un instrumento para la medida de los resultados clínicos". *Medicina Clínica* 104(20):771-6.
- American Psychological Association. (2002a): "Criteria for evaluating treatment guidelines". *American Psychologist*, 57, 1052-1059.
- American Psychological Association (2002b): *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Texto revisado (DSM-IV-TR). Barcelona: Masson.
- American Psychological Association Presidential Task Force on Evidence-Based Practice. (2006): "Evidence-based practice in psychology". *American Psychologist*, 61, 271-285.
- Bados, A.; Balaguer, G. & Saldaña, C. (2007): "The efficacy of cognitive-behavioral therapy and the problem of drop-out". *Journal of Clinical Psychology* 63 (6): 585-592.
- Bados, A.; García, E. & Fusté, A. (2002): "Eficacia y utilidad clínica de la terapia psicológica". *Revista Internacional de Psicología Clínica y de la Salud* 2 (3): 477-502.
- Bados, A; García, E. (2008): "Eficacia y utilidad clínica de la intervención en psicología clínica". Recurso electrónico: <http://hdl.handle.net/2445/4962>
- Barkham, M.; Margison, F.; Leach, C., et al (2001): "Service profiling and outcomes benchmarking using the CORE-OM: toward practice-based evidence in the psychological therapies". *Journal of Consulting & Clinical Psychology*, 69, 184-196.
- Barlow, D. H. (1996): "Health care policy, psychotherapy research, and the future of psychotherapy". *American Psychologist*, 51, 1050-1058.
- Barlow, D. H.; DiNardo, P. A.; Vermilyea, B. B.; Vermilyea, J. A. & Blanchard, E. B. (1986): "Comorbidity and depression among the anxiety disorders, Issues in classification and diagnosis". *Journal of Nervous and Mental Disease*, 174, 63-72.
- Baskin, T. W.; Tierney, S. C.; Minami, T. & Wampold, B. E. (2003): "Establishing Specificity in Psychotherapy: A Meta-Analysis of Structural Equivalence of Placebo Controls". *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 71 (6): 973-9.
- Botella, J. (2000): "El papel de los estudios de resultados de las terapias psicológicas". *Psicothema* 12 (2):176-9.
- Botella, L. (2008): "Resultado y proceso en psicoterapia cognitivo-constructivista integradora". *Apuntes de Psicología* 26 (2): 229-41.
- Busch, A. M.; Kanter, J. W.; Landes, S. J. & Kohlenberg, R. J. (2006): "Sudden gains and outcome: A broader temporal analysis of cognitive therapy for depression". *Behavior Therapy*, 37, 61-68.
- Chambless, D.L. & Hollon, S.D.(1998): "Defining empirically supported therapies". *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 66: 7-18.
- Chambless, D. & Ollendick, T. (2000): "Empirically supported psychological interventions: Controversies and evidence". *Annual Review of Psychology*, 52, 685-716.
- Corbella, S. & Botella, L. (2003): "La alianza terapéutica: historia, investigación y evaluación". *Anales de Psicología*, 19 (2):205-21.
- Corbella, S. & Botella, L. (2004a): *Investigación en Psicoterapia: Proceso, Resultado y Factores Comunes*. Madrid: Vision Net.
- Corbella, S. & Botella, L. (2004b): "Psychometric properties of the spanish version of the Working Alliance Theory of Change Inventory (WATOCI)". *Psicothema*, 16 (4): 702-5.
- Duncan, B.L.; Miller, S.D.; Sparks, J.A.; Claud, D.A.; Reynolds, L.R.; Brown, J. & Johnson, L.D. (2003):

- “The Session Rating Scale: Preliminary Psychometric Properties of a 'Working'Alliance Measure”. *Journal of Brief Therapy* 3 (3): 3-12.
- Fish, R.; Weakland, J.H. & Segal, L. (1984): *La táctica del cambio. Cómo abreviar la terapia*. Barcelona: Herder.
- Garfield, S. L. (1994): “Research on client variables in psychotherapy”. En A. T. Bergin & S. L. Garfield (eds.) *Comprehensive handbook of psychotherapy and behaviour change* (pp. 190-228). New York: Wiley.
- Garfield, S. L. (1996): “Some problems with 'validated' forms of psychotherapy”. *Clinical Psychology: Science and Practice* 3:218–29
- Goldfried, M. R. & Wolfe, B. E. (1998): “Toward a more clinically valid approach to therapy research”. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 66, 143–150.
- Gortner, E. T.; Gollan, J. K.; Dodson, K. S. & Jacobson, N. S. (1998): “Cognitive-behavioral treatment for depression: relapse prevention”. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 66, 377-388.
- Horvath, A. O., & Greenberg, L. S. (1989): “Development and validation of the Working Alliance Inventory”. *Journal of Counseling Psychology*, 64, 223-233.
- Humphreys, K. & Weisner, C. (2000): “Use of Exclusion Criteria in Selecting Research Subjects and Its Effect on the Generalizability of Alcohol Treatment Outcome Studies”. *American Journal of Psychiatry* 157 (4): 588-594.
- Ildardi, S. S. & Craighead, W. E. (1994): “The role of non specific factors in cognitive-behavior therapy for depression”. *Clinical Psychology: Science and Practice*, 1, 138–156.
- Johnson, L. N.; Nelson, T. S. & Allgood, S. M. (1998): “Noticing pretreatment change and therapy outcome: An initial study”. *American Journal of Family Therapy*, 26, 159–168.
- Kelly, M. A. R.; Roberts, J. E.; Ciesla, J. A. (2005): “Sudden gains in cognitive behavioral treatment for depression: When do they occur and do they matter?” *Behavior Research and Therapy* 43(6):703–714.
- Lambert, M. J. (2001): “The status of empirically supported therapies: Comment on Westen and Morrison (2001) multidimensional multi-analysis”. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 69, 910-913.
- Lambert, M. J. & Asay, T.P. (1984): “Patient characteristics and their relationship to psychotherapy outcome”. En Herson, M.; Michelson, L. & Bellack, A.S. (eds.) *Handbook of psychotherapy and behaviour change*. 157-212. New York: Wiley.
- Lambert, M. J.; Burlingame, G. M.; Umphress, V.; Hansen, N. B.; Vermeersch, D. A.; Clouse, G. C. et al. (1996): “The reliability and validity of the Outcome Questionnaire”. *Clinical Psychology and Psychotherapy*, 3, 249–258.
- Lambert, M. J.; Hansen, N. B. & Finch, A. E. (2001): “Patient-focused research: Using patient outcome data to enhance treatment effects”. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 69, 159 –172.
- Miller, S.D.; Duncan, B.L.; Brown, J; Sparks, J.A.; Claud, D.A. (2003): “The Outcome Rating Scale: A Preliminary Study of the Reliability, Validity and Feasibility of a Brief Visual Analog Measure”. *Journal of Brief Therapy*, 2 (2): 91-100.
- Morrison, K. H.; Bradley R. & Westen, D. (2003): “The external validity of controlled clinical trials of psychotherapy for depression and anxiety: a naturalistic study”. *Psychology and Psychotherapy: Theory, Research and Practice*, 76, 109–32.
- Nathan, P.E. (2004): “The Evidence Base for Evidence-Based Mental Health Treatments: Four Continuing Controversies”. *Brief Treatment and Crisis Intervention*, 4 (3): 243-54
- Rodríguez-Arias, J. L. & Venero, M. (2006): *Terapia Familiar Breve. Guía para sistematizar el tratamiento terapéutico*. Madrid: CCS
- Rodríguez Morejón, A. (1994): *Un modelo de agencia humana para analizar el cambio en psicoterapia. Las expectativas de control percibido en terapia sistémica breve*. Tese doutoral non publicada. Universidade Pontificia de Salamanca.
- Spielberger, C.; Gorsuch, R. & Lushene R. (1982): *STAI, Manual for the State-Trait Anxiety Inventory (Self Evaluation Questionnaire)*. California: Consulting Psychologists Press. Adaptación española. Madrid: Sección de Estudio de Tests. TEA Ediciones S.A.
- Tang, T. Z. & DeRubeis, R. J. (1999): “Reconsidering rapid early response in cognitive behavioral therapy for depression”. *Clinical Psychology: Science and Practice*, 6, 283–288.

Task Force on Promotion and Dissemination of Psychological Procedures. (1995): "Training in and dissemination of empirically-validated psychological treatments: Report and recommendations". *Clinical Psychologist*, 48, 3–23.

Tejero, A.; Guimera, E.; Farré, J. M. & Peri, J. M. (1986): "Uso clínico del HADS (Hospital Anxiety and Depression Scale) en población psiquiátrica: un estudio de sensibilidad, fiabilidad y validez". *Revista del Departamento Psiquiatría Facultad Med. Barcelona* 12: 233-238.

Westen, D. (2005): "Patients and treatments in clinical trials are not adequately representative of clinical practice". En J. C. Norcross; L. E. Beutler & R. F. Levant (Eds.): *Evidence-based practices in mental health: Debate and dialogue on the fundamental questions* (pp. 161–171). Washington, D.C.: APA Books.

Westen, D. & Arkowitz-Westen, L. (1998): "Limitations of Axis II in Diagnosing Personality Pathology in Clinical Practice". *American Journal of Psychiatry* 155:1767-1771.

Westen, D. & Morrison, K. (2001): "A multidimensional meta-analysis of treatments for depression, panic, and generalized anxiety disorder: An empirical examination of the status of empirically supported therapies". *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 60, 875-899.

Westen, D.; Novotny, C.M. & Thompson-Brenner, H. (2004): "The Empirical Status of Empirically Supported Psychotherapies: Assumptions, Findings, and Reporting in Controlled Clinical Trials". *Psychological Bulletin* 130 (4): 631–663.

## A SÍNDROME DE ALIENACIÓN PARENTAL: O SEN-SENTIDO DUNHA POLÉMICA



**Manuel Lopo Lago**  
Psicólogo Clínico

A suposta “Síndrome de alienación parental” está a ser utilizada de forma coercitiva cada vez con máis frecuencia en contextos xudiciais de todo o Estado; cada vez máis nenos/as están a ser separados/as de algún dos seus proxenitores, xeralmente a nai, en virtude e coa única proba dun diagnóstico de SAP realizado por “supostos” expertos no asunto. En numerosas ocasións as “supostas” persoas expertas son psicólogos/as que traballan nos departamentos Psicosociais dos Xulgados, Peritos (psicólogos/as) forenses de distintas institucións públicas e privadas ou técnicos/as de Puntos de encontro familiares. A preocupación polos menores afectados xunto co numeroso grupo de psicólogos/as que se ven involucrados nestes procesos son as razóns que levaron a elaborar o presente documento.

O termo SAP é utilizado por primeira vez en 1985 por Richard Gardner, médico norteamericano cando, en calidade de perito xudicial, elaborou un informe nun caso de litixio xudicial pola custodia dos fillos. A partir dese momento comezou a ser utilizado en casos de divorcios litixiosos nos que había denuncias de incesto e/ou abusos sexuais cara un dos proxenitores (habitualmente o pai). Prodúcese o feito nun contexto social, o estadounidense, no que o incesto e os abusos sexuais a nenos/as no seo familiar comezaban a ser denunciados, nomeados e polo tanto facíanse visíbeis nunha sociedade que até ese momento se limitaba a ollar cara a outro lado.

*“A síndrome de alienación parental (SAP) é un trastorno infantil que xorde case exclusivamente no contexto de disputas pola custodia de nenos. A súa manifestación primaria é a campaña de denigración dun neno contra un pai, unha campaña que non ten xustificación. Isto resulta da combinación dunha programación (lavado de cerebro) de adoutrinamento parental e das propias contribucións do neno para o vilipendio do pai obxectivo. Cando un maltrato/abuso sexual está presente a animosidade pode estar xustificada e así a explicación da SAP para a hostilidade do neno non é aplicábel”<sup>i</sup>.* Desta maneira definiu Gardner a SAP, con pequenas variacións ao longo da súa extensa bibliografía. Na súa primeira definición a alienadora era sempre a nai; só máis tarde aparece o pai como posíbel alienador e xa en 1991 incorpora que en casos de maltrato, abuso ou negligencia pode estar xustificado o “rexeitamento”.

Ninguén en contextos xurídicos, clínicos, educativos e sociais que tivera contacto con procesos litixiosos de divorcio pola custodia e/ou réxime de visitas dos/as fillos/as, pode negar a existencia de intentos de manipulación dos fillos/as por parte dun ou ambos proxenitores. Ninguén nega isto e é, polo tanto, lícito supor que en moitos destes procesos o feito dáse. A cuestión radica en se a SAP é ou non unha síndrome médica/psicolóxica/psiquiátrica. No caso de ser considerada como tal, o diagnóstico de SAP realizado por peritos forenses e/ou profesionais da saúde mental cualificados para iso adquire carácter de proba. No caso contrario, ao non existir un diagnóstico que se constituía en proba, a suposta manipulación debería ser probada polas canles habituais nos xuízos como calquera outro elemento presente no litixio.

Ao longo destes 23 anos, desde a fixación/invención do termo por Gardner até a actualidade, os partidarios da SAP intentaron que sexa recoñecida cun resultado absolutamente negativo coa excepción de moi contadas instancias xudiciais.

No ámbito xurídico dos EE.UU Jennifer Hoult, J.D. *Law Guardian*<sup>ii</sup> en Kings County, N.Y, realizou en 2006 un extenso e exhaustivo traballo de investigación no que nos di:

*“Este artigo presenta a primeira análise exhaustiva das cuestións científicas, legais e políticas involucradas na admisibilidade probatoria da SAP. Como toda nova teoría, a admisibilidade da SAP susténtase por unha serie de probas estándar que buscan protexer o foro legal da influencia das pseudo-ciencias. Este artigo analiza cada decisión que sentou precedentes e os*

*artigos das revisións das leis que se referían á SAP nos últimos vinte anos, e encontrouse que os antecedentes sustentan que a SAP é inadmisíbel e segundo a maioría da escolástica legal é considerada negativa. Por outro lado o artigo analiza os escritos do inventor da SAP, o psiquiatra infantil Richard Gardner. Inclúense vinte e tres artigos de revisións realizadas por pares e cincuenta decisións legais que el citou para apoiar a súa pretensión de que a SAP ten validez científica e é admisíbel legalmente, e encontramos que todo este material non sustenta nin a existencia nin a admisibilidade legal da SAP”<sup>iii</sup>.*

No ámbito sanitario na actualidade a SAP non é considerada como tal pola Asociación de Psicología Americana, Asociación Médica Americana, Asociación Psiquiátrica Americana, nin pola Organización Mundial da Saúde, nin está incluída nas súas respectivas clasificacións das doenzas mentais: DSM IV e CIE 10<sup>iv</sup> v. En canto ás medidas terapéuticas que se suxiren perante a suposta Síndrome, un importante grupo de prestixiosos profesionais españois da Medicina e a Saúde mental advírtenos que:

*“O pretendido tratamento (multas, perdas permanentes de custodia, prisión, centros de detención xuvenil), é exclusivamente coacción legal inútil e contraproducente que empeora a situación, deixa secuelas nos nenos/as e nalgúns casos documentados tivo graves consecuencias. A intervención legal recomendada pola SAP leva, na práctica, a unha eliminación dos dereitos dos nenos/as en nome da saúde psicolóxica. A saída dos nenos/as do fogar materno en que se criaron satisfactoriamente, para ir vivir cun pai ao que temen, deixa unha pegada traumática que dura moitos anos. En moitos casos déixase o menor nunha situación de risco extremo, promovida pola xustiza. Dadas estas violacións da ética médica e as obrigas legais, o tratamento da SAP constitúe en si mesmo unha mala praxe médica.”<sup>vi</sup>*

### **Argumentos obvios para unha polémica sen-sentido**

A suposta síndrome foi rexeitada por razóns de moi diversa índole:

Desde unha perspectiva metodolóxica está demostrado que carece da máis mínima fundamentación, dado que non hai probas que a ratifiquen, non se presentaron instrumentos de medición fiábeis, non encontran análises de pares (peer review) en revistas científicas, e as mostras de casos que Gardner enuncia nas súas publicacións non foron corroboradas.

En segundo lugar é criticada desde unha perspectiva xurídica dado que inverte a carga da proba. Ao ser utilizada “como se” fose unha síndrome médica/psicolóxica/psiquiátrica constitúese en proba en si mesma. Isto entra en contradición cun principio básico do ordenamento constitucional (artigo 24.2), que fai referencia á presunción de inocencia. Unha vez diagnosticada como causante dunha SAP, a presunta alienadora (en ocasións, alienador) debe demostrar a súa inocencia.

En terceiro lugar, desde a psicoloxía evolutiva dado que nos presenta un neno/a sen capacidade de crítica que repite de forma “robotizada” os argumentos que se supón que pretenderon inculcarlle, e o que é aínda máis erróneo, se cabe, considérase que non son capaces de elaborar opinións propias. Tamén se bota en falta que Gardner e os defensores da SAP falen, na súa bibliografía, dos trastornos psicolóxicos graves que virían necesariamente asociados a un “lavado de cerebro”. Como afirma a Asociación Española de Neuropsiquiatría:

*“Coa SAP, bórranse as contribucións de Piaget, Vigotski, Spitz, Mahler, Klein, Freud (Anna), Ainsworth, Winnicot, Bowlby, Lebovici, Ajuriaguerra, Diatkine, Anzieu, Ericsson... A lista dos autores que elaboraron moito do que sabemos de nós mesmos a través da mente dos nenos, sería, inmensa. Toda a complexidade da psique humana, a que permite ou axuda a explicar os comportamentos e axudar desde a clínica, foi simplificada a un nivel máximo por Gardner. Isto permite, como era obxectivo seu, un diagnóstico fácil da SAP”<sup>vii</sup>*

E en último lugar, e non por iso o menos importante, a suposta síndrome é criticada desde o ideolóxico xa que esta se insire no marco teórico sobre o que Gardner elabora a súa Teoría da conduta sexual humana. As seguintes citas fálannos dunha maneira clara sobre o marco teórico no que Gardner se sustenta. Non esquezamos como dicíamos no inicio que a suposta síndrome aparece cando na sociedade norteamericana comezan a ver a luz os abusos sexuais sufridos polos menores no contexto familiar.

*“Os nenos maiores poden ser axudados a darse conta de que os encontros sexuais entre un adulto e un neno non son universalmente considerados como un acto censurábel. Poderíase falar ao neno sobre outras sociedades nas que tal comportamento foi e é considerado normal. O neno podería ser axudado a apreciar a sabedoría do Hamlet de Shakespeare, que dixo, 'Nada é bo ou malo mais o feito de pensalo faino así'. En tales discusións o neno ten que ser axudado a apreciar que na nosa sociedade temos unha actitude esaxeradamente punitiva e moralista sobre os encontros sexuais entre adulto-neno.”<sup>viii</sup>*

*“Se a nai reaccionou ao abuso de maneira histérica, ou o usou como escusa para unha campaña de denigración do pai, entón o terapeuta fai ben en tratar de ‘traela á cordura’ (...) A súa histeria (...) contribuirá ao sentimento do neno de que se cometeu un crime horríbel e polo tanto diminuírá a posibilidade de todo tipo de achegamento co pai. Débese facer todo o posíbel para axudala a pór ‘o crime’ nunha adecuada perspectiva. Ela debe ser axudada a apreciar que na maioría das sociedades na historia do mundo, tal comportamento era omnipresente, e que isto aínda é así.”<sup>ix</sup>*

*“É moi probábel que a nai teña problemas sexuais (...) En moitos casos ela mesma sufriu abusos sexuais de nena (...) Podería ser que nunca lograra ter un orgasmo a pesar do feito de sufrir abusos sexuais, a pesar do feito de que tivo moitos amantes, e a pesar do feito de estar agora casada. O terapeuta, entón, fai ben en tratar de axudala a lograr tal gratificación. Afirmacións verbais sobre os praceres da resposta orgásmica non parecen resultar moi útiles.*

*Débenselle alentar experiencias, baixo adecuadas situacións de relaxamento, que lle possibiliten lograr a meta da resposta orgásmica (...) Os vibradores poden ser extremadamente útiles a este respecto, e débese tratar de superar toda inhibición que ela poida ter con respecto ao seu uso (...); a redución da súa propia culpa sobre a masturbación fará que lle sexa máis fácil alentar nesta práctica á súa filla, se isto está xustificado. E a súa aumentada sexualidade podería diminuír a necesidade do seu esposo de dirixirse á súa filla para unha gratificación sexual.”<sup>x</sup>*

O problema agrávase ao xeneralizarse (cada vez con máis frecuencia) a utilización desta suposta síndrome a moitos divorcios litixiosos nos que sen haber acusacións de incesto ou abusos sexuais, un ou varios menores se negan a realizar as visitas ao proxenitor non convivinte. Sen ter en conta (e isto agrava aínda máis a situación) se o proxenitor non convivinte (habitualmente o pai) foi condenado por delito de malos tratos ou outras posíbeis razóns que xustifiquen a negativa dos menores, pídese que sexa retirada a custodia (e nalgúns casos as visitas) do proxenitor acusado de alienador.

Resulta bastante reduccionista o feito de considerar que os menores son simples marionetas que repiten sen o menor sentido crítico o que o presunto “alienador” introduce no seu cerebro. Resulta moi reduccionista pensar que os menores non teñen dereito a sentir, pensar e actuar por si mesmos, aínda cando non negamos que poidan ser influenciados (o cal tampouco podemos negar, aínda que en diferente medida, en relación aos adultos).

Actualmente no noso País xa existe, cando menos, unha sentenza en contra da SAP que podería servir como referente noutros xuízos na que se afirma:

*“A popularidade e invocación que desta denominada síndrome se está a realizar nos últimos tempos, e as (cualificadas como) perigosas consecuencias que está a chegar a ter en relación cos procesos de separación e divorcio, levaron a que en decembro de 2007 un moi numeroso grupo de solventes profesionais de Medicina e Saúde Mental subscribiran un manifesto perante o fenómeno psicolóxico-legal da pretendida síndrome de alienación parental, no cal, entre outras afirmacións, se expresa de forma contundente que a ideoloxía que sustenta a SAP é abertamente pedófila e sexista, e que se trata dun instrumento de perigosa fraude pseudo-científica, que está a xerar situacións de risco para os niños, e está a provocar unha involución nos dereitos humanos dos menores e das súas nais (mulleres)”<sup>xi</sup>* e tamén:

*“Nin compartimos a existencia da 'denominada' síndrome de alienación parental (xa se explicou máis arriba, e a literatura científica ao respecto é abundante, para alén de múltiples referencias en informes periciais sólidos) nin que, neste caso concreto, D.<sup>a</sup> M. D. manipulara o seu fillo para que rexeitase o relacionamento co seu pai. Existen unhas vivencias e unha serie de episodios obxectivos que dificilmente se solucionarán co recurso á forza (folio 202 das dilixencias), como expresamos en múltiples ocasións (noutros procesos de similar efecto), en que se acode á (ínsita) forza do poder xudicial para impor relacións, sentimentos, afectos.”<sup>xii</sup>*

O Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou o 19 de setembro de 2008 unha Guía de criterios de actuación xudicial fronte á violencia de xénero na cal ocupa un destacado papel a preocupación do Consello pola utilización que se está a facer da suposta SAP ou “denominacións alternativas coa mesma virtualidade”. Nesta Guía afirmase que:

*“Aceptar, en suma, o programa de Gardner –que até incluía a aplicación da súa teoría nos casos nos que se evidenciaba unha situación de violencia, abuso ou negligencia– nos procedementos de garda e custodia de menores supón sometelos a unha terapia coactiva e a unha vulneración dos seus dereitos por parte das institucións que precisamente teñen a función de protexelos”.*<sup>xiii</sup>

Este documento recolle as formulacións expresadas na sentenza da Audiencia provincial de Biscaia antes citada e, entre outras cousas, conclúe:

*“A conduta de rexeitamento dos menores cara o pai tras unha separación pode deberse a diversas causas, algunhas delas nacidas despois da propia ruptura, en canto que outras poden deberse a factores previos á quebra das relacións afectivas que abocan na separación. Identificar todas estas circunstancias como SAP parte dunha concepción estereotipada de base cultural dos roles de homes e mulleres, e implica cargar de intencionalidade e acción supostas condutas da nai para enfrentar os seus fillos e fillas co pai, as cales só se identifican por unha sintomatoloxía que, como apuntamos antes, non se debe habitualmente a estas condutas maternas”.*<sup>xiv</sup>

*“Nos casos nos que se apreciaren problemas de relación e rexeitamento dos fillos e as fillas cara o pai, a primeira aproximación, desde o punto de vista científico, debe ser o descarte de situacións de violencia e a abordaxe do caso como un problema de adaptación ou de relación do menor ou do seu ambiente familiar, e non como unha patoloxía.”*<sup>xv</sup>

Por todo isto considero que nos informes psicolóxicos, periciais e declaracións como testemuñas-peritos ou peritos, no caso de se pensar por parte do/a profesional que existiu manipulación dos/as menores por parte de algún dos proxenitores, non se debería citar como causa do rexeitamento manifestado polos/as fillos/as cara un ou outro proxenitor a suposta Síndrome de Alienación Parental, síndrome que até a data foi rexeitada sen ningún tipo de dúbida pola comunidade científica. E neste caso o Código deontolóxico é claro; no artigo 6 dos principios xerais dísenos:


*“A profesión de Psicólogo/a réxese por principios comúns a toda deontoloxía profesional: respecto á persoa, protección dos dereitos humanos, sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos clientes, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais.”*

## Bibliografía

- <sup>i</sup> Gardner, R. A.: “Legal and psychotherapeutic approaches to the three types of parental alienation syndrome families. When psychiatry and the law join forces”, *Court Review*, 1991, 28, 1 páx. 4-21. Citado en “La construcción teórica del Síndrome de Alienación Parental de Gardner (SAP) como base para cambios judiciales de custodia de menores. Análisis sobre su soporte científico y riesgos de aplicación” AEN 2008. Dispoñíbel en: [www.observatorioviolencia.org/.../DOC1273742537\\_Pronunciamiento\\_SAP\\_AEN.pdf](http://www.observatorioviolencia.org/.../DOC1273742537_Pronunciamiento_SAP_AEN.pdf)
- <sup>ii</sup> Unha “Law Guardian” é un cargo xudicial nos EE.UU que ten como finalidade representar os menores de idade, que intenta salvagardar os seus intereses e proporcionar unha opinión ecuánime no seu nome.
- <sup>iii</sup> Jennifer Hoult, J.D.: “The Evidentiary Admissibility of Parental Alienation Syndrome: Science, Law and Policy”, *Children's Legal Rights Journal* (Spring 2006). American Bar Association. Traducido por: *Brenda Parolini-Blake*. Dispoñíbel en: <http://www.leadershipcouncil.org/docs/Hoult.pdf#search=%22The%20Evidentiary%20Admissibility%20of%20Parental%20Alienation%20Syndrome%3A%20%22>
- <sup>iv</sup> Dallan, S.J.: “The parental alienation syndrome: Is it Scientific?” en St. Charles, E.; Crook, L. (eds) *Expose: The failure of family courts to protect children from abuse in custody disputes*, Los Gatos, CA: Our Children Charitable Foundation; 1999. Dispoñíbel en: <http://www.leadershipcouncil.org/1/res/dallan/3.html> (Ref. de 16 de agosto de 2007)
- <sup>v</sup> Faller, K. C.: “The parental alienation syndrome: What es it what data support it?” *Child maltreatment*, 1998, 3 (2) pp. 100-115, Citado en AEN ob. cit. ref. 1
- <sup>vi</sup> [Profesionais de Medicina e Saúde Mental perante o Fenómeno Psicológico-Legal da Pretendida "Síndrome de Alienación Parental" \(SAP\)](http://firmasmanifiesto.blogspot.com/2007/12/profesionales-de-medicina-y-salud.html). Dispoñíbel en: <http://firmasmanifiesto.blogspot.com/2007/12/profesionales-de-medicina-y-salud.html>
- <sup>vii</sup> AEN: “La construcción teórica del Síndrome de alienación Parental de Gardner (SAP) como base para cambios judiciales de custodia de menores. Análisis sobre su soporte científico y riesgos de aplicación” 2008. Extenso, documentado e interesante documento que analiza e desmonta as bases epistemolóxicas da pretendida SAP.
- <sup>viii</sup> Gardner, Richard A.: *True and false accusations of child sex abuse*. p. 549 (Verdadeiras e Falsas Acusacións de Abuso Sexual Infantil) (1992) Tradución [ao castelán] cedida por Vaccaro, S.
- <sup>ix</sup> Gardner ob. cit. ref. 8 p. 584-585. Tradución [ao castelán] cedida por Vaccaro, S.
- <sup>x</sup> Gardner ob. cit. ref. 8 p. 585. Tradución [ao castelán] cedida por Vaccaro, S.
- <sup>xi</sup> Audiencia Provincial de Biscaia. Sección 6.ª Sentenza n.º 256/08 Dispoñíbel en: <http://www.codigo-civil.org/archives/363>.
- <sup>xii</sup> Sentenza anteriormente citada.
- <sup>xiii</sup> *Guía de criterios de actuación judicial frente a la violencia de género*. Consello Xeral do Poder Xudicial p. 130 2008. Dispoñíbel en: [www.malostratos.org/images/pdf/08%20GUIA%20JUDICIAL.pdf](http://www.malostratos.org/images/pdf/08%20GUIA%20JUDICIAL.pdf)
